



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 31 DE XULLO DE 2025.

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DE SESIÓN ANTERIOR. SESIÓN ORDINARIA DE PLENO DE DÍA 26-06-2025.....	3
2.- DETERMINACIÓN DAS FESTAS LOCAIS NO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O ANO 2026.....	4
3.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN N.º 2 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME RELATIVO ÁS DETERMINACIÓNS NORMATIVAS EN SOLO DE NÚCLEO RURAL.....	6
4.- MODIFICACIÓN N.º 2 DO REGULAMENTO DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME.....	19
5.- PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ ADICIONAL 2/2025. 2ª FASE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.....	78
6.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG. DEFENSA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.....	85
7.- DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN 185/2025 DE MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE 2025.....	90
8.- DAR CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL 200/2025 DE REMISIÓN DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO DE HACIENDA (EXECUCIÓN DO 2º TRIMESTRE DE 2025).....	91
10.- ACTIVIDADES DE CONTROL DE PLENO: MOCIÓNS URGENTES.....	91
11.- ACTIVIDADE DE CONTROL DE PLENO: DAR CONTA RESOLUCIÓNS ALCALDÍA PRESIDENCIA.....	91
9.- ACTIVIDADES DE CONTROL DE PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.....	101
9.1.- PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.....	101
9.2.- ROGOS FORMULADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.....	104
9.3.- PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP.....	104
9.4.- ROGOS FORMULADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP.....	106
REMATE DA SESIÓN.....	106
DILIXENCIA DE APROBACIÓN.....	106





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 31 DE XULLO DE 2025.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

Concelleiros/as:

D^a María Rosario Huertas Garabana (PSdeG-PSOE)

D^a Alejandra Bellón Tenreiro (PSdeG-PSOE)

D. José Simoes Couceiro (PSdeG-PSOE).

D. Isaac Alejandro García Otero. (PSdeG-PSOE).

D^a Ángela Piñeiro Carrera (PSdeG-PSOE).

D^a. Manuela García Fachal (PSdeG-PSOE)

D. Manuel Aaron Curbeira Martínez (BNG)

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro (PP)

D^a Montserrat Pico Rodeiro (PP)

Na sala de sesións da Casa do Concello de Pontedeume, sendo as doce horas e catro minutos do día trinta e un de xullo de dous mil vinte e cinco, xúntanse, en sesión ordinaria Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados/as ao efecto, os concelleiros e concelleiras membros do Pleno do concello relacionados/as á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente, don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria xeral e o Interventor accidental.

A Secretaria xeral:

D^a Ana Ramos Ramos

O Interventor accidental

D. José Luis Sande Vázquez

NON ASISTEN:

D. Daniel Ríos Fernández (PsdeG-PSOE)

D. Joshua Dopico López (PsdeG-PSOE)

D^a María del Rocío Pena Pena (BNG)

A Presidencia abre a sesión.

A secretaria indica que se presenta unha declaración institucional, dando lectura da mesma, antes de proceder a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

O pasado mes de xuño o Pleno da Corporación Municipal de Pontedeume, aprobaba por unanimidade unha declaración institucional de apoio aos traballadores e traballadoras de EINSA PRINT, que incluía os seguintes acordos:

1º.- Amosar todo o apoio dos grupos da corporación do Pleno de Pontedeume aos traballadores/as de Einsa Print.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2º.- Facer un chamamento á empresa EINSA PRINT a retirar este novo ERE e respectar os acordos acadados coas e cos traballadores en 2024, como o compromiso asinado de non executar novos despedimentos nin medidas traumáticas ata decembro de 2026.

3º.- Apoiar as reivindicacións das traballadoras e traballadores da planta de As Pontes e o cumprimento dos acordos aos que cheguen coa dirección da empresa unha vez finalizo o período de consultas e negociacións.

4º.- Trasladar estes acordos ao comité de empresa e ás Consellerías de Emprego e Industria da Xunta de Galicia .

Desgrazadamente, o xoves 24 de xullo e tras semanas de negociacións entre ámbalas dúas partes sen que por parte da dirección da empresa foran atendidas as xustas demandas dos traballadores e traballadoras; dende a Dirección de "Einsa Print", anunciouse a presentación dun expediente de regulación de emprego (ERE), que conlevará o cese definitivo da actividade de artes gráficas na planta ubicada no Polígono de Penapurreira, e polo tanto, o despedimento dun centenar de traballadores e traballadoras, moitas delas veciñas e veciños da nosa Vila.

Por este motivo, dende o Concello de Pontedeume, queremos manifestar o noso rexeitamento ante unha decisión que consideramos inxusta tanto no seu fondo, como nas súas formas, solicitando da dirección da empresa que rectifique a súa postura, retomando as negociacións precisas coa representación sindical dos traballadores e traballadoras, de cara a atopar un punto de acordo que satisfaga a todas as partes, atendendo como é lóxico, ás xustas reivindicacións do persoal da mencionada planta, entre elas, o abono das indemnizacións por despido que sexan aceptadas previamente polo persoal da mesma, nun so pago.

A continuación, procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DE SESIÓN ANTERIOR. SESIÓN ORDINARIA DE PLENO DE DÍA 26-06-2025

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO

LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DE ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

- SESIÓN ORDINARIA DE DÍA 26.06.2025.

Expediente TEdC: 2025/G006/000203

Recibida polas persoas membro do Pleno do Concello, a copia do borrador da acta correspondente á sesión:

- Ordinaria de 26.06.2025 (borrador asinado o día 04.07.2025)





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

- Ordinaria de 26.06.2025 (borrador asinado o día 04.07.2025)

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro".

A presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **POR MAIORÍA DE OITO VOTOS A FAVOR (8)**; dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (6), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D^a M.^a Rosario Huertas Garabana, D^a. Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D^a Manuela García Fachal; do concelleiro do grupo municipal do BNG (1), D. Manuel Aaron Curbeira Martínez; do concelleiro do grupo municipal do PP (1), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro; e **DÚAS ABSTENCIÓNS (2)**, da concelleira do grupo municipal do PSdG-PSOE (1) D^a Ángela Piñeiro Carrera, e da concelleira do grupo municipal do PP (1), D^a. Montserrat Pico Rodeiro, por non estar presentes na sesión cuxo borrador se somete a consideración; o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

- Ordinaria de 26.06.2025 (borrador asinado o día 04.07.2025)

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

2.- DETERMINACIÓN DAS FESTAS LOCAIS NO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O ANO 2026.

A secretaria municipal da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno de día 28.07.2025, que se transcribe a continuación:

«DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: ORDINARIA DE DÍA LUNS 28 DE XULLO DE 2025

EXPDTE: 2025/G012/000014

1. DETERMINACIÓN DAS FESTAS LOCAIS NO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O ANO 2026.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Consta proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO

DETERMINACIÓN DAS FESTAS LOCAIS NO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O ANO 2025

Expediente TEdEC: 2025/X999/000190

O Estatuto dos traballadores recolle no seu artigo 37.2:

...//... As festas laborais, que terán carácter retribuído e non recuperable, non poderán exceder de catorce ao ano, das cales dúas serán locais. ...//...

O Real Decreto 2001/1983, de 28 de xullo sobre regulación da xornada de traballo, xornadas especias e descanso establece no artigo 46

...//... Serán tamén inhábiles para o traballo retribuídos e non recuperables, ata dous días de cada ano natural con carácter de festas locais que por tradición lle sexan propias en cada municipio, determinándose pola autoridade laboral competente- a proposta do Pleno do Concello correspondente- e publicándose no Boletín oficial da Comunidade autónoma e, no seu caso, no Boletín oficial da provincia...//...

Logo de ver o escrito da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, documento con rexistro de entrada núm. 2025900000000854 de día 26.06.2025, cuxo contido se transcribe, en estrato:

...//...Co obxecto de determinar os dous días de cada ano natural que nese concello teñen carácter de festas locais por tradición propia, segundo establecen os artigos 37.2 do Estatuto dos traballadores e o 46 do Real decreto 2001/1983, de 28 de xullo, e ditar a correspondente resolución, solicítolle que envíe a proposta do pleno ou do órgano competente, na que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable dese termo municipal para o vindeiro ano 2026, que deberá remitir a este departamento territorial antes do día 1 de setembro de 2025...//...

Logo de ver a necesidade de determinación por acordo plenario dos días concretos dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable deste termo municipal para o ano 2026, co obxecto de elaboración do calendario laboral.

Esta Alcaldía somete ao Pleno a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

PRIMEIRO.- Determinar como festas locais para o 2026 as seguintes datas:

- Martes 8 de setembro (Festa das Peras)
- Xoves 10 de setembro (Festas das Peras)





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, ao departamento de persoal municipal e á representación sindical do Concello, aos efectos oportunos".

A presidencia abre a quenda para o debate

...//...

Sen intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, **POR MAIORÍA DE SEIS VOTOS A FAVOR (6)**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (5), D. José Simoes Couceiro, D^a M.^a Rosario Huertas Garabana, D^a Alejandra Bellón Tenreiro, D. Daniel Ríos Fernández, e D^a Manuela García Fachal; e do concelleiro do grupo municipal do PP (1), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro; e **UNHA ABSTENCIÓN (1)** do concelleiro do grupo municipal do BNG (1) D. Manuel Aaron Curbeira Martínez».

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións sométese a votación o ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno, quedando **ADOPTADO** por **POR MAIORÍA DE NOVE VOTOS A FAVOR (9)**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (7), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D^a M.^a Rosario Huertas Garabana, D^a Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D^a Ángela Piñeiro Carrera e D^a Manuela García Fachal; do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D^a Montserrat Pico Rodeiro; e **UNHA ABSTENCIÓN (1)** do concelleiro do grupo municipal do BNG (1), D. Manuel Aaron Curbeira Martínez, o **ACORDO seguinte:**

PRIMEIRO.- Determinar como festas locais para o 2026 as seguintes datas:

- Martes 8 de setembro (Festa das Peras)
- Xoves 10 de setembro (Festas das Peras)

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, ao departamento de persoal municipal e á representación sindical do Concello, aos efectos oportunos.

3.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN N.º 2 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME RELATIVO ÁS DETERMINACIÓNS NORMATIVAS EN SOLO DE NÚCLEO RURAL





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A secretaria municipal da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno de día 28.07.2025, que se transcribe a continuación:

«DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: ORDINARIA DE DÍA LUNS 28 DE XULLO DE 2025

EXPDTE: 2025/G012/000014

2. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN N.º 2 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME RELATIVO ÁS DETERMINACIÓNS NORMATIVAS EN SOLO DE NÚCLEO RURAL.

Consta proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO

APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN N.º 2 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME RELATIVO ÁS DETERMINACIÓNS NORMATIVAS EN SOLO DE NÚCLEO RURAL

(Expediente TEdC: 2020/U032/000002 – 2025/G006/000200)

Logo de ver o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) para o concello de Ponte deume aprobado definitivamente pola Orde do 27 de maio de 2016 asinada pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Dña. María Encarnación Rivas Díaz. Segundo o art. 82 da LSG, con data de publicación no DOGA de 8 de setembro de 2016 publicouse a ORDE de 27 de maio de 2016 de aprobación definitiva do PXOM de Ponte deume; con data de publicación no DOGA de 23 de setembro de 2016 publicouse a CORRECCIÓN DA ORDE de 27 de maio de 2016 de aprobación definitiva do PXOM de Ponte deume; con data de publicación no BOP de 6 de outubro de 2016 publicouse a Normativa e Ordenanzas no PXOM.

Con data de rexistro de entrada no concello do 30.08.2017 (nre 4702) (expte TEdC 2017/U017/000006) documento análise de diagnóstico das posibles modificacións da normativa urbanística do PXOM de Ponte deume

Consta Borrador do Plan para "Modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación municipal de Ponte deume relativo ás determinacións normativas en solo de núcleo rural" e solicitude de inicio do proceso de avaliación ambiental simplificada redactado en xullo 2018, con data de rexistro de entrada no concello 01.10.2018 (nre 4448).

Logo de ver a Resolución do 21 de marzo de 2019 da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático pola que se formula Informe Ambiental Estratéxico no que conclúe "(...) **non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal de Ponte deume relativo ás determinacións normativas en solo de núcleo rural**

(...)





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A resolución perderá a súa vixencia e cesará na produción dos efectos que lle son propios se, unha vez publicada no Diario Oficial de Galicia, non se aprobase a Modificación no prazo máximo de catro anos dende a súa publicación (...). Consta anuncio de publicación no DOG núm.73 do 15.04.2019.

Consta Documento de Aprobación Inicial redactado en febreiro de 2021 con data de rexistro de entrada no concello do 04.03.2021 (nre 202100000000354).

Constan os seguintes informe sectoriais de solicitude previa á aprobación inicial das modificacións dos plans xerais de ordenación municipal en virtude do establecido no Anexo II do RLSG:

- *Informe da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo do 22.10.2021 en materia de costas, con data de rexistro de entrada no concello 26.10.2021 (Nre 20219000001442).*
- *Informe de Consellería de Infraestruturas e Mobilidade do 10.12.2021 sobre sevidumes acústicas con data de rexistro de entrada no concello do 13.12.2021 (nre 202190000001653).*
- *Informe da Consellería do Medio Rural. Servizo de Montes da Coruña do 16.12.2021 con data de rexistro de entrada no concello 20.12.2021 (nre 202190000001692)*
- *Informe do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana. Dirección General de Carreteras do 12.09.2023 con data de rexistro de entrada no concello do 13.09.2023 (nre 202390000001264)*
- *Informe do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana. Dirección General de Aviación Civil do 22.09.2023 con data de rexistro de entrada no concello do 03.10.2023 (nre 202390000001338)*
- *Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Dirección General de Patrimonio Cultural y Bellas Artes do 22.04.2024 con data de rexistro de entrada no concello do 26.04.2024 (nre 202490000000597)*
- *Informe de Augas de Galicia do 26.06.2024 con data de rexistro de entrada no concello do 03.07.2024 (nre 202490000000880)*
- *Informe do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico. Dirección General de la Costa y el Mar do 02.12.2024 con data de rexistro de entrada no concello 03.12.2024 (nre 202490000001635).*
- *Informe do Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible. Dirección General del Sector Ferroviario do 13.12.2024 con data de rexistro de entrada no concello do 13.12.2024*

Con data de rexistro de entrada no concello do 31.10.2024 (nre 202490000001448) recíbese Acordo de Prórroga da Vixencia do Informe Ambiental Estratéxico de data 31.11.2024 no que se acorda "Prorrogar por un prazo máximo de dous anos a vixencia do informe ambiental





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

estratéxico relativo á Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal relativo ás determinacións normativas en solo de núcleo rural do concello de Ponte deume. Este prazo empezará a contar o 15.4.2025.”.

Logo de ver o Documento de aprobación inicial de “Modificación puntual do PXOM de Ponte deume relativa ás determinacións normativas en solo de núcleo rural” redactado en novembro de 2024 con data de rexistro de entrada no Concello 15.11.2024 (nre 202499900002194)

Consta informe da arquitecta municipal asinado o día 31.12.2024 no que se solicitan subsanacións

Con data de rexistro de entrada no Concello 26.02.2025 (nre 202599900000305) presentase Documento de aprobación inicial de “Modificación puntual do PXOM de Ponte deume relativa ás determinacións normativas en solo de núcleo rural” redactado en febreiro de 2025.

Consta informe da arquitecta municipal asinado o día 26.02.2025

Consta informe xurídico asinado o día 28.02.2025 no que se requiren subsanacións

Logo de ver a modificación da vixente Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia a través do apartado dez do artigo 81 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 31.12.2024 e vixencia dende o día 01.01.2025), no que se introduce o concepto de modificación non substanciais do planeamento urbanístico nos supostos de escasa entidade e alcance reducido, e cando se cumpran os requisitos que establece o artigo 83.5 do dito texto normativo, establecendo para os ditos supostos a tramitación dun procedemento simplificado segundo os artigos 16 a 18 da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración.

Logo de ver o Documento de aprobación inicial de “Modificación puntual do PXOM de Ponte deume relativa ás determinacións normativas en solo de núcleo rural” redactado en marzo de 2025 con data de rexistro de entrada no Concello 13.03.2025 (nre 202599900000398)

Consta informe da arquitecta municipal asinado o día 27.03.2025 no que se informa, entre outros, a presente modificación do planeamento xeral do concello como non substancial.

Logo de ver o informe da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade do 10.04.2025 sobre a innecesariedade de someter a avaliación ambiental estratéxica da Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal de Ponte deume relativo ás determinacións normativa en solo de núcleo rural.

Logo de ver Documento de aprobación inicial de “Modificación puntual do PXOM de Ponte deume relativa ás determinacións normativas en solo de núcleo rural” redactado en maio de 2025 con data de rexistro de entrada no Concello 21.05.2025 (nre 202599900000796).

Consta Informe técnico da arquitecta municipal asinado o 22.05.2025 sobre a conformidade do plan coa lexislación vixente.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Consta Informe xurídico asinado pola secretaria accidental o día 20.06.2025 sobre a conformidade do plan coa lexislación vixente.

Consta Informe da Intervención municipal Ref núm. 190/2025 asinado o día 15.07.2025

Considerando a lexislación urbanística aplicable ao presente expediente, isto é os artigos 45 a 47, 51 a 62, 65 a 69, 82 a 90 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia; os artigos 103 a 147, 157 a 176, 185, 199 a 217 do Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro; os artigos 16 a 18 da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración, e demais normativa concordante.

Considerando o establecido no artigo 21, 22.2.c) e 47.2 II) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e normativa concordante.

Esta Alcaldía-Presidencia, propón ao Pleno do concello, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a “Modificación puntual nº 2 do PXOM de Pontedeume relativa ás determinacións normativas en solo de núcleo rural”, nos termos contidos na redacción proposta no Documento de aprobación inicial redactado por Monteoliva Arquitectura, SLP e asinado dixitalmente polo arquitecto Ángel Luis Monteoliva Díaz en data 21.05.2025 e con data de rexistro de entrada no concello do 21.05.2025 (nre 20259990000796), que a modo de resumo son as que a continuación se indican, segundo o recollido na memoria xustificativa:

“Proponse os seguintes cambios no Título VII:

- Apartado 7.1. DISPOSICIÓNS XERAIS PARA O SOLO DE NÚCLEO RURAL, puntos 1,2 e 3.

Adaptación ao réxime previsto na Lei do solo de Galicia, coa puntualización da existencia de maiores limitacións do Plan Xeral.

No punto 2, onde di “licenza” deberá dicir “título habilitante”.

No punto 3, farase referencia aos artigos 39 e 40 do RLSC.

- Apartado 7.2.1. RÉXIME XERAL DE ACTUACIÓNS E USOS EN NÚCLEOS RURAIS, puntos 1, 2 e 3.

Adaptación ao réxime previsto na Lei do solo de Galicia, coa puntualización da existencia de maiores limitacións do Plan Xeral.

No punto 2, farase referencia aos tipos de actuacións: obras nas edificacións existentes en xeral, parcelacións, novas edificacións e demolicións.

No punto 3, farase referencia que a conservación das construcións tradicionais e o fomento da rehabilitación estendese á totalidade do solo de núcleo rural. Esta determinación aplicarase non so ás edificacións tradicionais, senón en xeral a todo tipo de construcións tradicionais e arquitecturas do territorio.

- Apartado 7.2.1.1. Regulación dos usos compatibles

Proponse a incorporación de usos compatibles, inicialmente non previstos, mais, necesarios para a correcta funcionalidade dos núcleos, mesmo a supresión doutros, entre eles:

- Comercio, incorpórase categorías 1ª e 2ª, de superficie non superior aos 300 m2.
- Industrial, suprímese este uso en situación “C”.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- Sanitario, incorpórase a categoría 8ª de superficie non superior a 500 m2.
- Deportivo, incorpóranse as categorías 11ª e 12ª.
- Servizos públicos, incorpórase a categoría 18ª
- Infraestruturas básicas, incorpórase este uso.

– Creación dun novo apartado 7.2.1.2 Actuacións incompatibles

Proponse facer referencia expresa ao contido do artigo 26 da LSG e 40 do RLSG, onde defínense as actuacións incompatibles en solo de núcleo rural.

– Apartado 7.2.2. CONDICIÓN XERAIS DE ORDENACIÓN E EDIFICACIÓN

Proponse a adaptación á LSG das referencias dos art. 29 e 104 da LOUGA.

Proponse eliminar as determinacións contrarias ao artigo 40 da LSG Edificacións existentes de carácter tradicional.

Proponse unha nova redacción dos parágrafos segundo ao oito, de xeito que se regulen as excepcións respecto á edificación en parcela inferior á mínima e sen fronte mínimo, así mesmo, respecto á ocupación máxima e á edificabilidade.

Proponse especificar que a esixencia de parcela mínima (aos efectos de edificación ou parcelación) referirase sempre á parcela neta ou parcela edificable.

Canto ás aliñacións e peches, farase referencia ao contido do art. 4.9.1. da Normativa.

Proponse ampliar as excepcións ao cumprimento da condición de situación da edificación na parcela. Esta alteración resulta necesaria xa que existen múltiples condicionantes físicos e naturais (pendente do terreo, existencia de elementos naturais ou construídos, etc.) que dificultan o cumprimento desta determinación orixinal.

En relación ao límite de 300 m2 en concepto de superficie máxima edificable, proponse ampliar dito límite ata os 500 m2 construídos, xa que a limitación orixinal dificulta a implantación dun programa de vivenda completo para unha vivenda unifamiliar no medio rural.

A excepción desta limitación para uso hoteleiro procede que sexa ampliada a calquera uso non residencial dos permitidos ou compatibles, xa que é evidente que edificacións destinadas a usos terciarios, dotacionais ou industriais compatibles, poden precisar de máis superficie construída.

En relación a altura máxima, proponse unha nova redacción adaptada ao contido previsto na LSG.

En relación á cuberta e ao aproveitamento baixo cuberta, proponse a corrección do parágrafo que fai referencia á pendente en %, pasando o límite de pendente máxima de 40% a 35%, consonte ao sistema de medición empregado nas condicións xerais (considérase que a referencia ao 40% é un erro, cando quería dicir 40°). Suprímese o límite de exceso de altura do 25% en edificacións tradicionais, xa que o destino destas é a súa conservación.

Proponse a corrección do apartado adicado aos voos, no senso de regular os voos que sobresaen da aliñación ou sobre a liña de edificación mínima. Mesmo establecer a determinación do deber de conservar os voos tradicionais en vez da posibilidade.

– Apartado 7.3.1. ORDENANZA DE EDIFICACIÓN DE NÚCLEO RURAL HISTÓRICO-TRADICIONAL

En relación ao punto 3, condicións básicas da edificación non especificadas nas xerais, proponse a corrección e puntualización dos parámetros facendo referencia ás excepcións do apartado 7.2.2.

– Apartado 7.3.2. ORDENANZA DE EDIFICACIÓN DE NÚCLEO RURAL COMÚN

No punto 2, proponse corrixir o erro e suprimir o texto “se o planeamento o permite”.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

No punto 3, condicións básicas da edificación non especificadas nas xerais, propónse a corrección e puntualización dos parámetros facendo referencia ás excepcións do apartado 7.2.2.

– Apartado 7.4. **CONDICIÓN XERAIS PARA AS ACTUACIÓNS DE PLANEAMENTO OU XESTIÓN**

Propónse adaptar o contido deste apartado ao contido da Lei do solo de Galicia, suprimindo a referencia aos Plans Especiais de Ordenación de Núcleo Rural (figura de planeamento que xa non existe) e adaptando as referencias dos indicadores para a redacción de planeamento de desenvolvemento.

Outros artigos da normativa fora do Título VII **NORMAS PARTICULARES EN SOLO DE NÚCLEO RURAL** serán modificados ou excepciónados xa que están moi relacionados coa ordenación dos núcleos rurais. É o caso do artigo 4.2.3. **CERRAMENTOS E PECHES DE PARCELAS** onde actualmente permítese en determinada circunstancia a realización de peches opacos de ata 2,00 metros de altura, cousa inadecuada e que compre corrixir."

SEGUNDO.- Someter o documento a información pública durante un prazo de un mes, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Así mesmo, estará a disposición na sede electrónica deste concello (taboleiro electrónico: <https://sede.pontedeume.gal/>).

TERCEIRO.- Trasladar a documentación ao órgano competente en materia de urbanismo que dará audiencia aos municipios limítrofes e solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos, que deberán emitirse no prazo de un mes, transcorrido o cal se entenderán emitidos con carácter favorable. No caso dos concellos limítrofes, a non contestación no prazo referido entenderase no sentido de que non se formulan obxeccións ao plan.

Cumprimentados os trámites anteriores, o órgano competente en materia de urbanismo remitirá ao concello o resultado, podendo continuarse o procedemento.

CUARTO.- Simultaneamente ao trámite de información pública, solicitar das Administracións públicas competentes os informes sectoriais necesarios, segundo o recollido no ANEXO II do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, aprobado mediante Decreto 143/2016, do 22 de setembro e segundo o informe da arquitecta municipal do 22.05.2025, sendo os que a continuación se relacionan:

- Informe da Delegación do Goberno. Disposición adicional segunda da Lei 13/2003, do 23 de maio, reguladora do contrato de concesión de obras públicas, artigo 5 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, artigo 5 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e artigo 68 do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural.
- Informe da confederación hidrográfica sobre cuxas bacías se estenda o termo municipal. Artigo 25.4 do RDL 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas, e artigo 22.3 do RDL 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- Informe do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo. Artigo 35 da Lei 9/2014, do 9 de maio, de telecomunicacións.
- Informe da Axencia Galega de Infraestruturas. Artigo 23.2 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e artigo 42 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
- Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Artigo 34.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- Informe de Augas de Galicia. Artigo 39 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, e artigo 43 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
- Informe da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental. Artigo 47 da Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia, e artigo 46 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
- Informe da Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal. Artigo 66 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, e artigo 44 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas e 39 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes. Informe da Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal.
- Informe do Instituto de Estudos do Territorio. Artigo 7 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e artigo 47 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
- Informe da Deputación Provincial. Artigo 23.2 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e artigo 42 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
- Remisión á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, para que valore a necesidade de solicitar o Informe da Comisión Galega de Protección Civil. Disposición adicional quinta da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.
- Informe da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental. Artigo 14 do Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de ordenación do litoral de Galicia. Artigo 102 do Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de ordenación do litoral de Galicia, e artigo 50 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
- Informe do Consello Autonómico para a Promoción da Accesibilidade e a Supresión de Barreiras. Artigo 16 do Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia e artigo 49 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
- Informe do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente. Artigo 117.2 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas. Artigo 24.2.b) do Decreto 158/2005, do 2 de xuño, de competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

QUINTO.- De conformidade co establecido no artigo 47 da LSG e 86 e LAG e o establecido no informe técnico do 22.05.2025, determinar a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas para usos e obras industriais categoría 1ª situación C e a categoría 2ª situación C, cunha duración máxima de dous anos, a contar dende a dita aprobación inicial e extinguíndose, en calquera caso, coa aprobación definitiva do planeamento.

As áreas afectadas pola presente suspensión circunscríbense ao solo de núcleo rural

A expresión gráfica do ámbito queda reflectida no Plano que se xunta no documento RESUMO EXECUTIVO, baixo o concepto de "Ámbito de alteración do planeamento".

No entanto, o Pleno adoptará o acordo que estime pertinente".

A presidencia abre a quenda para o debate

...//...

Sen máis intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, **POR MAIORÍA DE CINCO VOTOS A FAVOR (5)**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (5), D. José Simoes Couceiro, D^a M.^a Rosario Huertas Garabana, D^a. Alejandra Bellón Tenreiro, D. Daniel Ríos Fernández, e D^a Manuela García Fachal; e **DÚAS ABSTENCIÓNS (2)** do concelleiro do grupo municipal do BNG (1) D. Manuel Aaron Curbeira Martínez e do concelleiro do grupo municipal do PP (1), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro».

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra don **Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do grupo municipal do BNG** para preguntar cal é o prazo para que entre en vigor esta modificación; e se ten que volver a pleno.

Indica o **Sr. Presidente** para dicir que tamén hai informes de AENA, ADIF e COSTAS, organismos estatais que si se soen demorar, di que os trámites relacionados co planeamento son moi farragosos e levan moito tempo.

Sen máis intervencións sométese a votación o ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno, quedando **ADOPTADO** por **POR MAIORÍA DE NOVE VOTOS A FAVOR (9)**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (7), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D^a M.^a Rosario Huertas Garabana, D^a.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D^a Ángela Piñeiro Carrera e D^a Manuela García Fachal; do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D^a Montserrat Pico Rodeiro; e **UNHA ABSTENCIÓNS (1)** do concelleiro do grupo municipal do BNG (1), D. Manuel Aaron Curbeira Martínez, o **ACORDO seguinte:**

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a “Modificación puntual nº 2 do PXOM de Ponte deume relativa ás determinacións normativas en solo de núcleo rural”, nos termos contidos na redacción proposta no Documento de aprobación inicial redactado por Monteoliva Arquitectura, SLP e asinado dixitalmente polo arquitecto Ángel Luis Monteoliva Díaz en data 21.05.2025 e con data de rexistro de entrada no concello do 21.05.2025 (nre 202599900000796), que a modo de resumo son as que a continuación se indican, segundo o recollido na memoria xustificativa:

“Proponse os seguintes cambios no Título VII:

- Apartado 7.1. DISPOSICIÓNS XERAIS PARA O SOLO DE NÚCLEO RURAL, puntos 1,2 e 3.

Adaptación ao réxime previsto na Lei do solo de Galicia, coa puntualización da existencia de maiores limitacións do Plan Xeral.

No punto 2, onde di “licenza” deberá dicir “título habilitante”.

No punto 3, farase referencia aos artigos 39 e 40 do RLSG.

- Apartado 7.2.1. RÉXIME XERAL DE ACTUACIÓNS E USOS EN NÚCLEOS RURAIS, puntos 1, 2 e 3.

Adaptación ao réxime previsto na Lei do solo de Galicia, coa puntualización da existencia de maiores limitacións do Plan Xeral.

No punto 2, farase referencia aos tipos de actuacións: obras nas edificacións existentes en xeral, parcelacións, novas edificacións e demolicións.

No punto 3, farase referencia que a conservación das construcións tradicionais e o fomento da rehabilitación estendese á totalidade do solo de núcleo rural. Esta determinación aplicarase non so ás edificacións tradicionais, senón en xeral a todo tipo de construcións tradicionais e arquitecturas do territorio.

- Apartado 7.2.1.1. Regulación dos usos compatibles

Proponse a incorporación de usos compatibles, inicialmente non previstos, mais, necesarios para a correcta funcionalidade dos núcleos, mesmo a supresión doutros, entre eles:

- Comercio, incorpórase categorías 1^a e 2^a, de superficie non superior aos 300 m2.
- Industrial, suprímese este uso en situación “C”.
- Sanitario, incorpórase a categoría 8^a de superficie non superior a 500 m2.
- Deportivo, incorpóranse as categorías 11^a e 12^a.
- Servizos públicos, incorpórase a categoría 18^a
- Infraestruturas básicas, incorpórase este uso.

- Creación dun novo apartado 7.2.1.2 Actuacións incompatibles

Proponse facer referencia expresa ao contido do artigo 26 da LSG e 40 do RLSG, onde defínense as actuacións incompatibles en solo de núcleo rural.

- Apartado 7.2.2. CONDICIÓN XERAIS DE ORDENACIÓN E EDIFICACIÓN





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Proponse a adaptación á LSG das referencias dos art. 29 e 104 da LOUGA.

Proponse eliminar as determinacións contrarias ao artigo 40 da LSG Edificacións existentes de carácter tradicional.

Proponse unha nova redacción dos parágrafos segundo ao oito, de xeito que se regulen as excepcións respecto á edificación en parcela inferior á mínima e sen fronte mínimo, así mesmo, respecto á ocupación máxima e á edificabilidade.

Proponse especificar que a esixencia de parcela mínima (aos efectos de edificación ou parcelación) referirase sempre á parcela neta ou parcela edificable.

Canto ás aliñacións e peches, farase referencia ao contido do art. 4.9.1. da Normativa.

Proponse ampliar as excepcións ao cumprimento da condición de situación da edificación na parcela. Esta alteración resulta necesaria xa que existen múltiples condicionantes físicos e naturais (pendente do terreo, existencia de elementos naturais ou construídos, etc.) que dificultan o cumprimento desta determinación orixinal.

En relación ao límite de 300 m2 en concepto de superficie máxima edificable, proponse ampliar dito límite ata os 500 m2 construídos, xa que a limitación orixinal dificulta a implantación dun programa de vivenda completo para unha vivenda unifamiliar no medio rural.

A excepción desta limitación para uso hoteleiro procede que sexa ampliada a calquera uso non residencial dos permitidos ou compatibles, xa que é evidente que edificacións destinadas a usos terciarios, dotacionais ou industriais compatibles, poden precisar de máis superficie construída.

En relación a altura máxima, proponse unha nova redacción adaptada ao contido previsto na LSG.

En relación á cuberta e ao aproveitamento baixo cuberta, proponse a corrección do parágrafo que fai referencia á pendente en %, pasando o límite de pendente máxima de 40% a 35%, consonte ao sistema de medición empregado nas condicións xerais (considérase que a referencia ao 40% é un erro, cando quería dicir 40°). Suprímese o límite de exceso de altura do 25% en edificacións tradicionais, xa que o destino destas é a súa conservación.

Proponse a corrección do apartado adicado aos voos, no senso de regular os voos que sobresaen da aliñación ou sobre a liña de edificación mínima. Mesmo establecer a determinación do deber de conservar os voos tradicionais en vez da posibilidade.

– Apartado 7.3.1. ORDENANZA DE EDIFICACIÓN DE NÚCLEO RURAL HISTÓRICO-TRADICIONAL

En relación ao punto 3, condicións básicas da edificación non especificadas nas xerais, proponse a corrección e puntualización dos parámetros facendo referencia ás excepcións do apartado 7.2.2.

– Apartado 7.3.2. ORDENANZA DE EDIFICACIÓN DE NÚCLEO RURAL COMÚN

No punto 2, proponse corrixir o erro e suprimir o texto “se o planeamento o permite”.

No punto 3, condicións básicas da edificación non especificadas nas xerais, proponse a corrección e puntualización dos parámetros facendo referencia ás excepcións do apartado 7.2.2.

– Apartado 7.4. CONDICIÓN XERAIS PARA AS ACTUACIÓNS DE PLANEAMENTO OU XESTIÓN

Proponse adaptar o contido deste apartado ao contido da Lei do solo de Galicia, suprimindo a referencia aos Plans Especiais de Ordenación de Núcleo Rural (figura de planeamento que xa





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

non existe) e adaptando as referencias dos indicadores para a redacción de planeamento de desenvolvemento.

Outros artigos da normativa fora do Título VII NORMAS PARTICULARES EN SOLO DE NÚCLEO RURAL serán modificados ou excepciónados xa que están moi relacionados coa ordenación dos núcleos rurais. É o caso do artigo 4.2.3. CERRAMENTOS E PECHES DE PARCELAS onde actualmente permítese en determinada circunstancia a realización de peches opacos de ata 2,00 metros de altura, cousa inadecuada e que compre corrixir.”

SEGUNDO.- Someter o documento a información pública durante un prazo de un mes, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Así mesmo, estará a disposición na sede electrónica deste concello (taboleiro electrónico: <https://sede.pontedeume.gal>).

TERCEIRO.- Trasladar a documentación ao órgano competente en materia de urbanismo que dará audiencia aos municipios limítrofes e solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos, que deberán emitirse no prazo de un mes, transcorrido o cal se entenderán emitidos con carácter favorable. No caso dos concellos limítrofes, a non contestación no prazo referido entenderase no sentido de que non se formulan obxeccións ao plan.

Cumprimentados os trámites anteriores, o órgano competente en materia de urbanismo remitirá ao concello o resultado, podendo continuarse o procedemento.

CUARTO.- Simultaneamente ao trámite de información pública, solicitar das Administracións públicas competentes os informes sectoriais necesarios, segundo o recollido no ANEXO II do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, aprobado mediante Decreto 143/2016, do 22 de setembro e segundo o informe da arquitecta municipal do 22.05.2025, sendo os que a continuación se relacionan:

- Informe da Delegación do Goberno. Disposición adicional segunda da Lei 13/2003, do 23 de maio, reguladora do contrato de concesión de obras públicas, artigo 5 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, artigo 5 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e artigo 68 do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural.
- Informe da confederación hidrográfica sobre cuxas bacías se estenda o termo municipal. Artigo 25.4 do RDL 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas, e artigo 22.3 do RDL 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana.
- Informe do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo. Artigo 35 da Lei 9/2014, do 9 de maio, de telecomunicacións.
- Informe da Axencia Galega de Infraestruturas. Artigo 23.2 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e artigo 42 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Artigo 34.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- Informe de Augas de Galicia. Artigo 39 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, e artigo 43 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
- Informe da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental. Artigo 47 da Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia, e artigo 46 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
- Informe da Dirección Xeral de Ordenación e Produción Forestal. Artigo 66 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, e artigo 44 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas e 39 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes. Informe da Dirección Xeral de Ordenación e Produción Forestal.
- Informe do Instituto de Estudos do Territorio. Artigo 7 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e artigo 47 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
- Informe da Deputación Provincial. Artigo 23.2 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e artigo 42 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
- Remisión á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, para que valore a necesidade de solicitar o Informe da Comisión Galega de Protección Civil. Disposición adicional quinta da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.
- Informe da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental. Artigo 14 do Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de ordenación do litoral de Galicia. Artigo 102 do Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de ordenación do litoral de Galicia, e artigo 50 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
- Informe do Consello Autonómico para a Promoción da Accesibilidade e a Supresión de Barreiras. Artigo 16 do Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia e artigo 49 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
- Informe do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente. Artigo 117.2 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas. Artigo 24.2.b) do Decreto 158/2005, do 2 de xuño, de competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

QUINTO.- De conformidade co establecido no artigo 47 da LSG e 86 e LAG e o establecido no informe técnico do 22.05.2025, determinar a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas para usos e obras industriais categoría 1ª situación C e a categoría 2ª situación C, cunha duración máxima de dous anos, a contar dende a dita aprobación inicial e extinguíndose, en calquera caso, coa aprobación definitiva do planeamento.

As áreas afectadas pola presente suspensión circunscribíbense ao solo de núcleo rural





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A expresión gráfica do ámbito queda reflectida no Plano que se xunta no documento RESUMO EXECUTIVO, baixo o concepto de "Ámbito de alteración do planeamento".

4.- MODIFICACIÓN Nº 2 DO REGULAMENTO DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME.

A secretaria municipal da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno de día 28.07.2025, que se transcribe a continuación:

«DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO
SESIÓN: ORDINARIA DE DÍA LUNS 28 DE XULLO DE 2025
EXPDTE: 2025/G012/000014

3. MODIFICACIÓN Nº 2 DO REGULAMENTO DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME.

Consta proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Expediente de proposta: 2025/G006/000156

MODIFICACIÓN Nº 2 DO REGULAMENTO DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME.
(Expediente: 2025/G014/000001)

ANTECEDENTES

Logo de ver o "Regulamento do Mercado Municipal de Ponte deume", aprobado inicialmente polo Pleno do Concello en sesión extraordinaria celebrada o 11 de outubro de 2019, publicándose a súa aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 9 de 15.01.2020.

En sesión ordinaria celebrada o día 25 de marzo de 2021, o Pleno do Concello adoptou o acordo relativo á "Modificación nº 1 do Regulamento do Mercado Municipal de Ponte deume", publicándose a súa aprobación definitiva no BOP nº 103 de 03.06.2021.

Tendo en conta a relación de postos que figura no documento "Anteproxecto plan de usos Mercado Municipal de Ponte deume", de data 08.08.2019 e que no vixente "Regulamento do Mercado Municipal de Ponte deume" non se atopa incluído o posto nº 1 Gastrobar e sendo necesaria a súa inclusión, logo de terse extinguida a súa concesión e facerse necesaria a súa licitación logo do correspondente procedemento de licitación.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Tendo en conta o cálculo do valor do canon a utilizar nas concesións administrativas para o Mercado de Ponte deume, documento de data 20.09.2019.

Logo de ver a proposta da Alcaldía asinada o día 18.07.2025 na que se xustifica a modificación e propónse a modificación dos artigos 19 e 21 do actual Regulamento do Mercado Municipal de Ponte deume, nos termos que na mesma se recollen.

Tendo como único obxecto a presente modificación o de completar a relación dos postos existentes no Mercado municipal e que poderán ser obxecto de ocupación e que o cálculo do canon concesional se ten realizado segundo a normativa de aplicación, considérase que concorren no presente caso os supostos de omisión a consulta pública regulada no artigo 133.1 LPAC, ao non ter a proposta normativa un impacto significativo na actividade económica, non impoñer obrigas relevantes aos destinatarios e regular aspectos parciais dunha materia.

Visto o informe da Secretaría Xeral de data 21.07.2025.

Co fin de garantir a totalidade dos dereitos e intereses xerais afectados considera esta Alcaldía que é conveniente que se esgoten as vías de participación cidadá na fase de información pública, para ter coñecemento das consideracións dos potenciais interesados ao respecto, de ahi que se dará audiencia aos cidadáns polo prazo de 30 días, solicitando a opinión das organización ou asociación que agrupan ou representan os dereitos e intereses afectados pola norma, e cuxos fines garden relación directa co seu obxecto.

Tendo en conta o que antecede, e en virtude das facultades legalmente previstas, **PROPOÑO**:

PRIMEIRO. - Proponse a modificación dos artigos 19 e 21 do actual Regulamento do Mercado Municipal de Ponte deume, nos seguintes termos:

Artigo 19.- Procedemento de selección dos concesionarios

Modificar os cadros do apartado A. Criterios cuantificables automaticamente, do artigo 19.4, do "Regulamento do Mercado Municipal de Ponte deume" introducindo o posto nº 1, conforme ao seguinte:

A. Criterios cuantificables automaticamente

— Maior canon ofrecido: Ata un máximo de 60 puntos.

Nº LOCAL (E ALMACÉN ASIGNADO)	TOTAL M2	CANON MÍNIMO
1	27,62	2.406,04
2	42,10	3.667,43
3	42,19	3.675,27
4	25,25	2.199,59
5	33,55	2.922,62
6	33,22	2.893,87
7	10,33	900,09





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

8	10,33	900,09
9	26,12	2.275,37
10	25,79	2.246,63
11	16,70	1.454,78
12	10,33	900,09
13	10,33	900,09
14	20,48	2.304,12
15	25,46	2.217,88
16	24,30	2.116,83

Por cada 1,75% que o licitador ofrezca sobre o canon mínimo, outorgarase 1 punto, ata un máximo de 60, conforme ao seguinte:

Nº LOCAL (E ALMACÉN ASIGNADO)	TOTAL M2	Canon mínimo	1 punto	2 puntos	(...)	60 puntos	CANON MÁXIMO TOTAL
1	27,62	2.406,04	42,11	84,21		2.526,60	4.932,64
2	42,10	3.667,43	64,18	128,36		3.850,80	7.518,23
3	42,19	3.675,27	64,32	128,64		3.859,20	7.534,47
4	25,25	2.199,59	38,49	76,98		2.309,40	4.508,99
5	33,55	2.922,62	51,15	102,30		3.069	5.991,62
6	33,22	2.893,87	50,64	101,30		3.038,40	5.932,27
7	10,33	900,09	15,75	31,50		945	1.845,09
8	10,33	900,09	15,75	31,50		945	1.845,09
9	26,12	2.275,37	39,82	79,64		2.389,20	4.664,57
10	25,79	2.246,63	39,32	78,64		2.359,20	4.605,83
11	16,70	1.454,78	25,46	50,92		1.527,60	2.982,38
12	10,33	900,09	15,75	31,50		945	1.845,09
13	10,33	900,09	15,75	31,50		945	1.845,09
14	20,48	2.304,12	40,32	80,64		2.419,20	4.723,32
15	25,46	2.217,88	38,81	77,62		2.328,60	4.546,48





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

16	24,30	2.116,83	37,04	74,08		2.222,40	4.339,23
----	-------	----------	-------	-------	--	----------	----------

Artigo 21.- Traspasos e cesións das concesións administrativas e dos dereitos de uso

Modificar o cadro do artigo 21.4 do Regulamento do Mercado Municipal de Ponte deume", introducindo o posto nº 1 Gastrobar, conforme ao seguinte:

...//...

A relación de postos cos correspondentes almacéns obxecto de ocupación é a seguinte:

Nº	USO	M2 LOCAL	Nº ALMACÉN	M2 ALMACÉN	M2 TOTAIS
1	GASTROBAR	17,62	1	10	27,62
2	PEIXERÍA	35,24	2	6,86	42,10
3	PEIXERÍA	35,24	3	6,95	42,19
4	PEIXERÍA	17,98	4	7,27	25,25
5	CARNICERÍA	26,93	5	6,62	33,55
6	CARNICERÍA	26,93	6	6,29	33,22
7	PRODUTOS LOCAIS	8,35	0	1,98	10,33
8	PRODUTOS LOCAIS	8,35	0	1,98	10,33
9	FROITERÍA	20,48	9	5,64	26,12
10	FLORISTERÍA	20,48	10	5,31	25,79
11	PANADERÍA	16,70			16,70
12	PRODUTOS LOCAIS	8,35	0	1,98	10,33
13	PRODUTOS LOCAIS	8,35	0	1,98	10,33
14	FROITERÍA	20,48	14	5,97	26,45
15	CHACINERÍA	20,48	15	4,98	25,46
16	ALIMENTACIÓN ECOLÓXICA	16,70	16	7,60	24,30

SEGUNDO.- Determinar o contido do texto refundido do Regulamento do Mercado Municipal de Ponte deume, resultante da modificación proposta, segundo se indica:

REGULAMENTO DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME

PREÁMBULO

A apertura do Mercado Municipal de Ponte deume, edificio rehabilitado na súa totalidade, é unha competencia de prestación de servizo público de mercado, de acordo co regulado no artigo 25.2.I da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

O Mercado Municipal de Ponte deume é un punto estratéxico na memoria e difusión dos produtos de proximidade e da gastronomía; é un centro de venda directa ó público, de carácter permanente, a finalidade do cal é:





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

-Asegurar o abastecemento de artigos da primeira necesidade e favorecer a súa competencia en prezos de competencia e calidade. Tamén forma parte deste servizo a venda dos produtos baixo calquera forma de transformación ou manipulación autorizada, cumprindo tódalas normativas aplicables e especialmente a normativa de seguridade alimentaria, realizada nas mesmas instalacións do mercado e fora deste.

-Ser un equipamento que facilite formas de venda alternativas baseadas na venda personalizada, a calidade do produto e o servizo.

-Canalizar as producións agroalimentarias da bisbarra.

-Formar unha concentración comercial e ser un espazo de especialización que sexa motor da zona comercial que atraia a implantación doutras actividades comerciais ós locais adxacentes.

Entre os obxectivos deste regulamento está establecer un novo marco de relación entre o Concello e os titulares de tódolos puntos de venda e concesionarios do Mercado Municipal para facilitar a xestión deste servizo público en beneficio da poboación consumidora e da sociedade en xeral.

TITULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 1.- Ámbito de aplicación.

O Mercado Municipal de Ponte deume se configura como un ben de dominio público municipal, destinado ó servizo público de abastecemento ou venda de produtos, prioritariamente alimentarios.

O ámbito de aplicación deste Regulamento refírese exclusivamente ó Mercado Municipal de Ponte deume, sendo de carácter obrigatorio para tódolos concesionarios, ocupantes ou persoas que realicen actividades económicas.

Artigo 2.- Definicións.

Ós efectos deste Regulamento, os conceptos que se relacionan a continuación terano seguinte nomenclátor:

a) Lugares de venda: Serán os espazos destinados á venda dentro da totalidade do edificio do mercado municipal.

b) Concesionarios: Titulares das concesións administrativas dos lugares da venda do mercado, que outorgue o dereito de uso de un lugar de venda.

c) Os titulares dunha autorización administrativa: Titulares de autorización administrativas que estarán ubicados na parte correspondente aos soportais, o que se denominará paradas ambulantes.

d) Paradas ambulantes: Aquelas que polo seu carácter eventual estean instaladas en mesas móbiles nos espazos do mercado, que se considere convinte sinalar; estas paradas se dedicarán preferentemente a venda de produtos e excedente da horta das fincas situadas dentro da comarca e zona de influencia.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Artigo 3.- Propiedade.

O inmoble onde se ubica o mercado municipal, ten a condición de ben de dominio público afecto a un servizo público, e en base a isto é inalienable, inembargable e imprescriptible.

Os acredores dos titulares dos dereitos de uso e explotación comercial, se obtivesen o embargo dos dereitos de uso e explotación comercial do negocio que exercen, estarán suxeitos ó pago das exaccións e cotas e o cumprimento das outras obrigas impostas ós titulares.

Artigo 4.- Prohibicións.

Queda totalmente prohibida a actuación de revendedores e de vendedores ambulantes con postos móbiles e desmontables, ou outros de calquera tipo instalados no recinto e arredores dos mercados municipais de abastos, agás dos que teñan concedida autorización municipal, que estarán ubicados nos soportais do inmoble do mercado municipal.

TÍTULO II.- ORGANIZACIÓN.

CAPÍTULO I.- DIRECCIÓN DO MERCADO.

Artigo 5.-A Dirección do Mercado será exercida por unha persoa contratada polo Concello, xa sexa en réxime contratación externa ou en réxime de persoal do Concello de Ponte deume.

Artigo 6.- As súas funcións serán:

-Dirección superior do Mercado de Ponte deume.

-A responsabilidade da xestión da promoción e dinamización comercial.

-A relación cos concesionarios e coa agrupación de concesionarios.

-As actuacións de mellora en xeral da marca e do espazo do Mercado de Ponte deume. O exercicio destas funcións requirirán unha dedicación e presenza efectiva plena no edificio do Mercado Municipal.

CAPÍTULO II.- AGRUPACIÓN DE CONCESIONARIOS DO MERCADO MUNICIPAL.

Artigo 7.- Agrupación de Concesionarios do Mercado Municipal.

7.1.- Tódolos concesionarios, pola súa condición, poderán ser membros da Agrupación de concesionarios do Mercado Municipal, con tódolos seus dereitos e obrigas inherentes á condición de membro, entre eles, contribuír economicamente ao seu mantemento, segundo as taxas que se aproben anualmente en Asemblea Xeral.

7.2.- Esta Agrupación de concesionarios, terá natureza xurídico-privada e rexese pola normativa de asociacións. Será a interlocutora co Concello de Ponte deume, e participará activamente na organización, o funcionamento e control do mercado municipal e para a mellor solución dos seus problemas.

7.3.- A Agrupación de concesionarios rexerase polos principios democráticos e adoptarán as súas decisións por maioría e elixirán unha Xunta Directiva e un Presidente. Cada concesionario





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

integrante da Asociación será considerado un voto e ós efectos de computar a maioría se consideraran os votos dos asistentes e debidamente representados. Esta Xunta designará as persoas interlocutoras validas co Concello.

7.4.- En canto ó resto, a organización e funcionamento será o que libremente decida a mesma organización nos seus Estatutos que terán que ser respectuosos co presente regulamento, e será librado ó Concello unha copia, así como as modificacións que se leven a cabo.

Artigo 8.- Comisión Mixta.

8.1.-Se constituirá unha Comisión Mixta Concello-Agrupación de concesionarios do Mercado Municipal, cunha composición paritaria, que estará formada por un número de seis persoas: tres representantes por cada unha das partes.

8.2.-Esta Comisión terá carácter consultivo e de asesoramento en aqueles temas relacionados coa xestión, funcionamento, organización e posibles problemas do mercado municipal que pola súa importancia requiran dun tratamento específico.

Artigo 9.-

O réxime de reunións e aspectos vinculados á comisión será o que se determine na súa constitución, que se terá que realizar como máximo seis meses despois da aprobación definitiva deste Regulamento mediante o encontro entre os membros designados polo Concello e os representantes que a Agrupación de concesionarios designe a tal efecto.

TÍTULO III.- RÉXIME INTERIOR E FUNCIONAMENTO.

Artigo 10.- Horarios e calendario do Mercado.

10.1.-Coma norma xeral, o Mercado permanecerá aberto ó público diariamente de luns a sábado, no horario comprendido pola mañá entre as oito (8:00 h) e as catorce trinta horas (14:30 h) e pola tarde, os martes e os sábados, en horarios comprendidos entre as 16:30 e as 20:00 horas.

10.2.- O horario de actividade máxima (diferente do comercial ou de apertura ó público) do mercado o regulará de forma específica o Concello, previa consulta á Agrupación de concesionarios do Mercado municipal.

10.3.-Tódalas actividades propias do Mercado, dende carga e descarga interior ata ó acondicionamento das paradas, incluída a propia venta, terán que realizarse dentro do horario de actividade máximo fixado.

10.4.-Os horarios establecidos, poderán ser modificados por razón de interese pública por Decreto de Alcaldía, previa consulta á Agrupación de concesionarios do Mercado municipal; Os novos horarios serán publicados no BOP e na páxina web municipal ao fin de lograr a súa máxima difusión.

10.5.- O edificio do mercado permanecerá cerrado fora do horario de actividade máximo establecido, ademais de tódolos domingos e festivos, sempre que non se aprobará previamente a súa apertura.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Artigo 11.- Normas relativas a carga e descarga.

11.1.-Os horarios de carga e descarga interior e exterior serán fixados polo Concello de Ponte deume, dentro do horario máximo de actividade do mercado, previa consulta á Agrupación de concesionarios.

11.2.-O transporte de mercancías accederá ao edificio do Mercado Municipal, para realizar a carga e descarga, nos lugares habilitados ao efecto.

11.3.-Mentres o Mercado estea aberto ó público, queda prohibido o almacenamento e estacionamento de mercancías e carretas, no lugar de carga e descarga, accesos e corredores e tamén a súa circulación, excepto o tempo indispensable para efectuar os traballos de reposición e sempre que non dificulte o acceso e a compra dos clientes.

11.4.-Fora do horario definido polo servizo municipal responsable da vía pública, non poderá utilizarse a zona exterior do mercado para ocupala con caixas ou outros paquetes, sen autorización municipal expresa. Da mesma maneira, dentro do horario comercial, a non ser que o servizo municipal responsable da vía pública permita acarga e descarga das mercancías, non poderán depositarse caixas ou outros paquetes nas aceiras nin nas portas do mercado.

11.5.-Poderán colocarse paquetes nos corredores, fora do horario comercial ou de apertura ao público, para proceder ao abastecemento ou recollida das paradas. Non obstante, os paquetes poderán colocarse de forma ordenada e ocupando o mínimo espazo posible, especialmente o redor da zona de venda da froita, peixe e carne.

Non poderá colocarse ningunha caixa apoiada ás portas de entrada do mercado nin a menos de tres metros lineais destas. En todo caso, queda totalmente prohibida a existencia de calquera obstáculo que, xerado pola colocación de paquetes e mercancías nos corredores, impida o libre paso, salvo días especialmente programados polo concello, nos que se celebren eventos que xustifiquen a colocación de elementos decorativos no exterior dos postos

11.6.-Os transportistas serán responsables dos danos que causaren con motivo do transporte e descarga dos xéneros a eles confiados.

Artigo 12.- Aspectos sanitarios e xestión do lixo.

12.1.- A limpeza diaria dos espazos comúns será realizada tódolos días en que o mercado estea aberto ao público, dentro do horario máximo de actividade do mercado. A limpeza dos servizos e corredores efectuarase de forma continuada, de acordo coa planificación que efectúe a Dirección do mercado, para asegurar en todo momento a limpeza, hixiene e salubridade do mercado e as súas instalacións.

12.2.- Os titulares dos postos de venda terán que ter perfectamente limpos, tanto o espazo que ocupan, como a parte de corredor frontal ó mesmo.

12.3.- Os titulares dos postos de venda e servizos, terán que dispoñer de recipientes adecuados para seleccionar e depositar separadamente os residuos xerados pola actividade. Os recipientes terán que baleirarse no espazo habilitado no mercado para o lixo, as veces que sexa necesario. Os lugares de venda destinados a peixe, marisco, carnicerías, froita e verduras e produtos frescos, os recipientes terán que estar tapados para evitar olores.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Artigo 13.- Seguridade alimentaria.

13.1.- O exercicio da actividade da venda de produtos alimentarios, comerciais ou de restauración por parte dos titulares dos postos de venda se practicará conforme á normativa sectorial vixente, á normativa laboral, á de seguridade alimentaria, á de riscos laborais e á de xestión de medio ambiente, vixente en cada momento. O mesmo é de aplicación para a venda de produtos non alimentarios, o almacén, transporte, manipulación e venda dos cales non se terá que xerar ningún prexuízo nin poñer en risco a calidade, salubridade ou imaxe dos artigos alimentarios frescos, conxelados ou transformados postos a venda dentro do recinto do mercado.

13.2.- Queda expresamente prohibido por este Regulamento:

- a) A venda de calquera tipo de produto destinado á alimentación sen acreditar a súa orixe e trazabilidade e os demais requisitos que sexan esixibles segundo a lexislación vixente.
- b) O desplumado de aves, e outras accións análogas referidas ao procesado de animais e outros produtos nos espazos de venda ou dentro do recinto do Mercado municipal de abastos, incluíndo os espazos comúns deles.
- c) A venda de caza ou mariscos durante épocas de veda, salvo os procedentes de granxa ou acuicultura.

13.3.- Os traballadores dos postos de venda de produtos alimentarios e de restauración tamén están obrigados a cumprir tódalas normas de seguridade alimentaria e laboral.

13.4.- Non se poderá iniciar a venda sen que se houberan colocado en lugar visible e de acordo coas normas reguladoras en cada caso e momento, previamente, os prezos de cada un dos produtos postos á venda.

13.5.- O Mercado Municipal de Ponte deume inclúese dentro da rede de alertas alimentarias do Concello, polo que no caso de que se teña coñecemento oficial dalgunha alerta sanitaria, esta será difundida a través da súa publicación no apartado da páxina web adicado a Mercado Municipal.

Artigo 14.- Instalacións comúns do Concello.

14.1.- Teñen carácter de instalacións comúns con mantemento a cargo do Concello as seguintes:

- Elementos de cerramento das instalacións do mercado municipal.
- Estrutura interior do mercado municipal.
- Conserxería.
- Zona de lactancia.
- Zona de xestión de residuos.
- Postos baleiros sen titular.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

-Corredores.

-Baños.

-Accesos.

14.2.- *En tódalas instalacións, o Concello deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Prevención de Riscos Laborais. As distintas medidas preventivas que se adopten deberán ser comunicadas convenientemente ás persoas concesionarias.*

14.3.- *As persoas concesionarias, deberán velar polo axeitado mantemento das instalacións comúns, sendo responsables individualmente dos danos que por uso indebido ou accidentalmente lles puidesen causar, no decurso das súas actividades comerciais.*

Artigo 15.- *Reformas.*

O Concello poderá efectuar as reformas que considere necesarias no mercado municipal, sen que os concesionarios poidan esixir indemnización algunha pola redución de vendas motivadas por tales reformas.

O Concello terá a obriga de comunicar aos concesionarios a data de inicio e a data aproximada de fin de obra. As reformas que leve a cabo o Concello sempre deberán ser planificadas e previstas coa suficiente antelación para prexudicar o mínimo posible ós concesionarios.

Artigo 16.- *Imaxe, simboloxía e sinalética.*

16.1.- *O Concello aprobará a imaxe e simboloxía identificativa para o Mercado Municipal, así como a regulación e directrices para o seu uso e utilización nas diferentes áreas relacionadas co Servizo.*

16.2.- *As persoas concesionarias estarán obrigadas a adaptar os seus postos ás directrices de imaxe e simboloxía que o Concello determine, sen prexuízo de que o Concello, para levar a cabo os cambios ou adaptacións dispostos neste Regulamento poderá aplicar a estes procesos subvención propias, ou axudas procedentes doutras Administracións.*

16.3.- *O Concello será responsable da instalación de sinalética que corresponda, nos espazos comúns establecidos neste Regulamento.*

16.4.- *A denominación dos postos fixos estará integrada polo número do posto, o nome comercial ou do titular do posto.*

TÍTULO IV.- REGULACIÓN DAS CONCESIÓNS ADMINISTRATIVAS .

CAPÍTULO I.- CONDICIÓN DOS CONCESIONARIOS.

Artigo 17.- *Capacidade xurídica e de obrar.*

Poderán ser titulares das paradas, as persoas naturais ou xurídicas de nacionalidade española, dun outro país da Unión Europea ou dun terceiro país con permiso de residencia e traballo, sempre que teñan plena capacidade xurídica ou do obrar.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Non poderán selo:

-Os comprendidos nalgún dos casos de incapacidade previstos na normativa en materia de contratación pública.

-Aqueles que non reúnan as condicións esixidas neste Regulamento.

-E os reincidentes en faltas de defraudación na venta de artigos, cando a última sanción estivera imposta en menos dun ano antes do anuncio de licitación.

Artigo 18.- Concesións administrativas, licencias e cesións de uso dos lugares destinados a usos comerciais ou de restauración.

18.1.- O obxecto da concesión, da licencia ou a cesión de uso é o dereito a ocupar, con carácter exclusivo, os postos destinados á actividade comercial ou restauración, coa finalidade e obriga respecto aos primeiros, de destinalos a venda na modalidade e os artigos para os cales estea clasificado, dentro da relación dos autorizados e, con carácter exclusivo ou comunitario se é posible os espazos e partes proporcionais dos servizos auxiliares ou comúns do mercado.

18.2.- As concesións administrativas e outras cesións de uso se adxudicarán mediante un procedemento de licitación que garanta o respecto aos principios de igualdade, de publicidade e concorrência. Isto sen prexuízo do réxime específico das licenzas de uso e ocupación provisional.

18.3.- As concesións administrativas, as licenzas e outras cesións comportan que os concesionarios e os titulares das licenzas asuman a xestión e explotación dos lugares de venda, baixo o seu propio risco, e que aporten os medios persoais, materiais e técnicos necesarios así coma a realización das obras necesarias para adecuar as paradas ou locais comerciais.

Artigo 19.- Procedemento de selección dos concesionarios.

19.1.- O procedemento de selección para outorgar as concesións, así como para cubrir as vacantes farase en réxime de concorrência competitiva, previa convocatoria pública do procedemento aberto correspondente, e coma resultado dun procedemento baseado nos principios de transparencia, concorrência, imparcialidade publicidade. Os interesados en concorrer a esta convocatoria deberán presentar, ademais da documentación que se lles solicite:

- MEMORIA DE ACTIVIDADE, na que deberán incluírse:

- 1. Descrición da actividade que se pretende por en marcha.*
- 2. Servizos que o concesionario porá a disposición dos clientes.*

-MEMORIA DE OBRAS E EQUIPAMENTOS

- 1. Descrición das obras que se pretenden realizar e importe total das mesmas.*





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2. Descrición do mobiliario e maquinaria e o importe total das mesmas e ficha técnica no caso da maquinaria.

-PREZO: mellora á alza do canón de concesión.

19.2.- A estes efectos, o Concello ten que aprobar as bases correspondentes coa suficiente antelación para cada convocatoria de outorgamento de concesións e cesións de uso, e que se inclúan os requisitos e criterios de adxudicación, o canón e as taxas.

19.3.- Considerando a maior profesionalidade e calidade do comercio e a protección das persoas consumidoras, os criterios que se poderán ter en conta para adxudicar as concesións serán, entre outros, os seguintes:

DA ACTIVIDADE QUE SE PRETENDE POR EN MARCHA:

En canto ao produto:

- Que poñan a venda produtos de Galicia.
- Que poñan a venda produtos da comarca.
- Que poñan a venda produtos de elaboración artesanal.
- Que elaboren produtos no propio mercado.
- Que poña á venda produtos ecolóxicos.
- Que realicen degustacións de produto no propio mercado.

En canto aos servizos:

- Que permitan o pago con tarxeta.
- Que fagan entrega a domicilio.
- Que empreguen materiais biodegradables no empaquetado.
- Que estean de alta no SAC (Sistema Arbitral de Consumo).

DAS OBRAS E EQUIPAMENTO PROPOSTO.

En canto as obras e equipamentos:

- O emprego de materiais naturais e propios da zona e acordes coa Memoria decorativa do Mercado de Pontedeume.
- A instalación de maquinaria de baixo consumo.
- Prezo: mellora á alza do canón de concesión.

19.4.- Cando resulte deserta a licitación logo do correspondente procedemento de concorrência competitiva, dun máximo de cinco postos do total dos que se dispón no mercado





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

municipal ou resulte fallida polo incumprimento das obrigas do autorizado, poderá procederse á adxudicación directa polo órgano competente dos postos restantes que non foran adxudicados ata a cobertura da totalidade dos dispoñíbles, sempre que o solicitante cumpra con tódolos requisitos establecidos no presente artigo.

Neste suposto cabe que esta adxudicación directa teña lugar a favor dun dos adxudicatarios/as dalgún dos postos xa concedidos, previa autorización expresa do Concello por razóns de interese público en pro da dinamización económica ou comercial; neste caso o número de postos máximos por titular será de dous, tendo preferencia, no caso de empate na puntuación obtida e de ser o caso, a adxudicación ao colindante dun posto previamente adxudicado.

O procedemento para o outorgamento directo iniciárase pola Administración mediante anuncio na páxina web de apertura de prazo para a presentación de ofertas para cobertura das vacantes.

As persoas interesadas disporán do prazo que se determine na convocatoria para presentar a súa solicitude por Rexistro Xeral de entrada, onde conste o nº de posto vacante ao que se pretende acceder, aportando a seguinte documentación:

- a) Documentación que acredite a capacidade de obrar do solicitante, e no seu caso, a representación, por calquera modo axeitado en dereito.*
- b) Declaración responsable de non estar incurso/a en prohibición de contratar coa administración.*
- c) Certificado de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias, incluídas as do Concello, e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes*
- d) Memoria da actividade.*

Esta Memoria presentárase en dous subapartados:

Subapartado "A": Memoria da actividade.

Conterá unha memoria de explotación do posto na que o candidato presentará o seu proxecto de actividade do posto de mercado ó que lícita. Nesta memoria poden incluírse aspectos relativos á actividade que se pretende por en marcha, tales como:

En referencia ao produto, produtos da bisbarra, ecolóxicos, elaboración artesanal, explicando a trazabilidade e subministradores.

En referencia ao empaquetado: utilización no empaquetado de materiais biodegradables e bolsas reutilizables.

En referencia aos servizos: Forma de pago, entrega a domicilio, estar dados de alta no Servizo de Arbitraje de Consumo (SAC).

Neste apartado poden incluírse medidas medioambientais e medidas referentes á prestación do servizo, atendendo aos criterios de valoración establecidos nos pregos de cláusulas administrativas.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Subapartado "B": Memoria da adecuación do posto: obras a realizar e equipamento.

Conterá unha descrición do acondicionamento do posto facendo referencia entre outros aspectos, ás obras a executar e que materiais se utilizarán nese acondicionamento, así coma tipo de maquinaria atendendo a natureza de actividade a desenrolar incluíndo a ficha técnica da maquinaria

Nesta adecuación do posto de mercado terase que cumprir a normativa de seguridade e saúde e a normativa sanitaria, no que respecta as condicións mínimas das instalacións que se inclúan dentro dos postos (maquinaria, neveiras, frigoríficos) e demais normativa aplicable.

O non cumprimento da normativa aplicable comportará a exclusión no procedemento de licitación.

e) Oferta económica que conterá os seguintes datos:

OPTO AOS POSTOS NÚMERO (indicar por orde de preferencia):

Nº posto:...

PRESENTO A SEGUINTE OFERTA ECONÓMICA:

Canón mínimo do posto:

Contía na que se incrementa o canón mínimo:

Canón total ofertado:

Para a valoración das proposicións e a determinación da mellor oferta no presente procedemento de adxudicación directa, no caso de que concurran mais dunha oferta sobre o mesmo posto, atenderase a unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo.

A. Criterios cuantificables automaticamente

— Maior canon ofrecido: Ata un máximo de 60 puntos.

Nº LOCAL (E ALMACÉN ASIGNADO)	TOTAL M2	CANON MÍNIMO
1	27,62	2.406,04
2	42,10	3.667,43
3	42,19	3.675,27
4	25,25	2.199,59
5	33,55	2.922,62
6	33,22	2.893,87
7	10,33	900,09
8	10,33	900,09
9	26,12	2.275,37





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

10	25,79	2.246,63
11	16,70	1.454,78
12	10,33	900,09
13	10,33	900,09
14	20,48	2.304,12
15	25,46	2.217,88
16	24,30	2.116,83

Por cada 1,75% que o licitador ofrezca sobre o canon mínimo, outorgarase 1 punto, ata un máximo de 60, conforme ao seguinte:

Nº LOCAL (E ALMACÉN ASIGNADO)	TOTAL M2	Canon mínimo	1 punto	2 puntos	(...)	60 puntos	CANON MÁXIMO TOTAL
1	27,62	2.406,04	42,11	84,21		2.526,60	4.932,64
2	42,10	3.667,43	64,18	128,36		3.850,80	7.518,23
3	42,19	3.675,27	64,32	128,64		3.859,20	7.534,47
4	25,25	2.199,59	38,49	76,98		2.309,40	4.508,99
5	33,55	2.922,62	51,15	102,30		3.069	5.991,62
6	33,22	2.893,87	50,64	101,30		3.038,40	5.932,27
7	10,33	900,09	15,75	31,50		945	1.845,09
8	10,33	900,09	15,75	31,50		945	1.845,09
9	26,12	2.275,37	39,82	79,64		2.389,20	4.664,57
10	25,79	2.246,63	39,32	78,64		2.359,20	4.605,83
11	16,70	1.454,78	25,46	50,92		1.527,60	2.982,38
12	10,33	900,09	15,75	31,50		945	1.845,09
13	10,33	900,09	15,75	31,50		945	1.845,09
14	20,48	2.304,12	40,32	80,64		2.419,20	4.723,32
15	25,46	2.217,88	38,81	77,62		2.328,60	4.546,48
16	24,30	2.116,83	37,04	74,08		2.222,40	4.339,23





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

B. Criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor:

b.1.- Criterios de sostenibilidade, medioambientais e Km 0: ata 20 puntos

Neste apartado se valorará:

-Tipoloxía e porcentaxe de compromiso de utilización de material, tales como bolsas e empaquetado de carácter reutilizable, biodegradable e non contaminantes; este apartado valorarase cunha puntuación máxima de 5 puntos dentro dos 20 puntos.

-Tipoloxía e porcentaxe de inclusión de produtos de produción local, comarcal, ou ecolóxica, explicando a procedencia de ditos produtos, con carta de compromiso con posibles provedores (a trazabilidade dos mesmos); este apartado valorarase cunha puntuación máxima de 10 puntos dentro dos 20 puntos.

-Utilización no acondicionamento (referente a obra) e presentación do posto con materiais sostibles e naturais, así coma da tipoloxía da maquinaria a utilizar(baixo consumo, etc) indicando a tipoloxía dos mesmos; este apartado cunha puntuación máxima de 5 puntos dentro dos 20 puntos deste apartado.

b.2.- Criterios en relación ao servizo: ata 20 puntos.

Neste apartado se valorarán melloras con respecto á prestación do servizo; cada un dos apartados valorarase ata unha puntuación máxima de 4,00 puntos.

- Prestación do servizo de entrega a domicilio no casco histórico e tempo de posta en marcha do dito servizo e posible compromiso nun futuro de dar o servizo no ámbito territorial municipal de forma coordinada coa agrupación de praceiros.

- Prestación do servizo de utilización das redes sociais na difusión e tempo de posta en marcha deste servizo.

- Estar dado de alta no servizo de arbitraje de consumo (SAC) ou compromiso de levalo a cabo no prazo de seis meses dende a formalización deste contrato.

- Exposición de venda de produtos, que comporta un boceto da distribución dos diferentes elementos que estean presentes no posto: cámaras, estantería, etc.

- Outras melloras (especificar nas ofertas): servizo TPV, etc.

Neste caso poderán presentarse tantas ofertas como postos vacantes por calquera licitador, debendo indicar a orde de preferencia dos postos aos que accede, xa que en ningún caso se poderán adxudicar máis de dous postos a un mesmo titular.

Quedará acreditado o pagamento do canon, a garantía por importe do 5 % do prezo de adxudicación. Esta última poderá depositarse mediante aval bancario e constituirase de conformidade co preceptuado no Capítulo I do Título IV do Libro I da LCSP e en calquera das formas que se establecen no artigo 108.1 LCSP. Se se constitúe en metálico ingresarse o seu importe na conta corrente do Concello, facendo constar no concepto "garantía definitiva pola adxudicación da concesión demanial por un prazo de quince anos do posto nº ... do Mercado





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Municipal do Concello de Pontedeume", posteriormente acudirase á Tesourería Municipal quen expedirá carta de pago que é o documento a presentar coma acreditativo da constitución. En todo caso, a garantía definitiva responderá do conceptos a que se refire o artigo 110 LCSP, xunto coa seguinte documentación:

A. Alta no imposto de actividades económicas como obrigado tributario.

B. Alta coma autónomo na Seguridade Social, no caso de persoas físicas e coma empresa co obxecto social adecuado no caso de persoas xurídicas.

C. O contrato e abono da prima anual da póliza de seguro sobre danos nos bens do posto e da responsabilidade civil sobre a actividade a desenvolver.

D. N.º de código de conta cliente (CCC) para o cobro dos recibos correspondentes: certificado bancario

Recibida a documentación solicitada, o Alcalde-Presidente adxudicará a concesión de forma motivada que será obxecto de publicación no perfil do contratante do concello a efectos de publicidade a transparencia. A formalización do contrato efectuarase non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se realice a notificación da adxudicación.

No caso de optar adicionalmente pola elevación a escritura pública ante Notario, no seu caso, será asumido o custo polo concesionario/a.

O adxudicatario deberá aboar os gastos correspondentes ao orzamento das obras que deben executarse, así como os honorarios de redacción do proxecto, no seu caso.

Artigo 20.- Prazo das concesións.

O prazo de duración da concesión administrativa será o determinado no prego de administrativas. O dito prazo se contará a partir do día da formalización escrita do documento concesional.

Artigo 21.- Traspasos e cesións das concesións administrativas e dos dereitos de uso.

21.1.-As concesións son transmisibles "inter vivos" e "mortis causa", polo tempo que quede de finalización, de acordo co que dispoñen os artigos seguintes e previa autorización.

O traspaso e cesión destes dereitos suporá a subrogación das persoas adquirentes en cantos dereitos e obrigas sexan inherentes á concesión administrativa. A persoa adquirente terá que continuar coa mesma actividade comercial que o seu antecesor, excepto autorización deste Concello.

A transmisión da concesión "inter vivos" poderase facer a favor das persoas de segundo grado de consanguinidade ou primeiro de afinidade, que deberán cumprir as condicións requiridas para ser concesionario ou concesionaria de posto fixo; neste suposto a transmisión poderá efectuarse de forma directa, sen prexuízo que teñan que cumprirse igualmente os requisitos previstos para o exercicio da actividade de venda.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A transmisión neste caso requirirá presentación de solicitude ao Concello; nesta solicitude constará a seguinte documentación:

-Nome e apelidos do transmitinte e adquirente.

-Xustificación da relación de parentesco.

-Declaración responsable do adquirente que reúne tódalas condicións necesarias para poder exercer a actividade no mercado.

-Declaración responsable de estar ao corrente do pagamento de débedas coa Axencia Tributaria estatal e autonómica, a Seguridade Social e o Concello de Ponte deume.

Unha vez verificada a documentación aportada polos Departamentos correspondentes do Concello, se procederá a ditar resolución polo órgano competente.

21.2.- En caso de falecemento do/a titular, a concesión pasará a nome do seu legal sucesor. O herdeiro legal, dentro do prazo máximo dun ano da defunción do causante, solicitará o cambio de titularidade ó seu favor. A estes efectos terá que aportar ao Concello a seguinte documentación:

-Certificado de defunción do causante.

-Certificado das últimas vontades.

-Escritura da aceptación de herdanza.

-Liquidación do Imposto de sucesións correspondente.

-Declaración responsable do adquirente que reúne tódalas condicións necesarias para poder exercer a actividade no mercado.

-Certificados de estar ao corrente do pagamento de débedas coa Axencia Tributaria estatal e autonómica, a Seguridade Social e o Concello de Ponte deume.

Todo isto, sen prexuízo de que no sucesor concorran os requisitos necesarios para ser titular do posto do mercado municipal.

Se se transmite o posto do mercado en "pro-indiviso" de dúas ou máis persoas, estes terán que determinar e comunicar ao Concello cal deles, sucederá na titularidade dos citados postos de venda. De non facelo no prazo sinalado, se declarará caducada a concesión.

21.3.- Os postos de venda que queden vacantes pasarán novamente a posesión do Concello e serán obxecto de nova adxudicación mediante os procedementos establecidos no presente Regulamento.

21.4.- Ademáis dos supostos de transmisión da concesión indicados, poderase solicitar polos concesionarios/as con título xa concedido sobre un posto no Mercado municipal a permuta por outros de igual natureza.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A permuta só poderá ser concedida sobre postos que logo da finalización do correspondente procedemento de concorrência competitiva resultaren desertos e en consecuencia se atopen vacantes, ou no seu caso por postos previamente autorizados a outro concesionario con solicitude conxunta de ambos permutantes.

A mesma natureza entre ambos postos requirirá, que exista identidade nos metros cadrados totais dos postos a permutar e identidade de usos preestablecidos para cada un dos postos do Mercado municipal obxecto da permuta. Así a estes efectos terase en conta o seguinte:

A relación de postos cos correspondentes almacéns obxecto de ocupación é a seguinte:

Nº	USO	M2 LOCAL	Nº ALMACÉN	M2 ALMACÉN	M2 TOTAIS
1	GASTROBAR	17,62	1	10	27,62
2	PEIXERÍA	35,24	2	6,86	42,10
3	PEIXERÍA	35,24	3	6,95	42,19
4	PEIXERÍA	17,98	4	7,27	25,25
5	CARNICERÍA	26,93	5	6,62	33,55
6	CARNICERÍA	26,93	6	6,29	33,22
7	PRODUTOS LOCAIS	8,35	0	1,98	10,33
8	PRODUTOS LOCAIS	8,35	0	1,98	10,33
9	FROITERÍA	20,48	9	5,64	26,12
10	FLORISTERÍA	20,48	10	5,31	25,79
11	PANADERÍA	16,70			16,70
12	PRODUTOS LOCAIS	8,35	0	1,98	10,33
13	PRODUTOS LOCAIS	8,35	0	1,98	10,33
14	FROITERÍA	20,48	14	5,97	26,45
15	CHACINERÍA	20,48	15	4,98	25,46
16	ALIMENTACIÓN ECOLÓXICA	16,70	16	7,60	24,30

A concesión da permuta requirirá a presentación de solicitude ao Concello por Rexistro de Entrada municipal acompañada da seguinte documentación:

-Nome e apelidos do solicitante ou solicitantes no caso de permuta entres postos adxudicados previamente.

- Título da concesión orixinal sobre o posto a permutar.

-Declaración responsable do adquirente que reúne tódalas condicións necesarias para poder exercer a actividade no mercado.

-Certificados de estar ao corrente do pagamento de débedas coa Axencia Tributaria estatal e autonómica, a Seguridade Social e o Concello de Ponte deume.

-Xustificante de abono da taxa correspondente, segundo a ordenanza fiscal en vigor.

Unha vez verificada a documentación aportada polos departamentos municipais correspondentes, procederase a ditar resolución polo órgano competente. Terase en conta ao





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

efecto o mesmo límite máximo de postos por concesionario previsto no artigo 19, xa que en ningún caso se adxudicarán máis de dous postos a un mesmo titular.

Cando existan dúas solicitudes de permuta sobre postos sen adxudicar, que sexan plantexadas de forma simultánea pendentes de resolver, terá preferencia no seu outorgamento o concesionario colindante ao posto a permutar.

O prazo de duración da concesión administrativa no caso de permuta será o que reste para a finalización da previamente concedida.

21.5.- Calquera transmisión efectuada sen seguir os requirimentos deste artigo se entenderá como nula e comportará a extinción da concesión sen dereito a indemnización.

22.- Extinción das concesións.

22.1.- As concesións e dereitos de uso extinguiranse por calquera das causas establecidas na lexislación vixente, e ademais:

a.-Renuncia expresa e escrita do titular presentada no Rexistro Xeral de Concello.

b.-Defunción do titular, a excepción do artigo 21.3.

c.-Cesión ou transmisión sen contar coa preceptiva autorización ou sen cumprir cos trámites e requisitos establecidos no presente Regulamento.

d.-Falta de pago das taxas, impostos, cotas e tarifas emitidos, e calquera outro pagamento de carácter obrigatorio, directamente relacionados co Mercado Municipal, durante un prazo de doce meses.

e.-Baixa do titular da concesión ou dereito de uso con imposibilidade de cubrir a súa ausencia, por un prazo igual ou superior ao ano, e sen cubrila.

f.-Sanción firme en aplicación do réxime disciplinario e sancionador establecido neste regulamento.

22.2.- Os titulares das concesións e dereitos de uso, unha vez finalizado o prazo da concesión, terán que deixar os postos a disposición do Concello.

22.3.- Extinguida a concesión ou dereito de usos por calquera das causas legalmente previstas, a persoa concesionaria terá que reintegrar o obxecto da concesión ou dereito de uso en perfecto estado, sen que teña dereito a indemnización, excepto no caso de que sexa por supresión do servizo por parte do Concello.

22.4.- As instalación, obras e melloras realizadas na concesión ou dereito de uso reverterán en beneficio do Concello; Quedarán no dominio da persoa concesionaria tódolos bens que poida retirar sen menoscar o ben inmovible obxecto da concesión.

22.5.- A extinción da concesión acreditarase mediante a instrución do expediente correspondente na resolución do cal, a máis de declarar extinguida a concesión, se procederá a declaración de vacante da mesma.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

22.6.- No caso de renuncia voluntaria do concesionario, o Concello recuperará a plena dispoñibilidade da concesión, e dende o mesmo momento da renuncia voluntaria, o concesionario deixará de reportar ingresos de ningunha clase a favor do Concello con motivo da concesión renunciada; Todo isto, sen prexuízo das débedas que teña o concesionario co Concello as cales non se verán afectadas por a dita renuncia.

22.7.- A renuncia non dará dereito a devolución nin a indemnización de ningunha clase.

22.8.- No suposto que o Concello, atendendo a circunstancias sobrevidas e por razóns de interese público, resolva as concesións antes do vencemento do prazo, se dará audiencia á persoa interesada, e se cabe, se lle indemnizará polo danos e prexuízos que se ocasionen, de acordo coa normativa vixente.

TÍTULO V.- DEREITOS E DEBERES.

Artigo 23.- Dereitos dos/as concesionarios/as:

Os/as concesionarios/as de postos no mercado terán os seguintes dereitos:

1. Utilizar de forma privativa o espazo físico que constitúe o posto nos termos e condicións que se establecen na concesión.
2. Utilizar os locais, instalacións, servizos e elementos do mercado destinados ao uso xeral, nas condicións regulamentarias.
3. Entrar no mercado antes de abrir ao público para preparar a mercadoría, dando todo tipo de facilidades para que se realice a inspección sanitaria ao efecto que esteanas mellores condicións.
4. Instalar nos respectivos postos os elementos necesarios para o exercicio da correspondente actividade mercantil, previa autorización da dirección do mercado.
5. En xeral, a todos os dereitos derivados da normativa reguladora.

Artigo 24.- Deberes dos/as concesionarios/as:

Terán os concesionarios de postos as seguintes obrigas de carácter esencial:

- 1.-Entregar ao comprador os produtos polo prezo anunciado e o peso íntegro, sen que inclúa nela o papel de envolver, que en todos os casos será gratuíto para o comprador.
- 2.-Estar en posesión do certificado de manipulador, tanto o titular coma as demais persoas que traballen no posto. O dito documento deberá ser mostrado, cantas veces requira para isto.
- 3.-Comunicar, por escrito, ao Concello, as altas e baixas das persoas que traballen no posto, debendo facelo no prazo de quince días a partir do seguinte ó que se produza as citadas situacións.
- 4.-Expor os prezos de venda ao público de todos os xéneros que comercializan, en lugar visible e claro, de xeito que poidan ser apreciados polos consumidores con claridade total.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

5.-Manter o posto aberto ao público durante o horario de apertura venda ao público, salvo causa xustificada. Do mesmo xeito, o posto pecharase diariamente ó finalizar o calendario antes mencionado, adoptando tantas precaucións como sexa necesario para evitar posibles sinistros.

6.-Manter os postos, así como outras instalacións, en bo estado, coidando que estean limpos, libres de residuos e en condicións hixiénico-sanitarias perfectas, depositar lixo e desperdicios nos lugares indicados para tal fin.

7.-Usar instrumentos de pexase e medición axustados aos modelos autorizados, estando facultado o Concello, mediante o persoal ao seu cargo, verificar a exactitude dos mesmos.

8.- Vestir de xeito axeitado e aseadamente a roupa adecuada. No que se refire a vestimenta aprobárase por parte do Concello un manual identificativo da vestimenta.

9.- Non sacrificar no mercado os animais destinados á venda, nin tampouco realizaras operacións de desplumaxe, despelexado ou similares.

10.- Non negarse a vender os produtos expostos para a súa comercialización.

11.- Aboar o importe dos danos e perdas que o propietario, os familiares ou as persoas dependentes dos mesmos, causaren aos bens suxeitos á autorización, ás instalacións ou no Edificio do Mercado.

12.- Xustificar, cando sexan requiridos, o pago de impostos e exencións municipais por razón do exercicio do comercio no postos ocupados.

13.- Non colocar paquetes nin caixas de produtos nos corredores fora do horario habilitado para ilo; non se poderá depositar mercancías fora do espazo do posto en base ao cal concedeuse a autorización.

14.- Estar en posesión do libro de queixas/reclamacións, así como do cartel anunciador de estar en posesión do mesmo, atendendo a normativa de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias.

15.- Atender ao seu cargo os gastos de electricidade, de consumo de auga e de servizos de comunicación producidos polos usos particulares nos postos que ocupen de acordo cos contadores instalados.

16.- Satisfacer o canón correspondente ó posto adxudicado de acordo co prego de cláusulas que rexe a concesión.

17.- Realizar pola súa conta e cargo as obras que o Concello estime necesarias para que os postos se atopen en todo momento en perfecto estado de conservación, previa autorización do Concello.

18.- Cada titular obrígase a contratar, pola súa conta, os seguros necesarios para cubrir os riscos que poidan producirse durante o exercicio da súa actividade.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

19.- Cada titular terá que ter vixentes, en todo momento, tódalas licenzas e autorizacións administrativas necesarias para o exercicio da súa actividade.

20.- Dispor e executar un plan de desinfección e desratización do seu posto de traballo.

21.-Deberán cumprir a normativa vixente en materia de xestión de residuos e realizar contratación externa dun xestor autorizado se procede.

TÍTULO VI.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

Artigo 25.- Os/as concesionarios/as dos postos serán responsables das infraccións ás disposicións deste Regulamento, que cometan eles mesmos ou outras persoas que presten servizos nos postos que teñen adxudicados.

Artigo 26.- Clasificacións das infraccións:

As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

1.- Consideraranse infraccións leves:

- a) A falta de limpeza dos postos e do entorno dos mesmos.
- b) A falta de aseo das persoas que realicen as tarefas de venda nos postos.
- c) A falta da consideración debida aos compradores.
- d) O peche non autorizado do posto, sen causa xustificada, durante un prazo de máis de cinco días.
- e) O incumprimento do horario establecido.
- f) Non ter exposta ao público, en lugar visible, a placa ou título administrativo identificativo e os prezos de venda das mercancías.
- g) O descoido no aseo persoal das persoas titulares ou os seus colaboradores.
- h) A inobservancia non reiterada das instrucións da Dirección do Mercado e demais persoal que desenvolva as súas funcións nos Mercado en aplicación deste Regulamento.
- i) Non ter, a disposición dos consumidores e usuarios, as follas de queixas e reclamacións das persoas consumidoras e usuarias en Galicia, así como o cartel informativo respecto diso.
- j) Calquera infracción deste Regulamento que non estea tipificada como falta grave ou moi grave.

2.- Consideraranse infraccións graves:

- a) A reincidencia. Entenderase que existe reincidencia cando o infractor sexa sancionado por resolución firme por máis dunha infracción leve no prazo dun ano.
- b) A desobediencia, clara e ostensible, aos requirimentos da Dirección do Mercado.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

c) *Todo incumprimento das obrigacións sanitarias e comerciais previstas na lexislación vixente e neste Regulamento.*

d) *As ofensas, de palabra ou de obra, as persoas que se atopen no mercado, ben sexan público ou funcionarios ou empregados municipais.*

e) *Non ter dados de alta na Seguridade Social ao persoal empregado que atende os postos.*

f) *Os altercados que produzan escándalo dentro do Mercado ou das súas inmediacións, con resultados de lesións ou danos.*

g) *Causar negligentemente danos ao edificio, postos e instalacións.*

h) *O uso indebido ou sen autorización de bens ou servizos xerais.*

i) *As defraudacións na cantidade ou calidade dos xéneros vendidos.*

j) *O cambio de uso ou actividade comercial do posto sen autorización municipal.*

K) *O cerre dos postos por máis de cinco días e menos de quince, sen a correspondente autorización municipal nin causa que o xustifique.*

l) *A modificación da estrutura e instalacións dos postos sen autorización municipal, así como o cambio de uso ou actividade comercial do posto sen a mesma autorización.*

3. Consideraranse infraccións moi graves:

a) *A reincidencia. Entenderase que existe reincidencia cando o infractor sexa sancionado por resolución firme por máis dunha infracción grave no prazo dun ano.*

b) *O destino do posto a almacén.*

c) *A cesión do posto a un terceiro sen a observancia dos requisitos esixidos ao efecto no presente Regulamento.*

d) *A resistencia, coacción ou ameaza á autoridade municipal, funcionarios e empregados municipais afectos aos Mercados, no desempeño das súas funcións.*

e) *Causar dolosa e negligentemente danos ao edificio, postos ou instalacións do mercado.*

f) *A atención dos postos por persoas distintas do titular da licenza, familiar ou empregado autorizado.*

g) *O peche, non xustificado e sen previa autorización municipal, do posto por máis de quince días consecutivos ou máis de trinta días alternos durante tres meses, salvo autorización municipal expresa.*

h) *O impago do canon e as taxas da concesión.*

Artigo 27.- Clasificación das sancións:

27.1.-As infraccións poderán ser sancionadas como segue:





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

a) As leves con apercibimento ou multa de ata 750 euros.

b) As graves con apercibimento e multa de 751 ata 1500 euros.

c) As moi graves con extinción da concesión e multa de 1501 ata 3000 euros.

27.2.-Para a graduación ou cualificación das sancións teranse en conta os seguintes criterios:

I) A natureza dos prexuízos causados.

II) O grado de intencionalidade do infractor ou reiteración.

III) A contía do beneficio obtido.

IV) A reincidencia, cando non sexa determinante da infracción.

V) O prazo de tempo durante o que se veu cometendo a infracción.

VI) O número de consumidores e usuarios afectados.

3. A imposición de sancións requirirá a incorporación do oportuno expediente sancionador atendendo a normativa de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 28.- Prescrición de infraccións:

a) As leves, aos dous meses.

b) As graves, ao ano.

c) As moi graves, aos dous anos.

O prazo de prescrición comezará a computarse desde o día que se cometan a infracción ou, no seu caso, desde aquel en que puidese incoarse o procedemento, e de conformidade co previsto na normativa de procedemento administrativo común para o exercicio da potestade sancionadora.

Artigo 29.- Venda directa de produtos primarios polos/as produtores/as á persoa consumidora final ubicados exclusivamente nas instalacións do Mercado municipal

A venda directa de produtos primarios polos/as produtores/as á persoa consumidora ubicados exclusivamente nas instalacións do Mercado municipal se someterán ao seguinte réxime xurídico:

-A venda será autorizada unicamente para os produtos primarios de explotacións acollidas ao réxime de venda directa, debidamente inscritas na sección creada ao efecto (SEVEDI), para o cal estarán inscritos previamente todos os/as solicitantes no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA), e así mesmo, será requirida segundo o caso a previa inscrición no REGASA (Rexistro Galego Sanitario de empresas e establecementos alimentarios), segundo o que ao efecto establece a lexislación autonómica competente.

-A autorización para a instalación destes produtores referirase unicamente ao espazo que existe nos soportais do edificio de Mercado Municipal segundo os planos de distribución que se





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

incorporan como Anexo I ao presente Regulamento, que só salvo circunstancias excepcionais debidamente motivadas poderase ampliar por parte do Concello a outras zonas do entorno do edificio en caso de necesidade debidamente xustificada.

-O Concello poderá modificar as zonas de ubicación e restantes condicións para este tipo de produtores de xeito motivado, dispoñendo a redución do número de puntos de venda, e incluso a súa total supresión, sen que isto dea lugar a indemnización algunha.

-Os postos de venda serán obxecto de sinalización, quedando reflectida a distribución numerada de todos os postos e dita numeración coincidirá coas autorizacións expedidas, que atenderá a distribución incluída no anexo I do presente Regulamento. A venda só poderá realizarse no lugar sinalado, limitándose exclusivamente ao espazo que ten autorizado.

O Concello disporá dos espazos temporalmente non ocupados, sen que o espazo reservado poida ser ocupado por outro vendedor sen previa autorización.

Concederanse tantas autorizacións como postos sexan posibles, segundo o Anexo I atendendo á superficie destinada a tal fin na contorna do edificio do Mercado, e o número de autorizacións quedará supeditado ao número de metros dispoñibles en tales espazos.

O número máximo de postos para estes produtos de venda directa será 16, cunhas dimensións máximas de 2 por 1,5 metros por posto.

En ningún caso poderán exhibirse os produtos directamente no solo, debendo cumprir as condicións hixiénico sanitarias previstas na normativa de aplicación, en todo caso ubicando os produtos nas mesas habilitadas, ou en cestas, paxes ou similares. En todo caso o produtor deberá extremar a limpeza na zona de venda. Os produtos deberán estar situados sempre a unha altura mínima do solo de 0,60 m e protexendo as mercadorías das inclemencias meteorolóxicas.

As datas e horarios de actividade na zona dos soportais estarán vinculadas aos establecidos no artigo 10 do presente Regulamento do Mercado Municipal de Ponte deume, limitándose esta modalidade de postos unicamente de martes a sábado en horario de mañá.

Horario de inicio: O estipulado no artigo 10 con carácter xeral

Horario de recollida: Unha hora antes do estipulado no artigo 10 con carácter xeral.

A asignación de postos previa solicitude farase en función da rigorosa orde de entrada no Rexistro xeral do concello, con toda a documentación completa e actualizada, logo da súa verificación. Na súa solicitude deberase de indicar a orde de preferencia de ubicación de entre os dispoñibles, así como os días nos que realizará a actividade.

En todo caso, os/as autorizados/as deberán dispor dun receptáculo con tapa pechada dentro do seu posto, para verter os residuos xerados na actividade de comercio dos seus produtos.

Documentación a presentar para a solicitude será a seguinte:





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

-Nome e apelidos do solicitante, xunto coa descrición da actividade que se pretende levar a cabo baixo esta modalidade, coa indicación da orde de preferencia de ubicación de entre os dispoñibles, así como os días nos que realizará a actividade.

- Documentación acreditativa de cumprimento dos requisitos para poder realizar a venda directa de produtos primarios segundo a lexislación aplicable para cada caso.

-Declaración responsable do adquirente de que reúne tódalas condicións necesarias para poder exercer a actividade nesta modalidade no mercado segundo o indicado no artigo 29 do Regulamento, así como compromiso de dar cumprimento aos deberes que a normativa aplicable esixe para estes supostos, segundo Anexo III.

-Certificados de estar ao corrente do pagamento de débedas coa Axencia Tributaria estatal e autonómica, a Seguridade Social e o Concello de Pontedeume.

-Xustificante de abono da taxa correspondente, segundo a ordenanza fiscal en vigor.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA.

- En tanto que a situación de crise sanitaria vinculada ao COVID-19 se manteña en vigor todos os concesionarios e produtores asumirán as obrigas e compromisos que as limitacións e restricións sanitarias se prevén. Especificamente no caso da modalidade prevista no artigo 29 atenderase ás ubicacións previstas no Anexo II do presente regulamento.

DISPOSICIÓN FINAL


Unha vez se produza a entrada en vigor deste Regulamento, queda sen efecto o Regulamento do Mercado de Pontedeume, publicado no BOP 202, de 5 de setembro de 1985 e demais normativa."

ANEXO I



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

UBICACIÓN POSTOS SOPORTAIS Mercado Municipal de Ponte deume



ANEXO II





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

UBICACIÓN POSTOS SOPORTAIS - MEDIDAS COVID-19

Mercado Municipal de Ponte deume



ANEXO III

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE VENDA DIRECTA DE PRODUTOS PRIMARIOS POLOS/AS PRODUTORES Á PERSOA CONSUMIDORA FINAL UBICADOS NAS INSTALACIÓNS DO MERCADO MUNICIPAL

INTERESADO/A					
Nome e apelidos ou Razón Social					
DNI/CIF					
Enderezo a efectos de notificacións: Rúa/ Avda./ Praza/ Lugar		Núm	Escaleira	Andar	Porta
CP	Concello	Provincia			
Teléfono	Fax	Correo electrónico			
REPRESENTANTE					
Nome e apelidos					
DNI/CIF					
Enderezo a efectos de notificacións: Rúa/ Avda./ Praza/ Lugar		Núm	Escaleira	Andar	Porta
CP	Concello	Provincia			
Teléfono	Fax	Correo electrónico			





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

EXPOÑO

Que de conformidade coa normativa recollida no Regulamento do Mercado Municipal de Pontedeume respecto á venda de produtos primarios polos/as produtores/as á persoa consumidora ubicados nas instalacións do Mercado Municipal

- *Que cumpro os requisitos legais e regulamentariamente establecidos.*
- *Estou en posesión da documentación que así o acredite.*
- *Mantereirei o seu cumprimento durante o prazo de vixencia da autorización.*
- *Estar ao día no pagamento de débedas coa Axencia Tributaria estatal e autonómica, a Seguridade Social e o Concello de Pontedeume*
- *Cumprireirei as condicións hixiénico-sanitarias previstas na normativa de aplicación extremando a limpeza na zona de venda.*
- *Cumprireirei as datas e horarios establecidos no mencionado Regulamento do Mercado Municipal.*
- *Respectarei o lugar asignado para a actividade de venda.*
- *Darei cumprimento aos deberes que a normativa aplicable esixe.*
- *Cumpro co abono da taxa correspondente, segundo a ordenanza fiscal en vigor.*

O que asino de xeito responsable.

Pontedeume. de de

Asdo. O interesado

Asdo. O representante

SR ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME

TERCEIRO.- Someter dita modificación a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días, para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Simultaneamente, publicar o texto da modificación da Ordenanza municipal no portal web do Concello de Pontedeume co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

CUARTO.- Solicitar directamente a opinión das organizacións ou asociacións recoñecidas por lei que agrupen ou representen ás persoas cuxos dereitos ou intereses lexítimos véñense afectados pola norma e cuxos fins garden relación directa co seu obxecto.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

QUINTO.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

No entanto, o Pleno adoptará o acordo que considere máis oportuno".

A presidencia abre a quenda para o debate

...//...

Sen máis intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, **POR MAIORÍA DE CINCO VOTOS A FAVOR (5)**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (5), D. José Simoes Couceiro, D^a M.^a Rosario Huertas Garabana, D^a. Alejandra Bellón Tenreiro, D. Daniel Ríos Fernández, e D^a Manuela García Fachal; e **DÚAS ABSTENCIÓNS (2)** do concelleiro do grupo municipal do BNG (1) D. Manuel Aaron Curbeira Martínez e do concelleiro do grupo municipal do PP (1), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro».

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra **don Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do grupo municipal do BNG** para preguntar canto tempo pasará para que se poda licitar a cafetaría do mercado.

Pregunta o **Sr. Curbeira** por que no se modifica a disposición transitoria primeira que fai relación a crise sanitaria do COVID-19.

Se indica que hai que publicar o acordo e paralelamente vaise a ir tramitando o expediente pero non se pode aprobar ata que o acordo entre en vigor, indica que non é necesario que volva a pleno senón se presentan alegacións e que non se tocou nada máis que os puntos indicados e que as disposicións transitorias deixan de ter efectividade no momento en que transcorre o período no que se aplica.

Sen máis intervencións sométese a votación o ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno, quedando **ADOPTADO** por **POR MAIORÍA DE NOVE VOTOS A FAVOR (9)**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (7), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D^a M.^a Rosario Huertas Garabana, D^a. Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D^a Ángela Piñeiro Carrera e D^a Manuela García Fachal; do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D^a Montserrat Pico Rodeiro; e **UNHA ABSTENCIÓNS (1)** do concelleiro do grupo municipal do BNG (1), D. Manuel Aaron Curbeira Martínez, o **ACORDO seguinte**:

PRIMEIRO. - Proponse a modificación dos artigos 19 e 21 do actual Regulamento do Mercado Municipal de Ponte deume, nos seguintes termos:

- **Artigo 19.- Procedemento de selección dos concesionarios**





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Modificar os cadros do apartado A. Criterios cuantificables automaticamente, do artigo 19.4, do “Regulamento do Mercado Municipal de Ponte deume” introducindo o posto nº 1, conforme ao seguinte:

A. Criterios cuantificables automaticamente

— Maior canon ofrecido: Ata un máximo de 60 puntos.

Nº LOCAL (E ASIGNADO)	ALMACÉN	TOTAL M2	CANON MÍNIMO
1		27,62	2.406,04
2		42,10	3.667,43
3		42,19	3.675,27
4		25,25	2.199,59
5		33,55	2.922,62
6		33,22	2.893,87
7		10,33	900,09
8		10,33	900,09
9		26,12	2.275,37
10		25,79	2.246,63
11		16,70	1.454,78
12		10,33	900,09
13		10,33	900,09
14		20,48	2.304,12
15		25,46	2.217,88
16		24,30	2.116,83

Por cada 1,75% que o licitador ofrezca sobre o canon mínimo, outorgarase 1 punto, ata un máximo de 60, conforme ao seguinte:

Nº LOCAL (E ALMACÉN ASIGNADO)	TOTAL M2	Canon mínimo	1 punto	2 puntos	(...)	60 puntos	CANON MÁXIMO TOTAL
1	27,62	2.406,04	42,11	84,21		2.526,60	4.932,64
2	42,10	3.667,43	64,18	128,36		3.850,80	7.518,23
3	42,19	3.675,27	64,32	128,64		3.859,20	7.534,47





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

4	25,25	2.199,59	38,49	76,98		2.309,40	4.508,99
5	33,55	2.922,62	51,15	102,30		3.069	5.991,62
6	33,22	2.893,87	50,64	101,30		3.038,40	5.932,27
7	10,33	900,09	15,75	31,50		945	1.845,09
8	10,33	900,09	15,75	31,50		945	1.845,09
9	26,12	2.275,37	39,82	79,64		2.389,20	4.664,57
10	25,79	2.246,63	39,32	78,64		2.359,20	4.605,83
11	16,70	1.454,78	25,46	50,92		1.527,60	2.982,38
12	10,33	900,09	15,75	31,50		945	1.845,09
13	10,33	900,09	15,75	31,50		945	1.845,09
14	20,48	2.304,12	40,32	80,64		2.419,20	4.723,32
15	25,46	2.217,88	38,81	77,62		2.328,60	4.546,48
16	24,30	2.116,83	37,04	74,08		2.222,40	4.339,23

• Artigo 21.- Traspasos e cesións das concesións administrativas e dos dereitos de uso

Modificar o cadro do artigo 21.4 do Regulamento do Mercado Municipal de Ponte deume”, introducindo o posto nº 1 Gastrobar, conforme ao seguinte:

...//...

A relación de postos cos correspondentes almacéns obxecto de ocupación é a seguinte:

Nº	USO	M2 LOCAL	Nº ALMACÉN	M2 ALMACÉN	M2 TOTAIS
1	GASTROBAR	17,62	1	10	27,62
2	PEIXERÍA	35,24	2	6,86	42,10
3	PEIXERÍA	35,24	3	6,95	42,19
4	PEIXERÍA	17,98	4	7,27	25,25
5	CARNICERÍA	26,93	5	6,62	33,55
6	CARNICERÍA	26,93	6	6,29	33,22
7	PRODUTOS LOCAIS	8,35	0	1,98	10,33
8	PRODUTOS LOCAIS	8,35	0	1,98	10,33
9	FROITERÍA	20,48	9	5,64	26,12





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

10	FLORISTERÍA	20,48	10	5,31	25,79
11	PANADERÍA	16,70			16,70
12	PRODUTOS LOCAIS	8,35	0	1,98	10,33
13	PRODUTOS LOCAIS	8,35	0	1,98	10,33
14	FROITERÍA	20,48	14	5,97	26,45
15	CHACINERÍA	20,48	15	4,98	25,46
16	ALIMENTACIÓN ECOLÓXICA	16,70	16	7,60	24,30

SEGUNDO.- Determinar o contido do texto refundido do Regulamento do Mercado Municipal de Ponte deume, resultante da modificación proposta, segundo se indica:

REGULAMENTO DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME

PREÁMBULO

A apertura do Mercado Municipal de Ponte deume, edificio rehabilitado na súa totalidade, é unha competencia de prestación de servizo público de mercado, de acordo co regulado no artigo 25.2.l da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

O Mercado Municipal de Ponte deume é un punto estratéxico na memoria e difusión dos produtos de proximidade e da gastronomía; é un centro de venda directa ó público, de carácter permanente, a finalidade do cal é:

-Asegurar o abastecemento de artigos da primeira necesidade e favorecer a súa competencia en prezos de competencia e calidade. Tamén forma parte deste servizo a venda dos produtos baixo calquera forma de transformación ou manipulación autorizada, cumprindo tódalas normativas aplicables e especialmente a normativa de seguridade alimentaria, realizada nas mesmas instalacións do mercado e fora deste.

-Ser un equipamento que facilite formas de venda alternativas baseadas na venda personalizada, a calidade do produto e o servizo.

-Canalizar as producións agroalimentarias da bisbarra.

-Formar unha concentración comercial e ser un espazo de especialización que sexa motor da zona comercial que atraia a implantación doutras actividades comerciais ós locais adxacentes.

Entre os obxectivos deste regulamento está establecer un novo marco de relación entre o Concello e os titulares de tódolos puntos de venda e concesionarios do Mercado Municipal para facilitar a xestión deste servizo público en beneficio da poboación consumidora e da sociedade en xeral.

TITULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 1.- Ámbito de aplicación.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O Mercado Municipal de Pontedeume se configura como un ben de dominio público municipal, destinado ó servizo público de abastecemento ou venda de produtos, prioritariamente alimentarios.

O ámbito de aplicación deste Regulamento refírese exclusivamente ó Mercado Municipal de Pontedeume, sendo de carácter obrigatorio para tódolos concesionarios, ocupantes ou persoas que realicen actividades económicas.

Artigo 2.- Definicións.

Os efectos deste Regulamento, os conceptos que se relacionan a continuación terano seguinte nomenclátor:

- a) Lugares de venda: Serán os espazos destinados á venda dentro da totalidade do edificio do mercado municipal.
- b) Concesionarios: Titulares das concesións administrativas dos lugares da venda do mercado, que outorgue o dereito de uso de un lugar de venda.
- c) Os titulares dunha autorización administrativa: Titulares de autorización administrativas que estarán ubicados na parte correspondente aos soportais, o que se denominará paradas ambulantes.
- d) Paradas ambulantes: Aquelas que polo seu carácter eventual estean instaladas en mesas móbiles nos espazos do mercado, que se considere convinte sinalar; estas paradas se dedicarán preferentemente a venda de produtos e excedente da horta das fincas situadas dentro da comarca e zona de influencia.

Artigo 3.- Propiedade.

O inmovible onde se ubica o mercado municipal, ten a condición de ben de dominio público afecto a un servizo público, e en base a isto é inalienable, inembargable e imprescriptible.

Os acredores dos titulares dos dereitos de uso e explotación comercial, se obtivesen o embargo dos dereitos de uso e explotación comercial do negocio que exercen, estarán suxeitos ó pago das exaccións e cotas e o cumprimento das outras obrigas impostas ós titulares.

Artigo 4.- Prohibicións.

Queda totalmente prohibida a actuación de revendedores e de vendedores ambulantes con postos móbiles e desmontables, ou outros de calquera tipo instalados no recinto e arredores dos mercados municipais de abastos, agás dos que teñan concedida autorización municipal, que estarán ubicados nos soportais do inmovible do mercado municipal.

TÍTULO II.- ORGANIZACIÓN.

CAPÍTULO I.- DIRECCIÓN DO MERCADO.

Artigo 5.-A Dirección do Mercado será exercida por unha persoa contratada polo Concello, xa sexa en réxime contratación externa ou en réxime de persoal do Concello de Pontedeume.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Artigo 6.- As súas funcións serán:

- Dirección superior do Mercado de Pontedeume.
- A responsabilidade da xestión da promoción e dinamización comercial.
- A relación cos concesionarios e coa agrupación de concesionarios.
- As actuacións de mellora en xeral da marca e do espazo do Mercado de Pontedeume. O exercicio destas funcións requirirán unha dedicación e presenza efectiva plena no edificio do Mercado Municipal.

CAPÍTULO II.- AGRUPACIÓN DE CONCESIONARIOS DO MERCADO MUNICIPAL.

Artigo 7.- Agrupación de Concesionarios do Mercado Municipal.

7.1.- Tódolos concesionarios, pola súa condición, poderán ser membros da Agrupación de concesionarios do Mercado Municipal, con tódolos seus dereitos e obrigas inherentes á condición de membro, entre eles, contribuír economicamente ao seu mantemento, segundo as taxas que se aproben anualmente en Asemblea Xeral.

7.2.- Esta Agrupación de concesionarios, terá natureza xurídico-privada e rexese pola normativa de asociacións. Será a interlocutora co Concello de Pontedeume, e participará activamente na organización, o funcionamento e control do mercado municipal e para a mellor solución dos seus problemas.

7.3.- A Agrupación de concesionarios rexerase polos principios democráticos e adoptarán as súas decisións por maioría e elixirán unha Xunta Directiva e un Presidente. Cada concesionario integrante da Asociación será considerado un voto e ós efectos de computar a maioría se consideraran os votos dos asistentes e debidamente representados. Esta Xunta designará as persoas interlocutoras validas co Concello.

7.4.- En canto ó resto, a organización e funcionamento será o que libremente decida a mesma organización nos seus Estatutos que terán que ser respectuosos co presente regulamento, e será librado ó Concello unha copia, así como as modificacións que se leven a cabo.

Artigo 8.- Comisión Mixta.

8.1.-Se constituirá unha Comisión Mixta Concello-Agrupación de concesionarios do Mercado Municipal, cunha composición paritaria, que estará formada por un número de seis persoas: tres representantes por cada unha das partes.

8.2.-Esta Comisión terá carácter consultivo e de asesoramento en aqueles temas relacionados coa xestión, funcionamento, organización e posibles problemas do mercado municipal que pola súa importancia requiran dun tratamento específico.

Artigo 9.-

O réxime de reunións e aspectos vinculados á comisión será o que se determine na súa constitución, que se terá que realizar como máximo seis meses despois da aprobación





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

definitiva deste Regulamento mediante o encontro entre os membros designados polo Concello e os representantes que a Agrupación de concesionarios designe a tal efecto.

TÍTULO III.- RÉXIME INTERIOR E FUNCIONAMENTO.

Artigo 10.- Horarios e calendario do Mercado.

10.1.-Coma norma xeral, o Mercado permanecerá aberto ó público diariamente de luns a sábado, no horario comprendido pola mañá entre as oito (8:00 h) e as catorce trinta horas (14:30 h) e pola tarde, os martes e os sábados, en horarios comprendidos entre as 16:30 e as 20:00 horas.

10.2.- O horario de actividade máxima (diferente do comercial ou de apertura ó público) do mercado o regulará de forma específica o Concello, previa consulta á Agrupación de concesionarios do Mercado municipal.

10.3.-Tódalas actividades propias do Mercado, dende carga e descarga interior ata ó acondicionamento das paradas, incluída a propia venta, terán que realizarse dentro do horario de actividade máximo fixado.

10.4.-Os horarios establecidos, poderán ser modificados por razón de interese pública por Decreto de Alcaldía, previa consulta á Agrupación de concesionarios do Mercado municipal; Os novos horarios serán publicados no BOP e na páxina web municipal ao fin de lograr a súa máxima difusión.

10.5.- O edificio do mercado permanecerá cerrado fora do horario de actividade máximo establecido, ademais de tódolos domingos e festivos, sempre que non se aprobará previamente a súa apertura.

Artigo 11.- Normas relativas a carga e descarga.

11.1.-Os horarios de carga e descarga interior e exterior serán fixados polo Concello de Ponte deume, dentro do horario máximo de actividade do mercado, previa consulta á Agrupación de concesionarios.

11.2.-O transporte de mercancías accederá ao edificio do Mercado Municipal, para realizar a carga e descarga, nos lugares habilitados ao efecto.

11.3.-Mentres o Mercado estea aberto ó público, queda prohibido o almacenamento e estacionamento de mercancías e carretas, no lugar de carga e descarga, accesos e corredores e tamén a súa circulación, excepto o tempo indispensable para efectuar os traballos de reposición e sempre que non dificulte o acceso e a compra dos clientes.

11.4.-Fora do horario definido polo servizo municipal responsable da vía pública, non poderá utilizarse a zona exterior do mercado para ocupala con caixas ou outros paquetes, sen autorización municipal expresa. Da mesma maneira, dentro do horario comercial, a non ser que o servizo municipal responsable da vía pública permita acarga e descarga das mercancías, non poderán depositarse caixas ou outros paquetes nas aceiras nin nas portas do mercado.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

11.5.-Poderán colocarse paquetes nos corredores, fora do horario comercial ou de apertura ao público, para proceder ao abastecemento ou recollida das paradas. Non obstante, os paquetes poderán colocarse de forma ordenada e ocupando o mínimo espazo posible, especialmente o redor da zona de venda da froita, peixe e carne.

Non poderá colocarse ningunha caixa apoiada ás portas de entrada do mercado nin a menos de tres metros lineais destas. En todo caso, queda totalmente prohibida a existencia de calquera obstáculo que, xerado pola colocación de paquetes e mercancías nos corredores, impida o libre paso, salvo días especialmente programados polo concello, nos que se celebren eventos que xustifiquen a colocación de elementos decorativos no exterior dos postos

11.6.-Os transportistas serán responsables dos danos que causaren con motivo do transporte e descarga dos xéneros a eles confiados.

Artigo 12.- Aspectos sanitarios e xestión do lixo.

12.1.- A limpeza diaria dos espazos comúns será realizada tódolos días en que o mercado estea aberto ao público, dentro do horario máximo de actividade do mercado. A limpeza dos servizos e corredores efectuarase de forma continuada, de acordo coa planificación que efectúe a Dirección do mercado, para asegurar en todo momento a limpeza, hixiene e salubridade do mercado e as súas instalacións.

12.2.- Os titulares dos postos de venda terán que ter perfectamente limpos, tanto o espazo que ocupan, como a parte de corredor frontal ó mesmo.

12.3.- Os titulares dos postos de venda e servizos, terán que dispoñer de recipientes adecuados para seleccionar e depositar separadamente os residuos xerados pola actividade. Os recipientes terán que baleirarse no espazo habilitado no mercado para o lixo, as veces que sexa necesario. Os lugares de venda destinados a peixe, marisco, carnicerías, froita e verduras e produtos frescos, os recipientes terán que estar tapados para evitar olores.

Artigo 13.- Seguridade alimentaria.

13.1.- O exercicio da actividade da venda de produtos alimentarios, comerciais ou de restauración por parte dos titulares dos postos de venda se practicará conforme á normativa sectorial vixente, á normativa laboral, á de seguridade alimentaria, á de riscos laborais e á de xestión de medio ambiente, vixente en cada momento. O mesmo é de aplicación para a venda de produtos non alimentarios, o almacén, transporte, manipulación e venda dos cales non se terá que xerar ningún prexuízo nin poñer en risco a calidade, salubridade ou imaxe dos artigos alimentarios frescos, conxelados ou transformados postos a venda dentro do recinto do mercado.

13.2.- Queda expresamente prohibido por este Regulamento:

a) A venda de calquera tipo de produto destinado á alimentación sen acreditar a súa orixe e trazabilidade e os demais requisitos que sexan esixibles segundo a lexislación vixente.

b) O desplumado de aves, e outras accións análogas referidas ao procesado de animais e outros produtos nos espazos de venda ou dentro do recinto do Mercado municipal de abastos, incluíndo os espazos comúns deles.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

c) A venda de caza ou mariscos durante épocas de veda, salvo os procedentes de granxa ou acuicultura.

13.3.- Os traballadores dos postos de venda de produtos alimentarios e de restauración tamén están obrigados a cumprir tódalas normas de seguridade alimentaria e laboral.

13.4.- Non se poderá iniciar a venda sen que se houberan colocado en lugar visible e de acordo coas normas reguladoras en cada caso e momento, previamente, os prezos de cada un dos produtos postos á venda.

13.5.- O Mercado Municipal de Pontedeume inclúese dentro da rede de alertas alimentarias do Concello, polo que no caso de que se teña coñecemento oficial dalgunha alerta sanitaria, esta será difundida a través da súa publicación no apartado da páxina web adicado a Mercado Municipal.

Artigo 14.- Instalacións comúns do Concello.

14.1.- Teñen carácter de instalacións comúns con mantemento a cargo do Concello as seguintes:

-Elementos de cerramento das instalacións do mercado municipal.

-Estrutura interior do mercado municipal.

-Conserxería.

-Zona de lactancia.

-Zona de xestión de residuos.

-Postos baleiros sen titular.

-Corredores.

-Baños.

-Accesos.

14.2.- En tódalas instalacións, o Concello deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Prevención de Riscos Laborais. As distintas medidas preventivas que se adopten deberán ser comunicadas convenientemente ás persoas concesionarias.

14.3.- As persoas concesionarias, deberán velar polo axeitado mantemento das instalacións comúns, sendo responsables individualmente dos danos que por uso indebido ou accidentalmente lles puidesen causar, no decurso das súas actividades comerciais.

Artigo 15.- Reformas.

O Concello poderá efectuar as reformas que considere necesarias no mercado municipal, sen que os concesionarios poidan esixir indemnización algunha pola redución de vendas motivadas por tales reformas.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O Concello terá a obriga de comunicar aos concesionarios a data de inicio e a data aproximada de fin de obra. As reformas que leve a cabo o Concello sempre deberán ser planificadas e previstas coa suficiente antelación para prexudicar o mínimo posible ós concesionarios.

Artigo 16.- Imaxe, simboloxía e sinalética.

16.1.- O Concello aprobará a imaxe e simboloxía identificativa para o Mercado Municipal, así como a regulación e directrices para o seu uso e utilización nas diferentes áreas relacionadas co Servizo.

16.2.- As persoas concesionarias estarán obrigadas a adaptar os seus postos ás directrices de imaxe e simboloxía que o Concello determine, sen prexuízo de que o Concello, para levar a cabo os cambios ou adaptacións dispostos neste Regulamento poderá aplicar a estes procesos subvención propias, ou axudas procedentes doutras Administracións.

16.3.- O Concello será responsable da instalación de sinalética que corresponda, nos espazos comúns establecidos neste Regulamento.

16.4.- A denominación dos postos fixos estará integrada polo número do posto, o nome comercial ou do titular do posto.

TÍTULO IV.- REGULACIÓN DAS CONCESIÓNS ADMINISTRATIVAS .

CAPÍTULO I.- CONDICIÓN DOS CONCESIONARIOS.

Artigo 17.- Capacidade xurídica e de obrar.

Poderán ser titulares das paradas, as persoas naturais ou xurídicas de nacionalidade española, dun outro país da Unión Europea ou dun terceiro país con permiso de residencia e traballo, sempre que teñan plena capacidade xurídica ou do obrar.

Non poderán selo:

-Os comprendidos nalgún dos casos de incapacidade previstos na normativa en materia de contratación pública.

-Aqueles que non reúnan as condicións esixidas neste Regulamento.

-E os reincidentes en faltas de defraudación na venta de artigos, cando a última sanción estivera imposta en menos dun ano antes do anuncio de licitación.

Artigo 18.- Concesións administrativas, licencias e cesións de uso dos lugares destinados a usos comerciais ou de restauración.

18.1.- O obxecto da concesión, da licencia ou a cesión de uso é o dereito a ocupar, con carácter exclusivo, os postos destinados á actividade comercial ou restauración, coa finalidade e obriga respecto aos primeiros, de destinalos a venda na modalidade e os artigos para os cales estea clasificado, dentro da relación dos autorizados e, con carácter exclusivo ou comunitario se é posible os espazos e partes proporcionais dos servizos auxiliares ou comúns do mercado.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

18.2.- As concesións administrativas e outras cesións de uso se adxudicarán mediante un procedemento de licitación que garanta o respecto aos principios de igualdade, de publicidade e concorrência. Isto sen prexuízo do réxime específico das licenzas de uso e ocupación provisional.

18.3.- As concesións administrativas, as licenzas e outras cesións comportan que os concesionarios e os titulares das licenzas asuman a xestión e explotación dos lugares de venda, baixo o seu propio risco, e que aporten os medios persoais, materiais e técnicos necesarios así coma a realización das obras necesarias para adecuar as paradas ou locais comerciais.

Artigo 19.- Procedemento de selección dos concesionarios.

19.1.- O procedemento de selección para outorgar as concesións, así como para cubrir as vacantes farase en réxime de concorrência competitiva, previa convocatoria pública do procedemento aberto correspondente, e coma resultado dun procedemento baseado nos principios de transparencia, concorrência, imparcialidade e publicidade. Os interesados en concorrer a esta convocatoria deberán presentar, ademais da documentación que se lles solicite:

- MEMORIA DE ACTIVIDADE, na que deberán incluírse:

1. Descrición da actividade que se pretende por en marcha.
2. Servizos que o concesionario porá a disposición dos clientes.

-MEMORIA DE OBRAS E EQUIPAMENTOS

1. Descrición das obras que se pretenden realizar e importe total das mesmas.
2. Descrición do mobiliario e maquinaria e o importe total das mesmas e ficha técnica no caso da maquinaria.

-PREZO: mellora á alza do canón de concesión.

19.2.- A estes efectos, o Concello ten que aprobar as bases correspondentes coa suficiente antelación para cada convocatoria de outorgamento de concesións e cesións de uso, e que se inclúan os requisitos e criterios de adxudicación, o canón e as taxas.

19.3.- Considerando a maior profesionalidade e calidade do comercio e a protección das persoas consumidoras, os criterios que se poderán ter en conta para adxudicar as concesións serán, entre outros, os seguintes:

DA ACTIVIDADE QUE SE PRETENDE POR EN MARCHA:

En canto ao produto:

- Que poñan a venda produtos de Galicia.
- Que poñan a venda produtos da comarca.
- Que poñan a venda produtos de elaboración artesanal.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- Que elaboren produtos no propio mercado.
- Que poña á venda produtos ecolóxicos.
- Que realicen degustacións de produto no propio mercado.

En canto aos servizos:

- Que permitan o pago con tarxeta.
- Que fagan entrega a domicilio.
- Que empreguen materiais biodegradables no empaquetado.
- Que estean de alta no SAC (Sistema Arbitral de Consumo).

DAS OBRAS E EQUIPAMENTO PROPOSTO.

En canto as obras e equipamentos:

- O emprego de materiais naturais e propios da zona e acordes coa Memoria decorativa do Mercado de Ponte deume.
- A instalación de maquinaria de baixo consumo.
- Prezo: mellora á alza do canón de concesión.

19.4.- Cando resulte deserta a licitación logo do correspondente procedemento de concorrência competitiva, dun máximo de cinco postos do total dos que se dispón no mercado municipal ou resulte fallida polo incumprimento das obrigas do autorizado, poderá procederse á adxudicación directa polo órgano competente dos postos restantes que non foran adxudicados ata a cobertura da totalidade dos dispoñibles, sempre que o solicitante cumpra con tódolos requisitos establecidos no presente artigo.

Neste suposto cabe que esta adxudicación directa teña lugar a favor dun dos adxudicatarios/as dalgún dos postos xa concedidos, previa autorización expresa do Concello por razóns de interese público en pro da dinamización económica ou comercial; neste caso o número de postos máximos por titular será de dous, tendo preferencia, no caso de empate na puntuación obtida e de ser o caso, a adxudicación ao colindante dun posto previamente adxudicado.

O procedemento para o outorgamento directo iniciárase pola Administración mediante anuncio na páxina web de apertura de prazo para a presentación de ofertas para cobertura das vacantes.

As persoas interesadas disporán do prazo que se determine na convocatoria para presentar a súa solicitude por Rexistro Xeral de entrada, onde conste o nº de posto vacante ao que se pretende acceder, aportando a seguinte documentación:

a) Documentación que acredite a capacidade de obrar do solicitante, e no seu caso, a representación, por calquera modo axeitado en dereito.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

b) Declaración responsable de non estar incurso/a en prohibición de contratar coa administración.

c) Certificado de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias, incluídas as do Concello, e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes

d) Memoria da actividade.

Esta Memoria presentárase en dous subapartados:

Subapartado "A": Memoria da actividade.

Conterá unha memoria de explotación do posto na que o candidato presentará o seu proxecto de actividade do posto de mercado ó que licita. Nesta memoria poden incluírse aspectos relativos á actividade que se pretende por en marcha, tales como:

En referencia ao produto, produtos da bisbarra, ecolóxicos, elaboración artesanal, explicando a trazabilidade e subministradores.

En referencia ao empaquetado: utilización no empaquetado de materiais biodegradables e bolsas reutilizables.

En referencia aos servizos: Forma de pago, entrega a domicilio, estar dados de alta no Servizo de Arbitraje de Consumo (SAC).

Neste apartado poden incluírse medidas medioambientais e medidas referentes á prestación do servizo, atendendo aos criterios de valoración establecidos nos pregos de cláusulas administrativas.

Subapartado "B": Memoria da adecuación do posto: obras a realizar e equipamento.

Conterá unha descrición do acondicionamento do posto facendo referencia entre outros aspectos, ás obras a executar e que materiais se utilizarán nese acondicionamento, así coma tipo de maquinaria atendendo a natureza de actividade a desenrolar incluíndo a ficha técnica da maquinaria

Nesta adecuación do posto de mercado terase que cumprir a normativa de seguridade e saúde e a normativa sanitaria, no que respecta as condicións mínimas das instalacións que se inclúan dentro dos postos (maquinaria, neveiras, frigoríficos) e demais normativa aplicable.

O non cumprimento da normativa aplicable comportará a exclusión no procedemento de licitación.

e) Oferta económica que conterá os seguintes datos:

OPTO AOS POSTOS NÚMERO (indicar por orde de preferencia):

Nº posto:...

PRESENTO A SEGUINTE OFERTA ECONÓMICA:





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Canón mínimo do posto:

Contía na que se incrementa o canón mínimo:

Canón total ofertado:

Para a valoración das proposicións e a determinación da mellor oferta no presente procedemento de adxudicación directa, no caso de que concurran mais dunha oferta sobre o mesmo posto, atenderase a unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo.

A. Criterios cuantificables automaticamente

— Maior canon ofrecido: Ata un máximo de 60 puntos.

Nº LOCAL (E ALMACÉN ASIGNADO)	TOTAL M2	CANON MÍNIMO
1	27,62	2.406,04
2	42,10	3.667,43
3	42,19	3.675,27
4	25,25	2.199,59
5	33,55	2.922,62
6	33,22	2.893,87
7	10,33	900,09
8	10,33	900,09
9	26,12	2.275,37
10	25,79	2.246,63
11	16,70	1.454,78
12	10,33	900,09
13	10,33	900,09
14	20,48	2.304,12
15	25,46	2.217,88
16	24,30	2.116,83

Por cada 1,75% que o licitador ofrezca sobre o canon mínimo, outorgarase 1 punto, ata un máximo de 60, conforme ao seguinte:

Nº LOCAL (E ALMACÉN ASIGNADO)	TOTAL M2	Canon mínimo	1 punto	2 puntos	(...)	60 puntos	CANON MÁXIMO TOTAL
1	27,62	2.406,04	42,11	84,21		2.526,60	4.932,64





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2	42,10	3.667,43	64,18	128,36		3.850,80	7.518,23
3	42,19	3.675,27	64,32	128,64		3.859,20	7.534,47
4	25,25	2.199,59	38,49	76,98		2.309,40	4.508,99
5	33,55	2.922,62	51,15	102,30		3.069	5.991,62
6	33,22	2.893,87	50,64	101,30		3.038,40	5.932,27
7	10,33	900,09	15,75	31,50		945	1.845,09
8	10,33	900,09	15,75	31,50		945	1.845,09
9	26,12	2.275,37	39,82	79,64		2.389,20	4.664,57
10	25,79	2.246,63	39,32	78,64		2.359,20	4.605,83
11	16,70	1.454,78	25,46	50,92		1.527,60	2.982,38
12	10,33	900,09	15,75	31,50		945	1.845,09
13	10,33	900,09	15,75	31,50		945	1.845,09
14	20,48	2.304,12	40,32	80,64		2.419,20	4.723,32
15	25,46	2.217,88	38,81	77,62		2.328,60	4.546,48
16	24,30	2.116,83	37,04	74,08		2.222,40	4.339,23

B. Criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor:

b.1.- Criterios de sostenibilidade, medioambientais e Km 0: ata 20 puntos

Neste apartado se valorará:

-Tipoloxía e porcentaxe de compromiso de utilización de material, tales como bolsas e empaquetado de carácter reutilizable, biodegradable e non contaminantes; este apartado valorarase cunha puntuación máxima de 5 puntos dentro dos 20 puntos.

-Tipoloxía e porcentaxe de inclusión de produtos de produción local, comarcal, ou ecolóxica, explicando a procedencia de ditos produtos, con carta de compromiso con posibles provedores (a trazabilidade dos mesmos); este apartado valorarase cunha puntuación máxima de 10 puntos dentro dos 20 puntos.

-Utilización no acondicionamento (referente a obra) e presentación do posto con materiais sostibles e naturais, así coma da tipoloxía da maquinaria a utilizar(baixo consumo, etc) indicando a tipoloxía dos mesmos; este apartado cunha puntuación máxima de 5 puntos dentro dos 20 puntos deste apartado.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

b.2.- Criterios en relación ao servizo: ata 20 puntos.

Neste apartado se valorarán melloras con respecto á prestación do servizo; cada un dos apartados valorarase ata unha puntuación máxima de 4,00 puntos.

- Prestación do servizo de entrega a domicilio no casco histórico e tempo de posta en marcha do dito servizo e posible compromiso nun futuro de dar o servizo no ámbito territorial municipal de forma coordinada coa agrupación de praceiros.
- Prestación do servizo de utilización das redes sociais na difusión e tempo de posta en marcha deste servizo.
- Estar dado de alta no servizo de arbitrase de consumo (SAC) ou compromiso de levalo a cabo no prazo de seis meses dende a formalización deste contrato.
- Exposición de venda de produtos, que comporta un boceto da distribución dos diferentes elementos que estean presentes no posto: cámaras, estantería, etc.
- Outras melloras (especificar nas ofertas): servizo TPV, etc.

Neste caso poderán presentarse tantas ofertas como postos vacantes por calquera licitador, debendo indicar a orde de preferencia dos postos aos que accede, xa que en ningún caso se poderán adxudicar máis de dous postos a un mesmo titular.

Quedará acreditado o pagamento do canon, a garantía por importe do 5 % do prezo de adxudicación. Esta última poderá depositarse mediante aval bancario e constituirase de conformidade co preceptuado no Capítulo I do Título IV do Libro I da LCSP e en calquera das formas que se establecen no artigo 108.1 LCSP. Se se constitúe en metálico ingresase o seu importe na conta corrente do Concello, facendo constar no concepto "garantía definitiva pola adxudicación da concesión demanial por un prazo de quince anos do posto nº ... do Mercado Municipal do Concello de Ponte deume", posteriormente acudirase á Tesourería Municipal quen expedirá carta de pago que é o documento a presentar coma acreditativo da constitución. En todo caso, a garantía definitiva responderá do conceptos a que se refire o artigo 110 LCSP, xunto coa seguinte documentación:

- A. Alta no imposto de actividades económicas como obrigado tributario.
- B. Alta coma autónomo na Seguridade Social, no caso de persoas físicas e coma empresa co obxecto social adecuado no caso de persoas xurídicas.
- C. O contrato e abono da prima anual da póliza de seguro sobre danos nos bens do posto e da responsabilidade civil sobre a actividade a desenvolver.
- D. N.º de código de conta cliente (CCC) para o cobro dos recibos correspondentes: certificado bancario

Recibida a documentación solicitada, o Alcalde-Presidente adxudicará a concesión de forma motivada que será obxecto de publicación no perfil do contratante do concello a efectos de





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

publicidade a transparencia. A formalización do contrato efectuarase non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se realice a notificación da adxudicación.

No caso de optar adicionalmente pola elevación a escritura pública ante Notario, no seu caso, será asumido o custo polo concesionario/a.

O adxudicatario deberá aboar os gastos correspondentes ao orzamento das obras que deben executarse, así como os honorarios de redacción do proxecto, no seu caso.

Artigo 20.- Prazo das concesións.

O prazo de duración da concesión administrativa será o determinado no prego de administrativas. O dito prazo se contará a partir do día da formalización escrita do documento concesional.

Artigo 21.- Traspasos e cesións das concesións administrativas e dos dereitos de uso.

21.1.-As concesións son transmisibles "inter vivos" e "mortis causa", polo tempo que quede de finalización, de acordo co que dispoñen os artigos seguintes e previa autorización.

O traspaso e cesión destes dereitos suporá a subrogación das persoas adquirentes en cantos dereitos e obrigas sexan inherentes á concesión administrativa. A persoa adquirente terá que continuar coa mesma actividade comercial que o seu antecesor, excepto autorización deste Concello.

A transmisión da concesión "inter vivos" poderase facer a favor das persoas de segundo grado de consanguinidade ou primeiro de afinidade, que deberán cumprir as condicións requiridas para ser concesionario ou concesionaria de posto fixo; neste suposto a transmisión poderá efectuarse de forma directa, sen prexuízo que teñan que cumprirse igualmente os requisitos previstos para o exercicio da actividade de venda.

A transmisión neste caso requirirá presentación de solicitude ao Concello; nesta solicitude constará a seguinte documentación:

-Nome e apelidos do transmitinte e adquirente.

-Xustificación da relación de parentesco.

-Declaración responsable do adquirente que reúne tódalas condicións necesarias para poder exercer a actividade no mercado.

-Declaración responsable de estar ao corrente do pagamento de débedas coa Axencia Tributaria estatal e autonómica, a Seguridade Social e o Concello de Ponte deume.

Unha vez verificada a documentación aportada polos Departamentos correspondentes do Concello, se procederá a ditar resolución polo órgano competente.

21.2.- En caso de falecemento do/a titular, a concesión pasará a nome do seu legal sucesor. O herdeiro legal, dentro do prazo máximo dun ano da defunción do causante, solicitará o cambio de titularidade ó seu favor. A estes efectos terá que aportar ao Concello a seguinte documentación:





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- Certificado de defunción do causante.
- Certificado das últimas vontades.
- Escritura da aceptación de herdanza.
- Liquidación do Imposto de sucesións correspondente.
- Declaración responsable do adquirente que reúne tódalas condicións necesarias para poder exercer a actividade no mercado.
- Certificados de estar ao corrente do pagamento de débedas coa Axencia Tributaria estatal e autonómica, a Seguridade Social e o Concello de Ponte deume.

Todo isto, sen prexuízo de que no sucesor concorran os requisitos necesarios para ser titular do posto do mercado municipal.

Se se transmite o posto do mercado en “pro-indiviso” de dúas ou máis persoas, estes terán que determinar e comunicar ao Concello cal deles, sucederá na titularidade dos citados postos de venta. De non facelo no prazo sinalado, se declarará caducada a concesión.

21.3.- Os postos de venta que queden vacantes pasarán novamente a posesión do Concello e serán obxecto de nova adxudicación mediante os procedementos establecidos no presente Regulamento.

21.4.- Ademáis dos supostos de transmisión da concesión indicados, poderase solicitar polos concesionarios/as con título xa concedido sobre un posto no Mercado municipal a permuta por outros de igual natureza.

A permuta só poderá ser concedida sobre postos que logo da finalización do correspondente procedemento de concorrência competitiva resultaren desertos e en consecuencia se atopen vacantes, ou no seu caso por postos previamente autorizados a outro concesionario con solicitude conxunta de ambos permutantes.

A mesma natureza entre ambos postos requirirá, que exista identidade nos metros cadrados totais dos postos a permutar e identidade de usos preestablecidos para cada un dos postos do Mercado municipal obxecto da permuta. Así a estes efectos terase en conta o seguinte:

A relación de postos cos correspondentes almacéns obxecto de ocupación é a seguinte:

Nº	USO	M2 LOCAL	Nº ALMACÉN	M2 ALMACÉN	M2 TOTAIS
1	GASTROBAR	17,62	1	10	27,62
2	PEIXERÍA	35,24	2	6,86	42,10
3	PEIXERÍA	35,24	3	6,95	42,19
4	PEIXERÍA	17,98	4	7,27	25,25
5	CARNICERÍA	26,93	5	6,62	33,55
6	CARNICERÍA	26,93	6	6,29	33,22
7	PRODUTOS LOCAIS	8,35	0	1,98	10,33
8	PRODUTOS LOCAIS	8,35	0	1,98	10,33
9	FROITERÍA	20,48	9	5,64	26,12





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

10	FLORISTERÍA	20,48	10	5,31	25,79
11	PANADERÍA	16,70			16,70
12	PRODUTOS LOCAIS	8,35	0	1,98	10,33
13	PRODUTOS LOCAIS	8,35	0	1,98	10,33
14	FROITERÍA	20,48	14	5,97	26,45
15	CHACINERÍA	20,48	15	4,98	25,46
16	ALIMENTACIÓN ECOLÓXICA	16,70	16	7,60	24,30

A concesión da permuta requirirá a presentación de solicitude ao Concello por Rexistro de Entrada municipal acompañada da seguinte documentación:

-Nome e apelidos do solicitante ou solicitantes no caso de permuta entres postos adxudicados previamente.

- Título da concesión orixinal sobre o posto a permutar.

-Declaración responsable do adquirente que reúne tódalas condicións necesarias para poder exercer a actividade no mercado.

-Certificados de estar ao corrente do pagamento de débedas coa Axencia Tributaria estatal e autonómica, a Seguridade Social e o Concello de Ponte deume.

-Xustificante de abono da taxa correspondente, segundo a ordenanza fiscal en vigor.

Unha vez verificada a documentación aportada polos departamentos municipais correspondentes, procederase a ditar resolución polo órgano competente. Terase en conta ao efecto o mesmo límite máximo de postos por concesionario previsto no artigo 19, xa que en ningún caso se adxudicarán máis de dous postos a un mesmo titular.

Cando existan dúas solicitudes de permuta sobre postos sen adxudicar, que sexan plantexadas de forma simultánea pendentes de resolver, terá preferencia no seu outorgamento o concesionario colindante ao posto a permutar.

O prazo de duración da concesión administrativa no caso de permuta será o que reste para a finalización da previamente concedida.

21.5.- Calquera transmisión efectuada sen seguir os requirimentos deste artigo se entenderá como nula e comportará a extinción da concesión sen dereito a indemnización.

22.- Extinción das concesións.

22.1.- As concesións e dereitos de uso extinguíranse por calquera das causas establecidas na lexislación vixente, e ademais:

a.-Renuncia expresa e escrita do titular presentada no Rexistro Xeral de Concello.

b.-Defunción do titular, a excepción do artigo 21.3.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

c.-Cesión ou transmisión sen contar coa preceptiva autorización ou sen cumprir cos trámites e requisitos establecidos no presente Regulamento.

d.-Falta de pago das taxas, impostos, cotas e tarifas emitidos, e calquera outro pagamento de carácter obrigatorio, directamente relacionados co Mercado Municipal, durante un prazo de doce meses.

e.-Baixa do titular da concesión ou dereito de uso con imposibilidade de cubrir a súa ausencia, por un prazo igual ou superior ao ano, e sen cubrila.

f.-Sanción firme en aplicación do réxime disciplinario e sancionador establecido neste regulamento.

22.2.- Os titulares das concesións e dereitos de uso, unha vez finalizado o prazo da concesión, terán que deixar os postos a disposición do Concello.

22.3.- Extinguida a concesión ou dereito de usos por calquera das causas legalmente previstas, a persoa concesionaria terá que reintegrar o obxecto da concesión ou dereito de uso en perfecto estado, sen que teña dereito a indemnización, excepto no caso de que sexa por supresión do servizo por parte do Concello.

22.4.- As instalación, obras e melloras realizadas na concesión ou dereito de uso reverterán en beneficio do Concello; Quedarán no dominio da persoa concesionaria tódolos bens que poida retirar sen menoscabar o ben inmovible obxecto da concesión.

22.5.- A extinción da concesión acreditarase mediante a instrución do expediente correspondente na resolución do cal, a máis de declarar extinguida a concesión, se procederá a declaración de vacante da mesma.

22.6.- No caso de renuncia voluntaria do concesionario, o Concello recuperará a plena dispoñibilidade da concesión, e dende o mesmo momento da renuncia voluntaria, o concesionario deixará de reportar ingresos de ningunha clase a favor do Concello con motivo da concesión renunciada; Todo isto, sen prexuízo das débedas que teña o concesionario co Concello as cales non se verán afectadas por a dita renuncia.

22.7.- A renuncia non dará dereito a devolución nin a indemnización de ningunha clase.

22.8.- No suposto que o Concello, atendendo a circunstancias sobrevidas e por razóns de interese público, resolva as concesións antes do vencemento do prazo, se dará audiencia á persoa interesada, e se cabe, se lle indemnizará polo danos e prexuízos que se ocasionen, de acordo coa normativa vixente.

TÍTULO V.- DEREITOS E DEBERES.

Artigo 23.- Dereitos dos/as concesionarios/as:

Os/as concesionarios/as de postos no mercado terán os seguintes dereitos:

1. Utilizar de forma privativa o espazo físico que constitúe o posto nos termos e condicións que se establecen na concesión.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2. Utilizar os locais, instalacións, servizos e elementos do mercado destinados ao uso xeral, nas condicións regulamentarias.
3. Entrar no mercado antes de abrir ao público para preparar a mercadoría, dando todo tipo de facilidades para que se realice a inspección sanitaria ao efecto que esteanas mellores condicións.
4. Instalar nos respectivos postos os elementos necesarios para o exercicio da correspondente actividade mercantil, previa autorización da dirección do mercado.
5. En xeral, a todos os dereitos derivados da normativa reguladora.

Artigo 24.- Deberes dos/as concesionarios/as:

Terán os concesionarios de postos as seguintes obrigas de carácter esencial:

- 1.-Entregar ao comprador os produtos polo prezo anunciado e o peso íntegro, sen que inclúa nela o papel de envolver, que en todos os casos será gratuíto para o comprador.
- 2.-Estar en posesión do certificado de manipulador, tanto o titular coma as demais persoas que traballen no posto. O dito documento deberá ser mostrado, tantas veces se requira para isto.
- 3.-Comunicar, por escrito, ao Concello, as altas e baixas das persoas que traballen no posto, debendo facelo no prazo de quince días a partir do seguinte ó que se produza as citadas situacións.
- 4.-Expor os prezos de venda ao público de todos os xéneros que comercializan, en lugar visible e claro, de xeito que poidan ser apreciados polos consumidores con claridade total.
- 5.-Manter o posto aberto ao público durante o horario de apertura venda ao público, salvo causa xustificada. Do mesmo xeito, o posto pecharase diariamente ó finalizar o calendario antes mencionado, adoptando tantas precaucións como sexa necesario para evitar posibles sinistros.
- 6.-Manter os postos, así como outras instalacións, en bo estado, coidando que estean limpos, libres de residuos e en condicións hixiénico-sanitarias perfectas, depositar lixo e desperdicios nos lugares indicados para tal fin.
- 7.-Usar instrumentos de pexase e medición axustados aos modelos autorizados, estando facultado o Concello, mediante o persoal ao seu cargo, verificar a exactitude dos mesmos.
- 8.- Vestir de xeito axeitado e aseadamente a roupa adecuada. No que se refire a vestimenta aprobárase por parte do Concello un manual identificativo da vestimenta.
- 9.- Non sacrificar no mercado os animais destinados á venda, nin tampouco realizaras operacións de desplumaxe, despelexado ou similares.
- 10.- Non negarse a vender os produtos expostos para a súa comercialización.
- 11.- Aboar o importe dos danos e perdas que o propietario, os familiares ou as persoas dependentes dos mesmos, causaren aos bens suxeitos á autorización, ás instalacións ou no Edificio do Mercado.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

12.- Xustificar, cando sexan requiridos, o pago de impostos e exencións municipais por razón do exercicio do comercio no postos ocupados.

13.- Non colocar paquetes nin caixas de produtos nos corredores fora do horario habilitado para ilo; non se poderá depositar mercancías fora do espazo do posto en base ao cal concedeuse a autorización.

14.- Estar en posesión do libro de queixas/reclamacións, así como do cartel anunciador de estar en posesión do mesmo, atendendo a normativa de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias.

15.- Atender ao seu cargo os gastos de electricidade, de consumo de auga e de servizos de comunicación producidos polos usos particulares nos postos que ocupen de acordo cos contadores instalados.

16.- Satisfacer o canón correspondente ó posto adxudicado de acordo co prego de cláusulas que rexe a concesión.

17.- Realizar pola súa conta e cargo as obras que o Concello estime necesarias para que os postos se atopen en todo momento en perfecto estado de conservación, previa autorización do Concello.

18.- Cada titular obrígase a contratar, pola súa conta, os seguros necesarios para cubrir os riscos que poidan producirse durante o exercicio da súa actividade.

19.- Cada titular terá que ter vixentes, en todo momento, tódalas licenzas e autorizacións administrativas necesarias para o exercicio da súa actividade.

20.- Dispor e executar un plan de desinfección e desratización do seu posto de traballo.

21.- Deberán cumprir a normativa vixente en materia de xestión de residuos e realizar contratación externa dun xestor autorizado se procede.

TÍTULO VI.- INFRACCIÓN E SANCIÓN.

Artigo 25.- Os/as concesionarios/as dos postos serán responsables das infraccións ás disposicións deste Regulamento, que cometan eles mesmos ou outras persoas que presten servizos nos postos que teñen adxudicados.

Artigo 26.- Clasificacións das infraccións:

As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

1.- Consideraranse infraccións leves:

a) A falta de limpeza dos postos e do entorno dos mesmos.

b) A falta de aseo das persoas que realicen as tarefas de venda nos postos.

c) A falta da consideración debida aos compradores.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- d) O peche non autorizado do posto, sen causa xustificada, durante un prazo de máis de cinco días.
- e) O incumprimento do horario establecido.
- f) Non ter exposta ao público, en lugar visible, a placa ou título administrativo identificativo e os prezos de venda das mercancías.
- g) O descoido no aseo persoal das persoas titulares ou os seus colaboradores.
- h) A inobservancia non reiterada das instrucións da Dirección do Mercado e demais persoal que desenvolva as súas funcións nos Mercado en aplicación deste Regulamento.
- i) Non ter, a disposición dos consumidores e usuarios, as follas de queixas e reclamacións das persoas consumidoras e usuarias en Galicia, así como o cartel informativo respecto diso.
- j) Calquera infracción deste Regulamento que non estea tipificada como falta grave ou moi grave.

2.- Consideraranse infraccións graves:

- a) A reincidencia. Entenderase que existe reincidencia cando o infractor sexa sancionado por resolución firme por máis dunha infracción leve no prazo dun ano.
- b) A desobediencia, clara e ostensible, aos requirimentos da Dirección do Mercado.
- c) Todo incumprimento das obrigacións sanitarias e comerciais previstas na lexislación vixente e neste Regulamento.
- d) As ofensas, de palabra ou de obra, as persoas que se atopen no mercado, ben sexan público ou funcionarios ou empregados municipais.
- e) Non ter dados de alta na Seguridade Social ao persoal empregado que atende os postos.
- f) Os altercados que produzan escándalo dentro do Mercado ou das súas inmediacións, con resultados de lesións ou danos.
- g) Causar negligentemente danos ao edificio, postos e instalacións.
- h) O uso indebido ou sen autorización de bens ou servizos xerais.
- i) As defraudacións na cantidade ou calidade dos xéneros vendidos.
- j) O cambio de uso ou actividade comercial do posto sen autorización municipal.
- K) O cerre dos postos por máis de cinco días e menos de quince, sen a correspondente autorización municipal nin causa que o xustifique.
- l) A modificación da estrutura e instalacións dos postos sen autorización municipal, así como o cambio de uso ou actividade comercial do posto sen a mesma autorización.

3. Consideraranse infraccións moi graves:





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- a) A reincidencia. Entenderase que existe reincidencia cando o infractor sexa sancionado por resolución firme por máis dunha infracción grave no prazo dun ano.
- b) O destino do posto a almacén.
- c) A cesión do posto a un terceiro sen a observancia dos requisitos esixidos ao efecto no presente Regulamento.
- d) A resistencia, coacción ou ameaza á autoridade municipal, funcionarios e empregados municipais afectos aos Mercados, no desempeño das súas funcións.
- e) Causar dolosa e neglixentemente danos ao edificio, postos ou instalacións do mercado.
- f) A atención dos postos por persoas distintas do titular da licenza, familiar ou empregado autorizado.
- g) O peche, non xustificado e sen previa autorización municipal, do posto por máis de quince días consecutivos ou máis de trinta días alternos durante tres meses, salvo autorización municipal expresa.
- h) O impago do canon e as taxas da concesión.

Artigo 27.- Clasificación das sancións:

27.1.-As infraccións poderán ser sancionadas como segue:

- a) As leves con apercibimento ou multa de ata 750 euros.
- b) As graves con apercibimento e multa de 751 ata 1500 euros.
- c) As moi graves con extinción da concesión e multa de 1501 ata 3000 euros.

27.2.-Para a graduación ou cualificación das sancións teranse en conta os seguintes criterios:

- I) A natureza dos prexuízos causados.
- II) O grado de intencionalidade do infractor ou reiteración.
- III) A contía do beneficio obtido.
- IV) A reincidencia, cando non sexa determinante da infracción.
- V) O prazo de tempo durante o que se veu cometendo a infracción.
- VI) O número de consumidores e usuarios afectados.

3. A imposición de sancións requirirá a incorporación do oportuno expediente sancionador atendendo a normativa de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 28.- Prescrición de infraccións:

- a) As leves, aos dous meses.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

b) As graves, ao ano.

c) As moi graves, aos dous anos.

O prazo de prescrición comezará a computarse desde o día que se cometan a infracción ou, no seu caso, desde aquel en que puidese incoarse o procedemento, e de conformidade co previsto na normativa de procedemento administrativo común para o exercicio da potestade sancionadora.

Artigo 29.- Venda directa de produtos primarios polos/as produtores/as á persoa consumidora final ubicados exclusivamente nas instalacións do Mercado municipal

A venda directa de produtos primarios polos/as produtores/as á persoa consumidora ubicados exclusivamente nas instalacións do Mercado municipal se someterán ao seguinte réxime xurídico:

-A venda será autorizada unicamente para os produtos primarios de explotacións acollidas ao réxime de venda directa, debidamente inscritas na sección creada ao efecto (SEVEDI), para o cal estarán inscritos previamente todos os/as solicitantes no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA), e así mesmo, será requirida segundo o caso a previa inscrición no REGASA (Rexistro Galego Sanitario de empresas e establecementos alimentarios), segundo o que ao efecto establece a lexislación autonómica competente.

-A autorización para a instalación destes produtores referirase unicamente ao espazo que existe nos soportais do edificio de Mercado Municipal segundo os planos de distribución que se incorporan como Anexo I ao presente Regulamento, que só salvo circunstancias excepcionais debidamente motivadas poderase ampliar por parte do Concello a outras zonas do entorno do edificio en caso de necesidade debidamente xustificada.

-O Concello poderá modificar as zonas de ubicación e restantes condicións para este tipo de produtores de xeito motivado, dispoñendo a redución do número de puntos de venda, e incluso a súa total supresión, sen que isto dea lugar a indemnización algunha.

-Os postos de venda serán obxecto de sinalización, quedando reflectida a distribución numerada de todos os postos e dita numeración coincidirá coas autorizacións expedidas, que atenderá a distribución incluída no anexo I do presente Regulamento. A venda só poderá realizarse no lugar sinalado, limitándose exclusivamente ao espazo que ten autorizado.

O Concello disporá dos espazos temporalmente non ocupados, sen que o espazo reservado poida ser ocupado por outro vendedor sen previa autorización.

Concederanse tantas autorizacións como postos sexan posibles, segundo o Anexo I atendendo á superficie destinada a tal fin na contorna do edificio do Mercado, e o número de autorizacións quedará supeditado ao número de metros dispoñibles en tales espazos.

O número máximo de postos para estes produtos de venda directa será 16, cunhas dimensións máximas de 2 por 1,5 metros por posto.

En ningún caso poderán exhibirse os produtos directamente no solo, debendo cumprir as condicións hixiénico sanitarias previstas na normativa de aplicación, en todo caso ubicando os





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

produtos nas mesas habilitadas, ou en cestas, paxes ou similares. En todo caso o produtor deberá extremar a limpeza na zona de venda. Os produtos deberán estar situados sempre a unha altura mínima do solo de 0,60 m e protexendo as mercadorías das inclemencias metereolóxicas.

As datas e horarios de actividade na zona dos soportais estarán vinculadas aos establecidos no artigo 10 do presente Regulamento do Mercado Municipal de Ponte deume, limitándose esta modalidade de postos unicamente de martes a sábado en horario de mañá.

Horario de inicio: O estipulado no artigo 10 con carácter xeral

Horario de recollida: Unha hora antes do estipulado no artigo 10 con carácter xeral.

A asignación de postos previa solicitude farase en función da rigorosa orde de entrada no Rexistro xeral do concello, con toda a documentación completa e actualizada, logo da súa verificación. Na súa solicitude deberase de indicar a orde de preferencia de ubicación de entre os dispoñibles, así como os días nos que realizará a actividade.

En todo caso, os/as autorizados/as deberán dispor dun receptáculo con tapa pechada dentro do seu posto, para verter os residuos xerados na actividade de comercio dos seus produtos.

Documentación a presentar para a solicitude será a seguinte:

- Nome e apelidos do solicitante, xunto coa descrición da actividade que se pretende levar a cabo baixo esta modalidade, coa indicación da orde de preferencia de ubicación de entre os dispoñibles, así como os días nos que realizará a actividade.
- Documentación acreditativa de cumprimento dos requisitos para poder realizar a venda directa de produtos primarios segundo a lexislación aplicable para cada caso.
- Declaración responsable do adquirente de que reúne tódalas condicións necesarias para poder exercer a actividade nesta modalidade no mercado segundo o indicado no artigo 29 do Regulamento, así como compromiso de dar cumprimento aos deberes que a normativa aplicable esixe para estes supostos, segundo Anexo III.
- Certificados de estar ao corrente do pagamento de débedas coa Axencia Tributaria estatal e autonómica, a Seguridade Social e o Concello de Ponte deume.
- Xustificante de abono da taxa correspondente, segundo a ordenanza fiscal en vigor.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA.

- En tanto que a situación de crise sanitaria vinculada ao COVID-19 se manteña en vigor todos os concesionarios e produtores asumirán as obrigas e compromisos que as limitacións e restricións sanitarias se prevén. Especificamente no caso da modalidade prevista no artigo 29 atenderase ás ubicacións previstas no Anexo II do presente regulamento.

DISPOSICIÓN FINAL





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Unha vez se produza a entrada en vigor deste Regulamento, queda sen efecto o Regulamento do Mercado de Ponte deume, publicado no BOP 202, de 5 de setembro de 1985 e demais normativa.”

ANEXO I

UBICACIÓN POSTOS SOPORTAIS Mercado Municipal de Ponte deume





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ANEXO II

UBICACIÓN POSTOS SOPORTAIS - MEDIDAS COVID-19 Mercado Municipal de Ponte deume



ANEXO III

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE VENDA DIRECTA DE PRODUCTOS PRIMARIOS POLOS/AS PRODUTORES Á PERSOA CONSUMIDORA FINAL UBICADOS NAS INSTALACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL

INTERESADO/A



RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)
CIF P-1507000 F –Nº REELL 01150695
TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 www.pontedeume.gal

Páxina 76 de 106

**CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)**

Nome e apelidos ou Razón Social					
DNI/CIF					
Enderezo a efectos de notificacións: Rúa/ Avda./ Praza/ Lugar		Núm	Escaleira	Andar	Porta
CP		Concello		Provincia	
Teléfono		Fax		Correo electrónico	
REPRESENTANTE					
Nome e apelidos					
DNI/CIF					
Enderezo a efectos de notificacións: Rúa/ Avda./ Praza/ Lugar		Núm	Escaleira	Andar	Porta
CP		Concello		Provincia	
Teléfono		Fax		Correo electrónico	
EXPOÑO					
Que de conformidade coa normativa recollida no Regulamento do Mercado Municipal de Ponte deume respecto á venda de produtos primarios polos/as produtores/as á persoa consumidora ubicados nas instalacións do Mercado Municipal - Que cumpro os requisitos legais e regulamentariamente establecidos. - Estou en posesión da documentación que así o acredite. - Mantereirei o seu cumprimento durante o prazo de vixencia da autorización. - Estar ao día no pagamento de débedas coa Axencia Tributaria estatal e autonómica, a Seguridade Social e o Concello de Ponte deume - Cumprireirei as condicións hixiénico-sanitarias previstas na normativa de aplicación extremado a limpeza na zona de venda. - Cumprireirei as datas e horarios establecidos no mencionado Regulamento do Mercado Municipal. - Respectareirei o lugar asignado para a actividade de venda. - Dareirei cumprimento aos deberes que a normativa aplicable esixe. - Cumpro co abono da taxa correspondente, segundo a ordenanza fiscal en vigor.					





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O que asino de xeito responsable,

Ponte deume, de de

Asdo. O interesado

Asdo. O representante

SR ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME

TERCEIRO.- Someter dita modificación a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días, para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Simultaneamente, publicar o texto da modificación da Ordenanza municipal no portal web do Concello de Ponte deume co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

CUARTO.- Solicitar directamente a opinión das organizacións ou asociacións recoñecidas por lei que agrupen ou representen ás persoas cuxos dereitos ou intereses lexítimos vérense afectados pola norma e cuxos fins garden relación directa co seu obxecto.

QUINTO.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

5.- PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ ADICIONAL 2/2025. 2ª FASE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

A secretaria municipal da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno de día 28.07.2025, que se transcribe a continuación:

«DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: ORDINARIA DE DÍA LUNS 28 DE XULLO DE 2025

EXPDTE: 2025/G012/000014

4. ASUNTOS DE URXENCIA.

A secretaria xeral indica que consta proposta da Alcaldía-Presidencia fóra da orde do día, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ ADICIONAL ADICIONAL 2/2025.2ª FASE " DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Expediente: 2024/A007/000003 - 2025/G006/000199

Logo de ver a circular da Deputación da Coruña de 02.06.2025, documento con rexistro de entrada nº 20250000000985 de 02/06/2025, sobre elaboración do POS + Adicional 2/2025 por maior achega, na que a cantidade que lle corresponde ao Concello de Ponte deume no dito plan adicional é a seguinte:

CONCELLO	REINVESTIMENTO	REPARTO CRITERIOS POS	TOTAL
Ponte deume	61.050,93	173.711,24	234.762,17

Segundo se indica na dita circular, O concello unicamente poderá destinar esta achega provincial asignada no POS+Adicional 2/2025 ao financiamento de investimentos financeiramente sostibles, ben aos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 ou ben a outros novos investimentos financeiramente sostibles

O POS+ Adicional 2/2025 aprobarase en dúas fases, e o concello poderá participar nunha soa fase ou nas dúas, ata esgotar o importe asignado neste Plan:

Tendo en conta que por Decreto Nº 350/2025 de 20-06-2025 resolvíase, entre outros:
"PRIMEIRO.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 2/2025" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, confirmando a aplicación da achega provincial asignada para o financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que xa tiña incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025, tal e como se indica a continuación:

Investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
MELLORA DA CAPA DE RODAXE DA PISTA A GRAÑA	194.579,12 €				194.579,12 €
TOTAL	194.579,12 €				194.579,12 €





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Achega provincial asignada ao concello no POS+ Adicional 2/2025	234.762,17 €
Achega provincial aplicada na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2025	194.579,12 €
Achega provincial pendente para a 2ª fase do POS+ Adicional 2/2025	40.183,05 €

...//...

Logo de ver o proxecto **“MELLORA DE PISTA EN ALLEGUE”**, redactado polo enxeñeiro de camiños **Pablo Blanco Ferreiro**, asinado dixitalmente o día 26/06/2025, documento con rexistro de entrada n.º 202599900001135 de 26/06/2025, por importe de **40.183,05 €** (33.209,13 € + 6.973,92 € de IVE)

Logo de ver os distintos anexos das bases da convocatoria, que constan no expediente.

Esta Alcaldía propón para o seu ditame pola Comisión informativa a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 2/2025”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes: (Só cando proceda)

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2025, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2025 base ou POS+Adicional 3/2025	

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2025:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 e NON solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2025	Financiamento dos investimentos			
	Concello			Orzament o total
	Deputación	Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello
TOTAL				

Investimentos	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

<i>financeiramente sostibiles novos NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025</i>		<i>Achega municipal</i>	<i>IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)</i>	<i>Total concello</i>	<i>total</i>
MELLORA DE PISTA EN ALLEGUE	40.183,05 €	0 €		0 €	40.183,05 €
TOTAL	40.183,05 €	0 €		0 €	40.183,05 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo de financiamento:

	Concello				
POS+ ADICIONAL 2/2025 2ª FASE	Deputación	Concello	IVE soportado deducible	Total concello	Orzamento Total
Gastos correntes do 2025 distintos dos solicitados no Plan Base (Só cando proceda)					
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 non solicitados na 1ª fase do POS+Adicional 2/2025					
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025					
TOTAL	40.183,05 €			0 €	40.183,05 €

SEGUNDO.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

TERCEIRO.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2025, se a houbera.

CUARTO.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

QUINTO.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

SEXTO.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

SÉTIMO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

No entanto, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno".

A presidencia abre a quenda para o debate.

.../...

Sen máis intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, **POR MAIORÍA DE CINCO VOTOS A FAVOR (5)**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (5), D. José Simoes Couceiro, D^a M.^a Rosario Huertas Garabana, D^a. Alejandra Bellón Tenreiro, D. Daniel Ríos Fernández, e D^a Manuela García Fachal; e **DÚAS ABSTENCIÓNS (2)** do concelleiro do grupo municipal do BNG (1) D. Manuel Aaron Curbeira Martínez e do concelleiro do grupo municipal do PP (1), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro.>>

A presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións sométese a votación o ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno, quedando **ADOPTADO** por **POR MAIORÍA DE NOVE VOTOS A FAVOR (9)**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (7), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D^a M.^a Rosario Huertas Garabana, D^a. Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D^a Ángela Piñeiro Carrera e D^a Manuela García Fachal; do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D^a Montserrat Pico Rodeiro; e **UNHA ABSTENCIÓNS (1)** do concelleiro do grupo municipal do BNG (1), D. Manuel Aaron Curbeira Martínez, o **ACORDO** seguinte:





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

PRIMEIRO.- Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 2/2025”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes: (Só cando proceda)

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2025, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2025 base ou POS+Adicional 3/2025	

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibiles non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2025:

Investimentos financeiramente sostibiles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 e NON solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2025	Financiamento dos investimentos			
	Deputación	Concello		Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello
TOTAL				

Investimentos financeiramente sostibiles novos NON incluídos no Plan Complementario POS+ 2025	Financiamento dos investimentos			
	Deputación	Concello		Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

MELLORA DE PISTA EN ALLEGUE	40.183,05 €	0 €		0 €	40.183,05 €
TOTAL	40.183,05 €	0 €		0 €	40.183,05 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo de financiamento:

Concello					
POS+ ADICIONAL 2/2025 2ª FASE	Deputación	Concello	IVE soportado deducible	Total concello	Orzamento Total
Gastos correntes do 2025 distintos dos solicitados no Plan Base (Só cando proceda)					
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 non solicitados na 1ª fase do POS+Adicional 2/2025					
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025					
TOTAL	40.183,05 €			0 €	40.183,05 €





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SEGUNDO.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

TERCEIRO.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2025, se a houbera.

CUARTO.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

QUINTO.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

SEXTO.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

SÉTIMO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

6.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG. DEFENSA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Toma a palabra **don Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do grupo municipal do BNG**, que da lectura á moción presentada.

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sistema público de atención á dependencia en Galiza está a sufrir un preocupante proceso de desmantelamento, como vén denunciando insistentemente o BNG no Parlamento galego. Lonxe de garantir os dereitos das persoas dependentes, a política da Xunta de Galiza —baixo o Goberno do Partido Popular— está centrada nun modelo asistencialista e privatizador que empobrece o servizo público e devolve os coidados ao ámbito doméstico, recaendo maioritariamente sobre as mulleres.

Na actualidade, máis de 2.000 persoas en Galiza agardan pola valoración da dependencia, duplicando o tempo que marca a propia Lei de Dependencia. A media de espera sitúase nos 361 días, o que fai de Galiza a cuarta comunidade co maior atraso para acceder ás prestacións.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Ademais, Galiza é o territorio que menos inviste por persoa dependente: 1.317 euros ao ano, fronte aos case 2.000 da media estatal e moi lonxe dos 2.900 euros que inviste o Goberno vasco. Este infra-investimento tradúcese en recortes de servizos esenciais, substituídos por axudas precarias que non garanten o dereito das persoas maiores e dependentes. No primeiro semestre de 2025, o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) perdeu 1.026 persoas usuarias, e os centros de día, case 3.000. Mentres, as axudas asistenciais incrementáronse en máis de 6.000, cunhas cantidades que non superan os 400 euros mensuais, menos da metade do Salario Mínimo Interprofesional.

O recorte orzamentario destinado ao SAF é especialmente grave. Só nos últimos dous meses, a Xunta retirou 17 millóns de euros deste servizo: 12 millóns en xuño e 5 en maio. O SAF está ao bordo do colapso por falta de financiamento, como veñen denunciando os concellos, a FEGAMP e o propio BNG. No último Pleno do Parlamento, o Partido Popular votou en contra da proposta do BNG para elevar o financiamento do SAF até os 20 euros por hora, unha medida fundamental non só para garantir unha atención digna ás persoas usuarias e unhas condicións laborais xustas para as traballadoras, senón tamén para aliviar a carga económica que os concellos están a asumir por unha competencia que lles é impropia e que a Xunta non financia de maneira responsábel nin suficiente.

Por primeira vez, hai máis persoas dependentes en Galiza pagando unha residencia privada que ocupando unha praza pública ou concertada. Máis de 7.400 persoas reciben unha axuda de entre 361 e 420 euros ao mes, mentres o custo medio dunha residencia supera os 2.000 euros. Isto facilita que empresas privadas absorban as axudas públicas e incrementen os prezos, vulnerando un dereito fundamental. O modelo do Partido Popular persegue dous obxectivos: devolver os coidados ao fogar e que os asuman, de novo, as mulleres. Segundo datos da propia Xunta, o 82% das persoas coidadoras no domicilio son mulleres que, en moitos casos, teñen que renunciar á súa vida laboral para atender familiares dependentes.

Fronte a estas políticas regresivas, o BNG reafirma o seu compromiso cun sistema público de coidados que garanta unha vellez digna e os dereitos das persoas dependentes, como parte fundamental do estado do benestar.

Ante esta situación, é imprescindible que o Pleno desta Corporación se posicione en defensa do sistema público de atención á dependencia e esixa á Xunta de Galiza un cambio radical nas súas políticas.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1. Instar á Xunta de Galiza a reverter de maneira inmediata os recortes no orzamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), garantindo un financiamento suficiente para cubrir as necesidades das persoas usuarias e mellorar as condicións laborais das traballadoras, elevando o financiamento por hora até os 20 euros.
2. Esixir á Xunta de Galiza a redución dos tempos de espera para a valoración e acceso ás prestacións de dependencia, garantindo o cumprimento dos prazos legais.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

3. *Reclamar á Xunta de Galiza un incremento substancial do investimento por persoa dependente, até acadar como mínimo a media estatal, co obxectivo de reforzar a rede pública de atención.*
4. *Instar á Xunta de Galiza a abandonar as políticas privatizadoras e asistencialistas, priorizando o reforzo das prazas públicas e concertadas en residencias e centros de día, e garantindo o dereito a unha vellez digna.*
5. *Manifestar o compromiso do Concello de Ponte deume coa defensa do sistema público de atención á dependencia como pilar fundamental do estado do benestar e dereito esencial da cidadanía.*
6. *Dar traslado deste acordo á Consellería de Política Social da Xunta de Galiza, aos grupos parlamentarios do Parlamento galego e á FEGAMP".*

A presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra o **Sr. Presidente** para dicir que é un tema recorrente compartido por moitos dos que están no Pleno tendo en conta a situación económica que deriva nos concellos como consecuencia de asumir os custos dun servizo que non é competencia municipal, xa que o financiamento do servizo é do Estado e da Xunta; que hai unha "guerra" entre eles a ver quen pon máis ou quen pon menos, pero en tanto, os concellos son os que asumen o custo do servizo. Indica que o Concello de Ponte deume asume preto de 700.000 euros; que é un servizo que pasou de 12 a 23 euros por hora; e as achegas da Xunta/Estado pasaron de 9,50 a 12 euros; polo que hai un desfase moi importante. Continúa dicindo que a poboación é cada vez mais lonxeva, con máis necesidade de coidados e a subida dos prezos ten aparelado melloras nas condicións salariais dos traballadores e traballadoras do servizo.

Toma a palabra **dona Montserrat Pico Rodeiro, concelleira do grupo municipal do PP**, para dicir que o seu grupo é consciente do peso económico que require para os concellos estes servizos, pero di que a Xunta non recibe toda a achega económica que o Estado non lle da todos os cartos que lle corresponden. Propón realizar unha emenda á proposta incluíndo o punto seguinte: *"exixir ao goberno de España a cumprir co financiamento do 50 % do servizo e salde a débeda que ten con Galicia na actualidade"*.

Toma a palabra o **Sr. Presidente** para dicir que os datos da Sr. Pico non son veraces, xa que non hai suposta débeda; no ano 2023 o Estado incrementou en 13 millón de euros a achega á Galicia para Lei de dependencia e a autonomía usou so 7 millóns; que non caso de aceptar a emenda proposta habería que pedir que a Xunta de Galicia pague todo o que debe aos Concellos, xa que está poñendo 12,50 e o servizo custa 23,00 euros na actualidade, xa que non so lle debe o Estado á Xunta, o 100% do custo do servizo e competencia estatal e autonómica non dos concellos.

Toma a palabra a sra. Pico para dicirlle ao representante do BNG o sr. Curbeira que a moción presentada non fai ningunha referencia aos cartos que deixa de ingresar a comunidade galega.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Responde o Sr. Curbeira que a competencia é da Xunta de Galicia, que foi o Partido Popular quen retirou os 7 millóns do orzamento xa aprobado.

Intervén o **Sr. Presidente** para indicar que lle parece moi forte pedirlle ao Estado que pague a débeda que ten por non asumir o 50 % do servizo cando a Xunta tampouco asume ese 50% que lle corresponde; di que o Partido Popular pretende culpar ao Estado de cara a dar explicacións aos Concellos porque non recibe o 50% do Estado e por iso non paga o que lle corresponde; pero a realidade é que ela tampouco pon o 50 % do custe do servizo na actualidade. Indica que o custe do servizo é de 23 euros polo que cada parte debería aportar 11,50 euros e sen embargo están aportando entre os dous 12,50 euros.

Logo das deliberacións entre os tres grupos políticos, acordan engadir un novo punto á moción enumerado como 6, quedando finalmente redactada a moción na súa parte resolutiva do seguinte xeito:

*É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes **ACORDOS**:*

- 1. Instar á Xunta de Galiza a reverter de maneira inmediata os recortes no orzamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), garantindo un financiamento suficiente para cubrir as necesidades das persoas usuarias e mellorar as condicións laborais das traballadoras, elevando o financiamento por hora até os 20 euros.*
- 2. Esixir á Xunta de Galiza a redución dos tempos de espera para a valoración e acceso ás prestacións de dependencia, garantindo o cumprimento dos prazos legais.*
- 3. Reclamar á Xunta de Galiza un incremento substancial do investimento por persoa dependente, até acadar como mínimo a media estatal, co obxectivo de reforzar a rede pública de atención.*
- 4. Instar á Xunta de Galiza a abandonar as políticas privatizadoras e asistencialistas, priorizando o reforzo das prazas públicas e concertadas en residencias e centros de día, e garantindo o dereito a unha vellez digna.*
- 5. Manifestar o compromiso do Concello de Pontedeume coa defensa do sistema público de atención á dependencia como pilar fundamental do estado do benestar e dereito esencial da cidadanía.*
- 6. Exixir ás dúas administracións públicas financiadoras do Servizo de Axuda no Fogar a que cumpran o seu compromiso e obriga de financiamento do 50% do custo do servizo, segundo establece a Lei de Dependencia.*
- 7. Dar traslado deste acordo á Consellería de Política Social da Xunta de Galiza, aos grupos parlamentarios do Parlamento galego e á FEGAMP".*





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Rematadas as intervencións toma a palabra dona Alejandra Bellón Tenreiro, concelleira portavoz do grupo municipal do PSdG-PSOE, para manifestar o pésame polo asasinato dunha traballadora do SAF.

Sen intervencións sométese a votación a moción emendada polos tres grupos políticos, quedando **ADOPTADO** por **POR UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes (7 PSOE, 1 BNG e 2 PP), o ACORDO seguinte:

1. Instar á Xunta de Galiza a reverter de maneira inmediata os recortes no orzamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), garantindo un financiamento suficiente para cubrir as necesidades das persoas usuarias e mellorar as condicións laborais das traballadoras, elevando o financiamento por hora até os 20 euros.
2. Esixir á Xunta de Galiza a redución dos tempos de espera para a valoración e acceso ás prestacións de dependencia, garantindo o cumprimento dos prazos legais.
3. Reclamar á Xunta de Galiza un incremento substancial do investimento por persoa dependente, até acadar como mínimo a media estatal, co obxectivo de reforzar a rede pública de atención.
4. Instar á Xunta de Galiza a abandonar as políticas privatizadoras e asistencialistas, priorizando o reforzo das prazas públicas e concertadas en residencias e centros de día, e garantindo o dereito a unha vellez digna.
5. Manifestar o compromiso do Concello de Ponte deume coa defensa do sistema público de atención á dependencia como pilar fundamental do estado do benestar e dereito esencial da cidadanía.
6. Exixir ás dúas administracións públicas financiadoras do Servizo de Axuda no Fogar a que cumpran o seu compromiso e obriga de financiamento do 50% do custo do servizo, segundo establece a Lei de Dependencia.
7. Dar traslado deste acordo á Consellería de Política Social da Xunta de Galiza, aos grupos parlamentarios do Parlamento galego e á FEGAMP.

7.- DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN 185/2025 DE MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE 2025.

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE TOMA DE RAZÓN

DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN 185/2025 DE MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE 2025.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

(Expediente TEdC: 2025/X999/000210)

Visto o sinalado no artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, concretamente nos seus apartados 3 e 5, que sinalan literalmente que:

“(…) 3. Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.

4. Sin perjuicio de su posible presentación y debate en el Pleno de la Corporación local, dicho informe deberá remitirse, en todo caso, a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y, en su respectivo ámbito territorial, a los de las Comunidades Autónomas que, con arreglo a sus respectivos Estatutos de Autonomía, tengan atribuida la tutela financiera de las Entidades locales. Tales órganos podrán igualmente requerir la remisión de los citados informes.

5. La información así obtenida podrá ser utilizada por las Administraciones receptoras para la elaboración de un informe periódico y de carácter público sobre el cumplimiento de los plazos para el pago por parte de las Administraciones Públicas. (...)”

Visto o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade Financeira,

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

ÚNICO.- Dar conta do informe de Intervención de referencia **185/2025**, de asunto: “Comunicación de cumprimento da remisión de información ao Ministerio en relación coa morosidade e período medio de pagamento correspondentes ao **segundo trimestre de 2025**.”

As concelleiras e concelleiros presentes **TOMAN RAZÓN**.

8.- DAR CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL 200/2025 DE REMISIÓN DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO DE HACIENDA (EXECUCIÓN DO 2º TRIMESTRE DE 2025).

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA

REMISIÓN DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO DE HACIENDA. (EXECUCIÓN DO 2º TRIMESTRE DE 2025)

(Expediente TEdC: 2025/X999/000216)





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Visto o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (modificada pola Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro)

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

PRIMEIRO.- Dar conta do informe de Intervención de referencia 200/2025, de asunto: "Comunicación da remisión de información trimestral ao Ministerio de Hacienda", correspondente ao 2º trimestre de 2025".

As concelleiras e concelleiros presentes **TOMAN RAZÓN**.

9.- ASUNTOS DE URXENCIA.

Non se presentaron asuntos de urxencia.

10.- ACTIVIDADES DE CONTROL DE PLENO: MOCIÓN URXENTES.

Non se presentaron mocións urxentes.

11.- ACTIVIDADE DE CONTROL DE PLENO: DAR CONTA RESOLUCIÓN ALCALDÍA PRESIDENCIA.

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DACIÓN DE CONTA

DAR CONTA DAS RESOLUCIÓN ALCALDÍA PRESIDENCIA DITADAS NO PERÍODO DO 20 DE XUÑO DO 2025 AO 24 DE XULLO DE 2025 NA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 31 DE XULLO DE 2025

Expediente TEdC: 2025/G006/0000208

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **352/2025** de 20 de xuño ao **449/2025** de 24 de xullo de 2025, ambos os dous incluídos, os seguintes:





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2025/G003/000390	TESOURARÍA: PADRÓN ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DE BEIRARRÚAS E RESERVA DE APARCAMENTO, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS, EJERCICIO 2025	00352/2025	20-06-2025 12:53
2025/G003/000362	LIQUIDACIÓN DE TRIBUTOS-SEGUROS SOCIAIS MAIO 2025.	00353/2025	23-06-2025 12:36
2025/G003/000399	CONVOCATORIA PRAZAS NOVO INGRESO EIM CHALÉ ROSA 2025/2026	00354/2025	23-06-2025 12:36
2025/G003/000403	DELEGACIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA MANDATO CORPORATIVO 2023-2027. DELEGACIÓN DÍA 25-06-2025	00355/2025	23-06-2025 12:36
2025/G003/000385	CONVOCATORIA SELECCIÓN PERSONAL-PEL CONCELLOS 2025 (4 PEÓNS 6 MESES).	00356/2025	23-06-2025 12:30
2025/G003/000404	SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE DÍA 26 DE XUÑO DE 2025	00357/2025	23-06-2025 14:38
2025/G003/000400	DECRETO CALENDARIO EDM VERÁN 2025	00358/2025	24-06-2025 12:57
2025/G003/000386	SOLICITUDE DE INSCRICIÓN SERVIZO DE CONCILIACIÓN MUNICIPAL RUEIRAS/RUEIROS EN PERÍODOS VACACIONAIS	00359/2025	24-06-2025 14:21
2025/G003/000396	SOLICITUDE SUBVENCIÓN ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN E REXENERACIÓN URBANA NO FONDO DE COOPERACIÓN PARA O APOIO AO FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO. VI438A	00360/2025	24-06-2025 14:21
2025/G003/000409	ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS EDM VERÁN 2025	00361/2025	24-06-2025 14:22
2025/G003/000406	TRAMITACIÓN DECRETO CONJUNTA DE: BAIXAS OFICIO PENDENTES ANO 2021 E DO 2º SEMESTRE ANO 2022	00362/2025	24-06-2025 18:31
2025/G003/000407	TRAMITACIÓN CONJUNTA BAIXAS CADUCIDADE EXPEDIENTES PENDIENTES ANO 2022	00363/2025	24-06-2025 18:31





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2025/G003/000408	TRAMITACIÓN DECRETO BAIXA OFICIO DERIVADO DEL EXPEDIENTE DE CADUCIDADE 2023/H003/000206 A CONSECUENCIA DO INFORME DE POLICÍA PARA BAIXAS DE CADUCIDADE DAS FILLAS MENORES DE IDADE	00364/2025	24-06-2025 18:30
2025/G003/000413	SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DÍA 26 DE XUÑO DE 2025	00365/2025	24-06-2025 18:30
2025/G003/000309	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 1, 2 E 3 DA OBRA: RENOVACIÓN TUBAXES REDE ABASTECIMIENTO AUGA POTABLE EN NOGUEIROSA, MARXE ESQUERDA AC-144. POS+2023	00366/2025	26-06-2025 09:51
2025/G003/000331	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 8 E 9 DA OBRA -MELLORA PAVIMENTOS E SERVIZOS CAMIÑO ESTREITO E MARXE DEREITA DA AVDA. DA CORUÑA-. CONVENIO Nº 44/2022 DEPUTACIÓN DA CORUÑA.	00367/2025	26-06-2025 11:23
2025/G003/000392	SOLICITUDE SUBVENCIÓN DEPUTACIÓN 2025 ENVELLECIMENTO ACTIVO	00368/2025	26-06-2025 14:49
2025/G003/000414	APROBACIÓN PAGO NÓMINA MES XUÑO 2025.	00369/2025	27-06-2025 09:09
2025/G003/000411	INCIDENCIAS MENSUAIS NÓMINA MES XUÑO 2025.	00370/2025	27-06-2025 09:09
2025/G003/000319	APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/7. ENERXÍA ELÉCTRICA.-	00371/2025	27-06-2025 14:45
2025/G003/000320	APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2025/8. RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL. ALCALDÍA.-	00372/2025	27-06-2025 14:45
2025/G003/000397	CONVOCATORIA SELECCIÓN PERSOAL-SALVAMENTO E SOCORRISMO 2025	00373/2025	30-06-2025 10:33
2025/G003/000417	SOLICITUDE DE TARXETA. MLL	00374/2025	30-06-2025 10:33





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2025/G003/000402	APROBACIÓN DOS PADRÓNS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE LIBRE CONCORRENCIA E DEPENDENCIA DO MES DE ABRIL DE 2025	00375/2025	30-06-2025 10:33
2025/G003/000367	PROPOSTA DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DEPENDENCIA DE J.M.F.R., DNI: 76****1P	00376/2025	30-06-2025 10:33
2025/G003/000366	PROPOSTA DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DEPENDENCIA DE C.C.A., DNI: 32****1T	00377/2025	30-06-2025 10:33
2025/G003/000343	APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/9.-	00378/2025	30-06-2025 14:00
2025/G003/000419	NOMEAMENTO INTERVENTOR ACCIDENTAL DE JOSÉ LUIS SANDE VÁZQUEZ O DÍA 03.07.2025.	00379/2025	01-07-2025 14:44
2025/G003/000418	ORDENACIÓN PAGO FACTURAS RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO PLENO RELACIÓN: F/2025/5	00380/2025	01-07-2025 14:44
2025/G003/000425	NOMEAMENTO CANDIDATOS -PEL CONCELLOS 2025.	00381/2025	03-07-2025 11:10
2025/G003/000401	TESOURARÍA: RECURSO REPOSICIÓN ANULACIÓN LIQUIDACIÓN PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO POR RECOLLIDA DE LIXO POR DISTANCIA CONTENEDOR	00382/2025	03-07-2025 13:34
2025/G003/000374	TRAMITACIÓN CONVENIOS-CONVENIO CONCELLO DE ARES, SERVIZO DE URBANISMO.	00383/2025	03-07-2025 14:23
2025/G003/000384	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL MARÍA ROCA VÁZQUEZ	00384/2025	04-07-2025 12:02
2025/G003/000420	TAXA DO CONSORCIO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA	00385/2025	04-07-2025 13:53
2025/G003/000430	DEC. DELG. FUNCIÓN ALCALDÍA. DÍAS 7-8 E 11.07.2025	00386/2025	04-07-2025 13:53





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2025/G003/000412	TESOURARÍA: RECURSO REPOSICIÓN ANULACIÓNS LIQUIDACIÓNS PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO POR RECOLLIDA DE LIXO	386_0/2025	07-07-2025 14:07
2025/G003/000424	EXPEDIENTE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 17, XERACIÓN DE CRÉDITO Nº 11 -PROGRAMA LIMPEZA PRAIAS/2025-.	386_1/2025	08-07-2025 14:20
2025/G003/000441	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 18, TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 4. ÁREA DE GASTO 9.-	386_2/2025	08-07-2025 14:28
2025/G003/000445	SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME DE DÍA 10 DE XULLO DE 2025	00387/2025	09-07-2025 13:13
2025/G003/000443	TRAMITACIÓN CONVENIOS-CONVENIO CONCELLO DE ARES, SERVIZO DE URBANISMO.	00388/2025	09-07-2025 12:19
2025/G003/000429	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DA OBRA "REFORMA INTERIOR E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DE CENTRO SOCIAL EN VIZÚS"	00389/2025	09-07-2025 14:16
2025/G003/000369	SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE LIBRE CONCORRENCIA: O.A.L.G. DNI: 32****9M	00390/2025	11-07-2025 08:38
2025/G003/000444	SOLICITUDE DE INSCRICIÓN EN ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN TALLERES MUNICIPAIS CURSO 2025/2026	00391/2025	11-07-2025 11:02
2025/G003/000446	SOLICITUDE DE INSCRICIÓN EN ACTIVIDADES SERVIZO DE CONCILIACIÓN MUNICIPAL MADRUGADORAS/MADRUGADORES CURSO 2025/2026	00392/2025	11-07-2025 11:02





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2025/G003/000439	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE - DNI 76*****4R	00393/2025	11-07-2025 11:03
2025/G003/000447	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO .	00394/2025	11-07-2025 11:03
2025/G003/000427	TESOURARÍA: RECLAMACIÓN EN RELACIÓN CON DILIXENCIA DE EMBARGO DEL JUZGADO Nº 1 DE ALCALÁ DE HENARES, 28 DEL 11 SOBRE RESOLUCIÓN DE XULLO 2009 RECIBOS DE LIXO	00395/2025	11-07-2025 11:04
2025/G003/000416	DECRETO NOMEAMENTO REPRESENTANTE VI438A	00396/2025	11-07-2025 11:26
2025/G003/000456	DEC. DELG. FUNCIÓN ALCALDÍA. DÍAS DO 14 AO 17 DE XULLO	00397/2025	11-07-2025 19:12
2025/G003/000436	CONVOCATORIA SELECCIÓN PERSONAL-PROPOSTA CHAMAMENTO AUXILIAR POLICÍA LOCAL, MBC	00398/2025	11-07-2025 19:15
2025/G003/000461	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 19, TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 5. ÁREA DE GASTO 3.-	00399/2025	14-07-2025 13:36
2025/G003/000458	EXECUCIÓN DE SENTENZA	00400/2025	14-07-2025 14:00
2025/G003/000460	APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/10.-	00401/2025	15-07-2025 11:13
2025/G003/000450	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO AI 99500000035692	00402/2025	15-07-2025 10:48
2025/G003/000449	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO AI 99500000035751	00403/2025	15-07-2025 10:49
2025/G003/000448	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO AI 99500000035630	00404/2025	15-07-2025 10:29
2025/G003/000433	RELACIÓN DE ALTAS, BAIXAS E MODIFICACIÓNS NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES DURANTE O ÚLTIMO TRIMESTRE DO ANO 2023 , OCTUBRE A DECEMBRO AMBOS INCLUSIVE	00405/2025	15-07-2025 10:30





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2025/G003/000398	SOLICITUDE SUBVENCIÓN AGRUPACIÓN DE CONCELLOS CAMIÑO INGLÉS	00406/2025	15-07-2025 09:51
2025/G003/000428	TRAMITACIÓN CONVENIOS-CONVENIO CONCELLO DE ARES, SERVIZO DE URBANISMO.	00407/2025	15-07-2025 09:41
2025/G003/000435	APROBACIÓN DOS PADRÓNS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE LIBRE CONCORRENCIA E DEPENDENCIA DO MES DE MAIO 2025	00408/2025	15-07-2025 09:42
2025/G003/000387	ADXUDICACIÓN CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DE PRAIAS 2025, FINANCIADO CON CARGO AO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A CONCELLOS PARA LIMPEZA DE PRAIAS MARÍTIMAS NO 2025 DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA	00409/2025	15-07-2025 09:43
2025/G003/000451	ELABORACIÓN DE NÓMINAS- DOCUMENTACIÓN NÓMINA MES XUÑO 2025.	00410/2025	15-07-2025 12:21
2025/G003/000465	SOLICITUDE SUBVENCIÓN PROXECTOS DE PREVENCIÓN CONDUCTAS ADITIVAS 2022-25	00411/2025	15-07-2025 18:47
2025/G003/000468	CONVOCATORIA SELECCIÓN PERSONAL-CONVOCATORIA APROL-RURAL 2025	00412/2025	16-07-2025 12:42
2025/G003/000469	LIQUIDACIÓN DE TRIBUTOS-MODELO 111, IRPF XUÑO 2025	00413/2025	17-07-2025 12:53
2025/G003/000462	PO PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0000152 /2025 / SOBRE ADMON. LOCAL DE D/ÑA: S.L.A. N.I.G: 15030 45 3 2025 0000587	00414/2025	17-07-2025 12:36
2025/G003/000471	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 21, XERACIÓN DE CRÉDITO 13. POS+AD3/2025, REDUCIÓN DÉBEDA.-	00415/2025	17-07-2025 10:17
2025/G003/000470	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 20, XERACIÓN DE CRÉDITO 12. FEIRÓN DO QUEIXO.-	00416/2025	17-07-2025 10:17





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2025/G003/000454	BAIXAS CADUCIDADE NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES DO ANO 2023	00417/2025	17-07-2025 10:20
2025/G003/000453	BAIXAS - OFICIO . INCOACIÓN DE EXPEDIENTES DE BAIXAS DE OFICIO NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES PENDIENTES DO ANO 2023	00418/2025	17-07-2025 10:20
2025/G003/000437	PROPOSTA DE AMPLIACIÓN DE HORAS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DEPENDENCIA A DONA E.A.L., CON DNI 76****2R	00419/2025	17-07-2025 10:29
2025/G003/000466	SOLICITUDE DE AXUDA AO ABEIRO DO DECRETO 99/2012, DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR, POLO QUE SE REGULAN OS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS E O SEU FINANCIAMENTO. PASSCM 2023.	00420/2025	17-07-2025 12:59
2025/G003/000442	TESOURARÍA: PRESENTA ALEGACIÓNS SOLICITANDO A ANULACIÓN DE RECIBOS DE RECOLLIDA DE LIXO DO 2021 POR NON SER O TITULAR DA VIVENDA SITA EN ARBOSA 13 EN DITO ANO	00421/2025	18-07-2025 13:52
2025/G003/000432	TESOURARÍA: SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE VIVENDA	00422/2025	18-07-2025 13:52
2025/G003/000431	TESOURARÍA: SOLICITUDE GENERAL A NOMBRE DE D.T.P. SOLICITA: QUE SE PROCEDA AL CAMBIO DE TITULARIDAD DE LA TASA DE RECOGIDA DE BASURAS DE LA VIVIENDA 3ºB DE LA RÚA PICHÓ, CON FECHA DE EFECTO DE 28/12/2022, Y QUE SE PROCEDA A LA ANULACIÓN	00423/2025	18-07-2025 13:52
2025/G003/000455	TESOURARÍA: SOLICITA DEVOLUCIÓN DE TAXA POR OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA POR NO SER CONCEDIDA AUTORIZACIÓN	00424/2025	18-07-2025 13:52
2025/G003/000467	RELACIÓN DE ALTAS, BAIXAS E MODIFICACIÓNS NO PADRÓN	00425/2025	18-07-2025 13:01





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	MUNICIPAL DE HABITANTES NO PRIMEIRO TRIMESTRE (ENERO A MARZO) ANO 2024		
2025/G003/000473	SOLICITUDE DE VODA PARA O DÍA 21/07/2025 XUNTO CON E.C.V	00426/2025	21-07-2025 10:46
2025/G003/000464	LISTADOS DEFINITIVOS DE ADMITIDAS/OS, RESERVAS DE PRAZA DE ALUMNAS/OS DE ANOS ANTERIORES E OS IMPORTES DAS COTAS E MATRÍCULAS. ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL (EIM) CHALÉ ROSA CURSO 2025/2026	00427/2025	21-07-2025 10:47
2025/G003/000440	CONTRATO PARA A SUBMINISTRACIÓN DUN VEHÍCULO DA POLICÍA LOCAL	00428/2025	21-07-2025 10:44
2025/G003/000463	TESOURARÍA: 2021EXP35037454 PROPOSTA DE BAIXA CONCELLO DE PONTEDEUME RECOLLIDA DE LIXO	00429/2025	21-07-2025 14:59
2025/G003/000395	TESOURARÍA: RECURSO REPOSICIÓN ANULACIÓNS LIQUIDACIÓNS PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO POR RECOLLIDA DE LIXO	00430/2025	21-07-2025 14:59
2025/G003/000360	TESOURARÍA: RECOLLIDA DE LIXO ANULACIÓNS LIQUIDACIÓNS RECOLLIDA DE LIXO ANOS 2021-2022-2023 POR NON HABITABLE EN CONSTRUCCIÓN	00431/2025	21-07-2025 14:59
2025/G003/000359	TESOURARÍA: ANULACIÓNS LIQUIDACIÓNS RECOLLIDA DE LIXO ANOS 2021-2022-2023 POR NON HABITABLE, RUÍNA	00432/2025	21-07-2025 14:59
2025/G003/000364	TESOURARÍA: SOLICITUDE XERAL A NOMBRE DE SOUTO MONTES SL. SOLICITA: QUE OS 18 ESCRITOS QUE SE PRESENTAN NA DOCUMENTACIÓN ADXUNTA PARA CADA UNA DAS LIQUIDACIÓNS, TEÑANSE POR REALIZADAS AS ALEGACIONES OPORTUNAS. RECOLLIDA DE LIXO	00433/2025	21-07-2025 14:59





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2025/G003/000474	DECLARACIÓN DE RUÍNA	00434/2025	21-07-2025 14:59
2025/G003/000351	CONTRATO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO "MELLORA DA CAPA DE RODAXE DA PISTA COVÉS - FIGUEIRIDO E RAMAIS EN O SILVAR (NOGUEIROSA)" POS + AD 2/2024, 1ª FASE.	00435/2025	21-07-2025 18:55
2025/G003/000350	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE	00436/2025	21-07-2025 18:56
2025/G003/000349	APROBACIÓN EXPEDIENTE CONTRATACIÓN	00437/2025	21-07-2025 18:56
2025/G003/000476	CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA CAEF 28.07	00438/2025	22-07-2025 10:54
2025/G003/000475	CONVOCATORIA SELECCIÓN PERSONAL-CONVOCATORIA APROL-RURAL 2025	00439/2025	22-07-2025 11:47
2025/G003/000477	CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA CIAXP 28.07	00440/2025	22-07-2025 13:07
2025/G003/000479	TESOURARÍA: RECTIFICACIÓN ERRO MATERIAL	00441/2025	23-07-2025 11:58
2025/G003/000438	TESOURARÍA: SOLICITUDE ALTA-BAJA-MODIFICACIÓN DE LA TAXA DO LIXO A NOMBRE DE J.A. F.P.	00442/2025	23-07-2025 12:47
2025/G003/000472	TESOURARÍA: ANULACIÓN DAS SIGUIENTES LIQUIDACIÓNS POR RECOLLIDA DE LIXO QUE NON CORRESPONDEN	00443/2025	23-07-2025 12:47
2025/G003/000484	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DÍA 24.07.2025	00444/2025	23-07-2025 12:48
2025/G003/000371	TESOURARÍA: RECOLLIDA LIXO RECURSO REPOSICIÓN ESTIMACIÓN EN CONSTRUCCIÓN SEN ACTIVIDADE	00445/2025	23-07-2025 14:16
2025/G003/000010	ACORDO DE INICIACIÓN DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE DESATENCIÓN A UN REQUIRIMENTO DA ADMINISTRACIÓN	00446/2025	23-07-2025 14:16





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	HIDRÁULICA. VERQUIDO PRAIA DE CENTROÑA.DH.D15.104038		
2025/G003/000480	BASES AXUDAS SOCIAIS PERSOAL LABORAL E FUNCIONARIO, ANOS 2021 E 2022.	00447/2025	23-07-2025 14:17
2025/G003/000482	DELEGACIÓN DE FUNCIONS DE ALCALDÍA PARA CELEBRACIÓN DE VODA CIVIL O DIA 25/07/2025	00448/2025	24-07-2025 12:05
2025/G003/000373	TESOURARÍA: RECOLLIDA LIXO RECURSO REPOSICIÓN ESTIMACIÓN NON HABITABLE FAIADO	00449/2025	24-07-2025 12:05

As concelleiras e concelleiros presentes **TOMAN RAZÓN**.

9.- ACTIVIDADES DE CONTROL DE PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

9.1.- PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.

O grupo municipal do BNG presenta para o pleno de día 31.07.2025 as seguintes preguntas:

Pregunta 1.- CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL. Cantas veces se reuniu o Consello Escolar Municipal no curso 24/25?

Resposta do goberno.- A reunión do Consello escolar municipal para este curso estaba prevista para o derradeiro trimestre deste curso, pero ante a falta de persoal administrativo e o volume de traballo tanto por parte dos centros como dos técnicos do Concello, así como os diferentes cambios na inspección educativa que se levaron a cabo nesas datas, non puido realizarse como tiñamos previsto.

Por este motivo, temos axendado a primeira semana do mes de outubro para a realización do consello escolar municipal do curso 2025-26.

De calquera xeito, o Concello dispón dun grupo de whatsapp entre a concelleira de educación e todos os directores dos centros escolares no que calquera dúbida, acontecemento ou incidencia se pon en común de xeito inmediato.

Polo que para o inicio de curso todas aquelas cuestións que sexan trasladadas e de competencia municipal serán atendidas.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Pregunta 2.- ORDENANZA TERRAZAS. En que estado se atopa a redacción da nova Ordenanza de Terrazas?

Resposta do goberno.- O pasado 10 de xullo os membros do goberno mantiveron unha reunión coa arquitecta municipal o xefe da policía local e o equipo redactor do estudo e proxecto de ordenanza para coñecer o borrador da mesma, analízalo e realizar suxestións. Unha vez estas sexan incorporadas ao documento convocarase ao sector e unha xunta de voceiros para dar a coñecer o documento inicial ou ben analízalo conxuntamente e facer tamén achegas ao mesmo.

Pregunta 3.- FEIRÓN MEDIEVAL DOS ANDRADE. A canto ascendeu o custo do Feirón Medieval deste ano 2025?

Resposta do goberno.- O custe das infraestruturas necesarias que asume o concello, entendendo por infraestruturas enganches de luz, de auga, cubremangueira, vallas, reforzo de limpeza, reforzo policía local, sinalización etc, suma un total de 13900 máis iva. E a produción realización, ensaios, atrezzo e vestimenta, guionización e alugueiro da torre de asedio para a realización da Revolta Irmandiña supón 2892€+iva.

Pregunta 4.- CONDENA ENDESA. En febreiro deste ano ditouse a sentenza na que o TSXG confirma a condena a Endesa polo episodio de contaminación do Río Eume. Segundo os medios a empresa Endesa ia facer un recurso de casación, saben en que situación xudicial se atopa este asunto? De confirmarse a condena o Concello de Ponte deume sería beneficiario dalgunha contía económica polos danos causados?

Resposta do goberno.- A día de hoxe non temos ningunha novidade mais alá da información da que todos dispoñemos. Sobre a posibilidade de que o Concello de Ponte deume poida ser beneficiario dalgunha contía económica dependerá do que se estableza na sentenza unha vez esta sexa firme. En todo caso, dende a Consellería se lle imputou a Endesa na mencionada reclamación o custo de adaptación da planta potabilizadora da nosa vila que rondou o millón e medio de euros.

Pregunta 5.- MESTROSIDERO. O estado que amosa esta árbore senlleira é extremadamente preocupante. Hai meses que advertimos da súa situación. A día de hoxe, que información manexa o concello sobre a súa saúde?

Resposta do goberno.- Meses atrás, cando se detectou o deterioro na árbore, contactouse coa consellería de medio ambiente para solicitar a súa colaboración de cara a identificar as posibles patoloxías que afecta á árbore. Así mesmo contactouse con dúas empresas especializadas así como coa Estación Fitopatoloxía Areeiro, institución dependente da Deputación de Pontevedra e quizais unha das de máis prestixio do noroeste peninsular nesa materia.

Levou a cabo unha primeira actuación de urxencia para mellorar a oxixenación da árbore a espera dos resultados das distintas analíticas realizadas.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Foron levadas a laboratorio mostras de solo dos puntos identificados no bosquejo como 1, 2 e 3, obténdose os seguintes resultados:

1- Na mostra 1 foi detectada a presenza de *Phytophthora citricola*. Trátase dun oomicete polífago que pode afectar a unha gran variedade de plantas hortícolas, froiteiras, ornamentais e forestais. Do mesmo xeito que sucede co resto de especies de *Phytophthora* que afectan ao sistema radicular, o síntoma inicial é a clorose da parte aérea da planta, seguido dun decaemento xeral e morte. Ao inspeccionar o colo e as raíces das plantas afectadas, poden observarse lesións de cor escura na madeira.

2- Na mostra número 2 atopouse *Pythium sp.* Está considerado un patóxeno débil que só afecta a plantas que non se desenvolven en condicións óptimas ou a plantas e tecidos novos, e xeralmente non supón un problema sanitario para plantas adultas.

3- A mostra 3 de solo tamén dou positivo en *Pythium sp.* Ademais, tamén resultou positiva en *Armillaria mellea*, fungo basidiomicete fitopatóxeno causante dunha podremia branca das raíces grosas, de sostén, de todo tipo de plantas leñosas que inicia a súa colonización polo sistema radicular e o colo da planta provocando a súa podremia de xeito que a madeira afectada adquire unha consistencia fibrosa, esponxosa, húmida e con olor a fungo.

Tras isto e a maiores encargouse outra analítica no CIAM da Xunta de Galicia en Mabegondo para descartar a presenza da bacteria *Xylella fastidiosa*.

A día de hoxe, por recomendación dos expertos procedeuse a eliminación do rego por goteo xa que non é necesario e nos vindeiros días será retirada a capa de terra vexetal botada naquel entón.

Retirando proximamente a terra aportada no seu momento vez o chan estea seco procederase por recomendación dos expertos a aplicar unha solución cun fitosanitario biolóxico a base do fungo beneficioso *Trichoderma- Stp* que é un fungo antagonista da *Armillaria Mellea* e doutros patóxenos do solo que competirá polo espazo cos mesmos a vez que producirá sustancias que contribuirán a frear o seu avance.

A maiores procederase tamén a revisar os cables dinámicos instalados no seu día na súa copa.

Pregunta 6.- USO DO GALEGO. A policía local segue utilizar o castelán como única lingua vehicular, incumprindo a legalidade vixente. Cales son as medidas que se están a tomar ou se van tomar para evitar esta ilegalidade?.

Resposta do Goberno.- A partir do mes de setembro, coa incorporación das vacacións da técnico de normalización lingüística, procederanse a revisar os modelos de escritos do departamento de Policía Local para adaptalos ao galego e cumprir coa normativa vixente.

9.2.- ROGOS FORMULADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.

O grupo municipal do BNG non presenta rogos para o pleno de día 31.07.2025.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

9.3.- PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP.

No pleno do mes de xullo, celebrado o día 26.06.2025 o grupo municipal do PP presentou as preguntas fóra de prazo, polo que se indicou que se responderían no pleno seguinte, o do mes de xullo.

Para o pleno do mes de xullo, volveu a presentar as mesmas preguntas engadindo dúas máis, polo que o grupo de goberno deulles resposta conxunta.

Pregunta 1.- ¿Tiene el equipo de gobierno previsto, para la presente legislatura, implementar la retransmisión en directo de las sesiones plenarias, tal como se había comprometido o propuesto previamente, en aras de la transparencia y la participación ciudadana?.

Resposta do Goberno.- Esa actuación está contemplada no proxecto de reforma do concello que foi presentado para unha axuda estatal quedando en lista de agarda. Así mesmo estamos pendentes dunha reunión coa Consellería de Presidencia para tratar a posible colaboración da xunta de Galicia na execución do mencionado proxecto.

Pregunta 2.- ¿Qué fecha estimada tiene el Ayuntamiento para sacar a concurso la gestión de la cafetería del mercado, y cuál es el cronograma previsto para dicho proceso?.

Resposta do Goberno.- Como xa lles transmitiu a secretaría municipal na comisión informativa deste pleno ante esa mesma pregunta, despois da modificación da normativa do mercado que se aprobará neste pleno, procederase á licitación do posto da cafetería. E tal como lles informou a propia secretaria, ese prego está nunha fase moi avanzada de redacción, contando con que poida saír a concurso no outono deste ano.

Pregunta 3.- ¿Cuál fue el gasto total desglosado por parte del Ayuntamiento en la organización y desarrollo del evento 'Fashion Night'?.

Resposta do Goberno.-

Cuñas de radio-151,25€

Aluguer infraestructuras – 6255.7€

Son e iluminación-1663,75€

Total: 8070,7€

Pregunta 4.- ¿Cuál es la fecha definitiva y confirmada de finalización de las obras del puente, y qué acciones se están llevando a cabo para asegurar el cumplimiento de este plazo?.

Resposta do Goberno.- Como xa lles trasladamos en innumerables ocasións as obras da ponte de pedra son executadas por unha empresa contratada polo Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, titular desa infraestrutura pola que discorre a N-651.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Está previsto que os traballos se reinicien tras as Festas das Peras polo que a día de hoxe ningún dos dous concellos afectados dispoñemos dunha data de finalización das mesmas que, como é lóxico, dependerá do avance dos traballos, da climatoloxía, etc.

Pregunta 5.- En relación con la pregunta formulada por el Grupo Municipal del Partido Popular en el pasado Pleno del mes de mayo, sobre la necesidad de dotar a la parroquia de Villar de una pista polideportiva, ¿tiene este equipo de gobierno en contemplación la ejecución de dicho proyecto y, en caso afirmativo, cuál es el plazo estimado para su planificación y comienzo?.

Resposta do Goberno.- Tal e como lles dixemos no mes de maio : “Esa pista a que fan vostedes referencia pechouse hai décadas ante a ausencia dun paso seguro sobre a nacional 651 que posibilitase aos veciños da zona cruzar esa estrada. Na parcela que o concello adquiriu e na que se vai a construír un aparcamento non hai espazo para construír esa dotación á que fan vostedes referencia. Polo que de ser preciso estudaremos outras posibilidades. “ Polo que a día de hoxe estamos a estudar posibles ubicacións, así coma viabilidade técnica e dispoñibilidade.

Pregunta 6.- Después de el problema que se generó por la nueva localización de las atracciones el año pasado en las fiestas ...¿ Qué previsión hay de cara a las fiestas de las Peras de este año en la ordenación y colocación de las atracciones para dar la mayor garantía de seguridad ciudadana?.

Resposta do Goberno.- A ubicación será a mesma, Avda Ricardo Sánchez, e xa dispoñemos da autorización pertinente, posto que a inspección técnica realizada no paseo marítimo non é posible a súa ubicación polas dimensións e peso das atraccións, polo que como única alternativa queda a Avda. de Ricardo Sánchez.

Pregunta 7.-¿Por qué no se está cumpliendo con la recogida de basura en las parroquias(en algunas zonas como la de Andrade)estando hasta 5 días sin vaciar los contenedores?

Resposta do Goberno.- Trátase dun momento puntual como consecuencia dun día festivo e dunha avaría nun dos camiións.

Pregunta 8.-¿Cuál fue el coste para el Ayuntamiento de la estatua de piedra que hace homenaje a las mujeres del mar ?

Resposta do Goberno.- Ese dato xa o teñen vostedes posto que o modificativo de crédito con cargo a o remanente co que se financiou esa obra foi aprobado polo pleno da corporación. O custe da escultura foi de 16478€ , ive incluído.

9.4.- ROGOS FORMULADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP.

O grupo municipal do PP presenta o seguinte rogo para o pleno de día 31.07.2025





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Rogamos la limpieza de los viales y jardines de Boa Vista



REMATE DA SESIÓN

Sen máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente, levanta a sesión, sendo as doce horas e trinta e seis minutos do expresado día.

Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do Presidente e da Secretaria, que dá fe.

DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno celebrada o día 25.09.2025 segundo o borrador asinado o día 19.09.2025. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do alcalde e da secretaria, que dá fe.

